

INDICE MEMORIA XUSTIFICATIVA

0. INTRODUCCIÓN.	2
0.1. Os cambios dimanantes da aprobación da Lei 9/2002 e outras decisións da CPTOPV.	3
0.2. A andaina do Plan dende a presentación do Avance	6
 Anexo á introducción: Informe sobre o Informe previo do Excmo. Sr. Conselleiro de PTOPE e V.	 11
 Anexo II: Informe sobre o Informe do Director Xeral de Urbanismo.	 21
 Anexo II: Informe sobre o Informe da Subdirección Xeral de Estradas.	 24
 1. RISCOS BÁSICOS DUNHA DIAGNOSE. A EXIXENCIA DE REFORMULACIÓN DO MODELO.	 26
 2. COMENENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PXOM.	 32
 3. ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA NO PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN	 35
 4. OBXECTIVOS XERAIS DA ORDENACIÓN.	 57

**0. INTRODUCCIÓN**

**0.1. Os cambios dimanantes da aprobación da Lei 9/2002 e outras decisións da CPTOPV.**

Como é ben sabido, o Parlamento de Galicia aprobou a “*Lei de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia*” (Lei 9/2002, de 30 de decembro, á que no sucesivo denominamos LOUG).

A documentación do PXOM de Brión remitida para informe vinculante do Excmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e vivenda, previo a aprobación definitiva polo Concello, remitiuse para ese fin con anterioridade á aprobación da mentada Lei 9/2002, logo de se ter aprobado inicialmente o día 18 de xullo de 2002.

De conformidade coa disposición transitoria terceira da mesma, o planeamento aprobado inicialmente con anterioridade á aprobación da mentada lei pode –durante o prazo máximo de seis meses- continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva, dacordo co disposto na Lei 1/1997, do solo de Galicia, aínda que o Concello podería ter optado pola adaptación do contido do Plan en tramitación ás disposicións establecidas na Lei 9/2002.

Elexida a primeira opción polo Concello en razón do xa longo tempo transcurrido na tramitación do Plan Xeral de Ordenación municipal, compre, sen embargo, acomodar os contidos deste plan ao establecido na disposición transitoria primeira da Lei 9/2002.

Dado que esa exixencia da D.T. 1ª obrigaba a introducir cambios na Normativa do Plan, nomeadamente no que atinxe ao rexime xurídico do solo de núcleos rurais e do solo rústico, así como tamén na propia consideración obxectiva do solo urbano, cuxa definición no novo corpo legal introduce cambios como o de que os solos deste carácter teñen que, amais de dispor dos servizos básicos requeridos, atoparse inscritos na correspondente malla urbana.

O Concello, logo das reunións que os técnicos da D.X. de Urbanismo mantiveron cos técnicos redactores do Plan Xeral, e por indicación dos mesmos, solicitou a retirada temporal da documentación do dito Plan para a introducción dos cambios necesarios de cara a dar cumprimento ás exixencias das disposicións transitorias da nova lei.

Amáis desa exixencia a retirada veu aconsellada igoalmente por indicación da D.X. de Estradas da mesma Consellería, en razón de que, entre a data do Informe Previo e a

actual procedeuse a adoptar o acordo de construír xa a autovía entre Santiago e Noia (en troques do corredor rápido que estaba inicialmente previsto). E, nese senso, as condicións técnicas do Prego coutaban a previsión do enlace de Brión coa dita autovía entre Lamiño e Adoufe, onde inicialmente estaba previsto.

De común acordo, e logo dos traballos coordinados entre os técnicos da D.X. de Estradas e os técnicos do Equipo Redactor do Plan Xeral de Brión, entendeuse que o enlace deberíase situar perto da actual estrada AC-451, permitindo o enlace coa variante Oeste da mesma, en troques de facelo coa variante Leste, permitindo aquí todas as incorporacións á autovía e saídas dela, así como todos os xiros, mercede á previsión de dúas “*trompetas*”, a maiores da rotonda de distribución de tráfeos, tal como se recolle xa nos planos de ordenación, permanecendo sen embargo as condicións técnicas do trazado, coa previsión do viaducto que impida o efecto barreira na área de expansión prevista no plan, que acomoda a ordenación do espazo entre Brión e Os Anxeles.

Á vista da necesidade deste traslado do enlace entre o sistema viario de Brión coa autovía, porén, víuse que o vial entre Perros e Adoufe-Lamiño, (con cruce da C-543 en O Tremo), xa non era a mellor solución para incorporar á autovía os tráxicos procedentes do sur do concello e da estrada N-550 (dende A Picaraña), por mais que se entendía e entende que era e é preciso prever unha variante á estrada AC-3000 (A Picaraña-Cruce de A Gandara).

Xa que logo, e de común acordo outravolta cos técnicos da D.X. de Estradas, procedemos a estudar un vial alternativo ao paso por Soigrex e Alqueidon desa estrada AC-3000 cun vial que arrancando en Soigrex, atravesa a C-543 perto da gasoleira e enlaza logo cun vial paralelo a autovía cando esta decorre en viaducto, pero a cota do terreo, que se leva ata a rotonda de enlace.

Actuando deste xeito, entendemos que non só se da solución acaída ás esixencias técnicas da autovía senón tamén ás prantexadas como esenciais para o viario estruturante de Brión. E, sobre todo, ás peticións de moreas de alegacións que no longo proceso de participación pública demandaron a supresión do vial Perros-Lamiño, incluídos moitos dos propietarios do solo atravesado polo mesmo que inicialmente se incluían nun Sector de solo urbanizable, cuestión igoalmente criticada en varias alegacións.

Así, pois, como consecuencia da acción combinada deses tres feitos (aprobación da Lei 9/2002, novos criterios da D.X. de Estradas verbo da autovía, e mais a posibilidade de atender a unha das demandas prantexadas no proceso de participación pública), procedeuse a reordenación do solo urbano tanto no continuo Brión-Os Anxeles, reestructurando ese solo, modificando a clasificación daquelas áreas de solo que aparecían inicialmente como solo urbano non consolidado e que cos criterios da nova lei era dubidoso incluír nesta clasificación, pasándoas ben a solo urbanizable (cando foi factible establecer a concertación coa propiedade), ben como solos aptos para urbanizar (cando tal concertación expresa non era doada, por mor do fraccionamento desa propiedade).

As modificacións derivadas da aprobación da nova lei acadan tamén aos ámetos, consideracións, a réxime xurídico do solo de núcleos rurais, que agora xa se adaptan ao novo corpo legal, coa previsión de ámbitos de núcleo orixinario e zonas de extensión conforme ao disposto nax secciónx 3ª do Capítulo III da LOUG.

E, por último, adátase o contido do solo rústico (Sección 4ª do mesmo Capítulo III), porén, neste caso, trátase mais ben de contemplar na Normativa do Plan a estrutura da Lei, posto que os contidos normativos non varían esencialmente verbo dos xa previstos na normativa correspondente do PXOM..

En virtude do que antecede, procédese a correxir nos sentidos apuntados os contidos non só da Normativa Urbanística e as determinacións dos planos de ordenación, senón os da presente Memoria e os do Estudo Económico-Financieiro.

## 0.2. A andaina do Plan dende a presentación do Avance.

En novembro do ano 2000 presentouse a consideración do Concello de Brión e para coñecemento da cidadanía en xeral, o Avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal, encargado á empresa Consultora Galega S.L., por mor de terlle sido adxudicado este labor, logo do concurso público convocado polo Concello a estes efectos, e asinado o contrato entre as partes, o 9 de Febreiro dese mesmo ano.

Logo da vista e pracet do Concello, ese Avance de Planeamento estivo exposto ao público (concretamente, dende o día 27 de Decembro do 2000 ata o 28 de Xaneiro do 2001), aínda que despois desa data o equipo redactor tivo en conta suxerencias prantexadas con posterioridade. E elo por considerar que mentras non se rematara a redacción do documento para tramitar e se remitise a Informe do Excmo. Sr. Consellerio de PTOPV, nada se opoñía a ter en conta calquera opinión, tanto para estimalas –en todo ou en parte- como para rexeitalas.

O resultado da participación analísase polo miúdo no capítulo 3 da presente Memoria, pero agora mesmo xa podemos afirmar que esa participación, senón masiva, foi moi numerosa, tanto no que atinxe o montante de firmas en escritos de suxerencias apresentados, canto a participación en actos explicativos convocados ou autoconvocados e análise da documentación nos locais do Concello.

Independentemente do nivel e de grao de asunción que se teña dos distintos tipos de posicionamentos a respecto dese Avance ou dalgunhas das súas determinacións, manifestados por distintos colectivos, grupos de persoas e/ou individuos, o certo é que a cidadanía do Concello (e mesmo de fóra) participou activamente no proceso e o documento do PXOM que se avanzaba, polo mesmo, foi coñecido, debatido, asumido ou rexeitado, creándose, mesmo, a tensión necesaria para que as propostas que se fixeron ou se fan agora non se convertan en papel mollado.

Estamos certos de que a meirande parte dos posicionamentos manifestados por un fato grande dos escritos son produto de propostas que en certa medida son alleas ao Plan, aínda que este as teña que recoller (caso da vía rápida ou autovía Santiago-Noia), pero sexan cal sexan os motivos, o importante foi esa preocupación social que, doutra parte, é lóxico que se produza cando se propón, mesmo, **un cambio no modelo de**

**ordenación territorial**, aínda que este se cinxa ás áreas máis afectadas polos cambios operados nos últimos lustros (Brión, Os Anxeles, San Salvador, Bastavales).

O que resulta evidente, en calquera caso, é que o Avance do Plan Xeral sometido á consideración da cidadanía non deixou indiferente á poboación, tanto a unha maioría que, con todos os matices propios destes casos, asume en xeral as propostas do Avance en tanto que documento axeitado, como a unha minoría moi considerable que, tamén con diversos e importantes matices, se opuxo a ese documento por consideralo pouco acaído para a ordenación deste territorio.

E isto, repetimos, é moi positivo. Estamos seguros de que o documento que, ao remate, vai saír do proceso, ha ser unha ferramenta de desenvolvemento axeitado ás necesidades de Brión e das xentes que eiquí habitan (viven, traballan, se forman, se divirten ou, simplemente, durmen pola noite).

Como se poderá apreciar doadamente, a ordenación que se recolle agora neste Documento para tramitar, logo de se ter producido o Informe Previo do órgano urbanístico autonómico (que fixo do documento unha inspección exhaustiva verbo do acaemento á legalidade aplicable), e mesmo logo da aprobación da nova Lei do Solo, cuxo rexime transitorio obrigou á introducción dalgúns cambios na clasificación do solo e outras determinacións, aínda segue a se basear nos principios conformadores do modelo territorial escollido por quen ten a competencia para elo (a corporación municipal); pero non é menos certo que esa ordenación apresenta cambios de certa relevancia verbo do esquema de propostas do Avance e tamén do contido do Plan aprobado inicialmente que son froito, ben de termos considerado os argumentos utilizados nos posicionamentos críticos de moitas suxerencias e alegacións (por entendelas correctas ou co ánimo de obter maiores consensos); ben de coidar que obedecen á aparición de novos condicionantes externos, pomos por caso, o parque empresarial a desenvolver en terreos de Ames e Brión, de carácter comarcal que se prevé localizar na Zona de Os Barreiros, basicamente, no concello de Ames, pero collendo terreos situados no concello de Brión, na zona lindeira situada arredor do eixo viario da estrada actual de Bertamiráns a Negreira e do futuro corredor rápido Santiago-Fisterra nunha zona máis ou menos próxima aos núcleos de O Enxo e Brans.

Entendemos que os cambios introducidos respecto das propostas do Avance e, sobre todo, os adoptados logo da aprobación inicial e a promulgación da nova Lei, uns de maior calado que outros, pero todos operativos, han levar a un documento máis asumido pola poboación. Pero temos que sinalar xa que un plan non pode dar satisfacción a todas e cada unha das demandas que lle fan todos e cada un dos cidadáns, porque ben sabido é que en toda sociedade, en toda comunidade hai intereses coincidentes máis tamén intereses contradictorios. O importante é atinar coa asunción dunha nidia maioría.

Pensamos que o desenvolvemento dos principios e obxectivos formulados no Avance, aplicando os criterios alí mesmo explicitados mais tamén os que son froito da participación pública, desenvolvemento que agora se fai neste Documento para aprobación definitiva.

Unha vez entregado o documento do P.X.O.M. no Concello en Novembro do 2001 foi remitido axiña á D.X. de Urbanismo para a emisión do Informe Previo, como preceptúa o artigo 41,3 da L.S.G.

Pesie a que o prazo establecido para a emisión do dito informe no artigo que vimos de citar está establecido nun mes e que ese prazo finalizara en xaneiro do 2002 o Concello ao se ter cumprido esa prazo entendeu –de conformidade co equipo redactor- que era comenente agardar á emisión do Informe Previo, logo de consultado o órgano autonómico sobre se se emitiría ese informe aínda que fose mesmo fóra de prazo.

Confirmada esta hipótese produciuse unha reunión explicativa do Equipo redactor aos técnicos da D.X. Urbanismo que tivo lugar o 5 de Abril de 2002.

O día 9 dese mesmo mes produciuse outra reunión entre mebros do Equipo Redactor con técnicos da Dirección Xeral de Estradas, co gallo de explicar as cuestións relativas ás infraestructuras de comunicación previstas.

O Informe Previo emitido, que ten data de 9 de Abril do 2002 e Rexistro e entrada no Concello o 12 de Abril seguinte, foi recibido polo Equipo Redactor o día 16 de Abril.

Logo daquela procedeuse a correxir inicialmente o documento elaborado no sentido que reflecta o Informe que se anexa á presente Introducción. Temos que dicir que o tempo transcorrido, en arranxar o documento do Plan, que pode semellar excesivo, alongou en razón da propia complexidade dos apontamentos do Informe máis tamén do feito de



tentar esperar a dispor de mellor información sobre os parámetros e determinacións apuntadas pola Comisión Técnica da Reforma da Lei do Solo de Galicia.

Pero os prazos apuraban e non foi posible a aprobación da Lei antes da entrega do plan para tramitar.

Pero, o documento do PXOM de Brión que se remitiu para tramitar, xa contiña no básico unhas determinacións que tentaban axustarse non só á Lei vixente, senón tamén á que se presumía ía entrar en vigor a fins daquel ano de 2002. mais, como vimos no capítulo precedente desta Introducción, algunhas disposicións da lei, nomeadamente, as transitorias, obrigaron a unha última revisión dos documentos para acaelos á legalidade hoxe vixente.

En todo caso estimamos que todos os cambios introducidos neste proceso non cuestionan nen modifican no esencial o modelo de ordenación elixido. Velaí que se entenda que, unha vez obtido o Informe favorable da Administración urbanística autonómica se poida proceder á súa aprobación definitiva polo Concello de Brión.

DIRECCIÓN: Daniel PINO VICENTE, Sociólogo-Urbanista  
Manuel CARBAJO CAPEANS, Arquitecto

COORDENACIÓN Xoan Carslos PORTELA REGODESEVES, Arquitecto

EQUIPO BÁSICO:

Ana Isabel FUENTES GARCIA, Arquitecta  
Santiago LÓPEZ FONTAN, Enxeñeiro de Camiños  
Alfonso BAR BLANCO, Biólogo.  
Alberte REBOREDA SANTOS, Historiador  
Enrique SANCHEZ GOYANES, Doctor en Dereito e Avogado.  
Francisco RODRIGUEZ JAR, Enxeñeiro Técnico Agrícola.  
Antolina FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Diplomada en Psicoloxía  
Xulio MARTINEZ SECO, Delineante

Susana CARRACELAS SANMARTIN, Delinente

Rosa M<sup>a</sup> CASTRO VÁZQUEZ, Edición

Pontevedra, Xuño do 2003

Polo Equipo Redactor

Asdo. Daniel Pino Vicente

ANEXO Á INTRODUCCIÓN.

INFORME SOBRE O INFORME PREVIO DO  
EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE P.T.O.P. e V

**Informe que emite o Equipo Redactor do PXOM de Brión a respecto do Informe evacuado polo Sr. Conselleiro de PTOPV da Xunta de Galicia a respecto da documentación do dito PXOM remitida polo concello para dar cumprimento ao establecido no artigo 45.3 da Lei do Solo de Galicia (Lei 1/1997).**

Con data 9 de Abril de 2002 emítase o dito Informe do Sr. Conselleiro, remitido ao Equipo Redactor con data 16 do dito mes.

Para comentar o seu contido e facilitar a súa comprensión procédese con arreglo á mesma estrutura do Informe do Sr. Conselleiro.

**1) Sobre Observacións relativas á Documentación.**

Sobre o apartado a), dicir que é cuestión dos Servizos Administrativos municipais proceder a incorporar ao expediente a acreditación do cumprimento do trámite establecido no artigo 41 da LSG.

Sobre apartado b) procédese a corrixir as contradicións advertidas entre planos de ordenación de distinta escala, así como os pequenos erros sinalados a respecto de liñas de separación entre zonas de diferentes protección de solo rústico.

Sobre o apartado c), procedeuse a sinalar nos planos onde se delimitan os núcleos rurais o viario público, así como as parcelas de uso dotacional que aparecían insuficientemente representadas no plano.

**2) Sobre sistemas xerais e dotacións públicas locais.**

a) procedeuse a relacionar de xeito individualizado tal como se demandaba no Informe, a totalidade dos sistemas xerais e dotacións públicas locais, diferenciando os elementos existentes daqueles que se prevén no planeamento agora elaborado, e reflectindo no Estudo Económico Financeiro o sistema de obtención dos terreos das novas dotacións que non se inclúen en ámbitos de xestión.

b) O estándar legal exixido polo artigo 10 c) da LSG é moi inferior ao resultante da ordenación proposta. O parque do río Pego é un parque liñal que presenta anchura moi variable pero que ten o carácter de parque

liñal que no seu decorrer á beira do citado río vai xenerando espazos libres de diversa morfoloxía e funcionalidade, pero que conforma un conxunto de senlleira beleza e utilidade, así como peza esencial do planeamento proposto.

- c) Procédese a distinguir perfectamente o carácter dos elementos integrantes dos sistemas de espazos libres (xeral e local) da zona indicada neste apartado.
- d) Dáse cumprimento á exigencia contida neste apartado a respecto dos alineamentos dos terreos lindantes coas estradas autonómicas e provinciais.
- e) Fíxase o uso polo miúdo dos equipamentos previstos.
- f) Corríxese o carácter non equipamental do comercial privado en planos e normativa.
- g e h) Dáse cumprimento ao requerido verbo das condicións da edificación nas parcelas destinadas a equipamentos xerais e locais nas respectivas ordenanzas.

**3) A respecto da clasificación do solo.**

- a) A respecto das condicións requiridas para que os terreos merezan a condición de parte integrante do solo urbano, compre dicir que agás pequenas zonas de borde onde coa aplicación estricta do concepto de disposición de servicios sería discutible a inclusión, as zonas incluídas nos planos todas elas se atopan enclavadas en áreas que compren coa existencia de disposición de Servicios. O que sucede é que na Memoria Informativa do Plan remitida a Informe non se aportara o plano de servicios existentes con escala acaída e por erro remitírase só o plano a escala 1: 10.000 elaborado para o Avance de Planeamento. Coa aportación deste plano coidamos que fica suficientemente demostrado que na meirande parte das áreas contempladas os terreos incluídos como

solo urbano (non consolidado, obviamente) poden merecer a condición de tais<sup>1</sup>.

- b) Procédese a especificar nos planos de ordenación para as zonas de Ordenanza UC 3 (ámetos de solo urbano resultantes de execución de planeamento de desenvolvemento xa vixente), a denominación correcta do dito planemento e a data de aprobación definitiva do mesmo.
- c) En cumprimento da exixencia contida neste párrafo procedese a incluír nos planos de ordenación unha liña que fixe o ámeto de cada un dos núcleos rurais integrantes da delimitación fixada polo PXOM, cando a dita delimitación acolla máis de un núcleo orixinario.

Non se entende moi ben o seguinte párrafo do Informe porque o solo dos núcleos rurais endexamais se denomina “Solo urbano non consolidado”. A ordenación proposta no PXOM de Brión delimita o ámeto dos núcleos rurais con independencia do solo urbano. Dacordo coa LSG nada couda para que dentro do ámeto do núcleo (conformado moitas veces pola agregación de varios núcleos rurais orixinarios, por mor da dinámica operada nestes últimos lustros aquí e na meirande parte da Galicia atlántica) figuren dúas ou máis zonas de ordenanza. Entendeuse que a distinción efectiva entre as distintas zonas englobadas nun ámeto definido conforme aos criterios da Memoria de Ordenación a este respecto era a existente entre áreas orixinarias, moi consolidadas pola edificación, e áreas nas que a edificación é menos compacta, como corresponde a un modelo de asentamento posterior –o da segunda metade do século XX.

As ordenanzas de cada zona son diferentes tanto para os núcleos da Zona Leste como para os da Zona Oeste. Pero entendemos que non debe ser precisa, de xeito obrigado, a redacción dun PEPRMMR polo sinxelo feito de solicitar unha licenza para vivenda unifamiliar ou calquera outro dos usos autorizados.

---

<sup>1</sup> A promulgación da LOUG, con posterioridade, que introduce como elemento definitorio do solo urbano a inscrición dos terreos dentro dunha malla urbana, fixo reconsiderar a condición de solo urbano doutras das áreas de solo inicialmente considerado como urbano non consolidado como xa se apuntou na Introducción

Entendemos, polo contrario que si debe ser obrigada esa exixencia no momento no que se pretenda construír dúas ou máis vivendas ou calquera outra pretensión que poida supoñer un desacaemento coa natureza destes núcleos. Xa que logo entendemos que compre manter, no esencial, as condicións establecidas na Normativa Urbanística remitida a Informe.

Outra cousa é o feito de reestudar as delimitacións conforme á recomendación contida no último párrafo do apartado c) comentado, cousa que si se efectuou.

- d) Procédese a clasificar como solo rústico especialmente protexido o espacio natural do “Esteiro do Tambre”, regulado por orde de 7 de Xuño de 2001, proposto para a Rede Natura 2000 (que non estaba incluído por termos redactado o documento con anterioridade) aínda que a superficie afectada no concello de Brión é moi cativa.
- e) En crara discrepancia co contido deste apartado entendemos que está plenamente xustificada a clasificación como solo urbanizable do ámeto do solo industrial proposto en Perros, xa que, conforme o disposto na Disposición Transitoria Segunda, 4) da LSG ao solo non urbanizable seralle de aplicación o disposto no solo rústico coa particularidade de que non poderán incorporar estes terreos ao desenvolvemento do solo urbanizable en tanto non se proceda á revisión do planeamento. Será, por tanto, agora, cando é acaída a clasificación como urbanizable. Entendemos que as Normas Subsidiarias Provinciais non poden ser aplicadas cando as Normas Municipais son abondo expresivas. Aquelas teñen o carácter de Subsidiarias verbo destas. E a Norma Municipal foi sempre nidia dende os anos oitenta (e confirmada na Revisión dos anos noventa) a respeito destes terreos, que non se incluíron na concentración parcelaria pola falla de calidade para fins agrolóxicos e pola complexidade parcelaria (mais de 1.300 propietarios do ámeto) que orixinaron mato e arbolado precisamente pola imposibilidade da súa explotación racional. Non se pode, pois argumentar que se debe protexer como recurso forestal unha zona de imposible ou practicamente imposible explotación forestal.

Doutra parte, dende hai varios anos xa se asinou Convenio entre o IGV e S. e o Concello (logo de ter asinado un Protocolo) polo cal aquel organismo se compromete a desenvolver aquí –conforme aos criterios contidos no planeamento que se tramita- un sector de solo urbanizable para usos comerciais, industriais e de servicio.

Doutra parte, convén indicar que o Plan, de cara a manter a imaxe boscosa que a inutilización productiva provocou aquí, propón o mantemento dunha franxa anular perimetral arborada, de alomenos 30 m. de ancho.

No que respeita á área lindante con Ames, a zona de Monte que se adscribe ao Sector deste proxectado parque empresarial comarcal ten a consideración de Espacio Libre de Sistemas Xerais.

O parque empresarial foi promovido principalmente por Ames; e Brión pretende incorporarse a el, pero a condición de solo apto para urbanizar devén de que así figura na ficha do PXOM de Ames igoalmente en tramitación.

- f) No que respeita ao vial perimetral do Leste no tramo entre áreas de Estrar e O Tremo, logo das conversas mantidas con técnicos da D.X. de Estradas da C.P.T.O.P.V. e de deixar craro que a previsión deste vial obedecía a un compromiso adquirido pola Consellería de Política Territorial, reformouse a Ordenación, de xeito que a que agora se reflecta parte de prever un vial cunha sección transversal que elimina a posibilidade de acceso directo dende os predios á vía. Doutra parte o Concello adquire o compromiso de facerse cargo do tramo das vía autonómica substituído por esta vía perimetral, en todo o solo urbano por ela atravesado nas parroquias de Os Anxeles e Brión<sup>2</sup>.
- g) Procederase a correxir o documento no sentido apuntado, suprimindo os pequenos ámetos de solo apto para urbanizar que non compren coa existencia dun mínimo de 25.000 m<sup>2</sup>.

---

<sup>2</sup> Xa se apuntou na Introdución que, con posterioridade a D.X. de Estradas decidiu acometer con carácter de autovía o novo corredor rápido Santiago-Noia, que foi preciso o cambio do enlace, cousa que aconsellou a supresión deste vial perimetral Leste que se substitúe por outro vial situado máis pegado ao solo urbano de Soigrex e Alqueidón.



**4) A respeito do solo urbano.**

- a) as aliñacións que se fixan para a estrada AC-451 son, no esencial, as mesmas que xa fixan as NN.SS. vixentes. En calquera caso, dado que se pretende construír unha vía perimetral que vai ter a consideración de variante da anterior, entendemos que deixará de ter a consideración de vía autonómica o tramo urbano citado.
- b) Procedeuse a corrixir a Normativa para acaela á exigencia contida neste apartado do Informe.
- c) Idem
- d) Idem
- e) Idem
- f) O uso agropecuario en categoría 1ª recolle a existencia de xardín e hortos privados. Xa que logo é coerente coa ordenanza UC2, porque así se recolle xa hoxe para esta zona onde a tipoloxía é de vivenda unifamiliar.

**5º) A respeito do solo de núcleo rural.**

- a) Recollese a exigencia apuntada a respecto da análise da totalidade do núcleo.
- b) Outro tanto se fai coa referencia para os indicadores de obrigatoriedade de tramitación de PEPRMMR
- c) Corríxese no sentido apuntado a densidade máxima da ordenanza NRNC da Zona Leste.
- d) Igoalmente, a exigencia de Plan Especial para proceder á apertura de novo viario.
- e) Corríxese a normativa no sentido apuntado.
- f) Procédese a actualizar o Censo de vivendas cos datos do realizado no 2001, que se recollen nas Fichas dos Núcleos.
- g) Procedese a expresar o indicado sobre dotación de espazos libres nas ordenanzas correspondentes.

- h) Corríxese a Normativa no sentido apuntado a respeito dos Estudos de Detalle.
- i) Corríxese o erro que aparece na Ordenanza NRC 2 apuntado

**6º) A respeito do solo urbanizable e apto para urbanizar.**

- a) Dáse cumprimento á exixencia expresada verbo das condicións para a execución das infraestructuras de conexión cos sistemas xerais exteriores á actuación.

A respecto do custo do novo vial afecto ao Sector de Solo Urbanizable, xa ficou craro logo das conversas mantidas coa D.X. de Estradas por parte do Sr. Alcalde de Brión, que a súa financiación correspondería á Consellería de Política Territorial, dado que o vial en cuestión, na súa condición de variante da AC-451 vai substituír o tramo da dita estrada comprendido entre Perros e Aguiar (\*).

- b) Procédese a corrixir as cifras do cadro que se contiña na páxina 163 da Normativa do exemplar remitido a Informe do Sr. Conselleiro sobre o aproveitamento do Sector URB-1, reflectando igoalmente na Normativa a edificabilidade e densidade máximas permitidas(\*).
- c) Revísase a relación de usos globais para acaelos ao disposto no artigo 3.3.1.3 da Normativa e establécense as intensidades de cada uso global fixando mínimos e máximos de cada un deses usos.
- d) Corríxese o apartado que fixa as reservas de dotacións locais, sinalando a exixencia que se contén no vixente Regulamento de Planeamento.
- e) Corríxese a contradicción existente entre o disposto nos apartados 3.8.3. b) e 3.8.3. e), suprimindo a posibilidade de división horizontal nesta clase de solo.
- f) Elimínase a referencia ao “aproveitamento tipo” pola de “edificabilidade” no que atinxe os solos clasificados como aptos para urbanizar.

---

\* Remitimos á última nota a pé de páxina.

- g) Dáse cumprimento ao disposto no apartado g) sobre as condicións par ao solo rústico e a imposibilidade de construír vivendas unifamiliares illadas no solo rústico apto para urbanizar mentras non se aproben os correspondentes plans parciais.

**7ª ) A respecto do solo rústico.**

Dáse cumprimento ás catro exixencias do informe, a saber:

- a) autorizacións preceptivas do órgano urbanístico autonómico.
- b) Revisión de parámetros cuantitativos do solo forestal.
- c) Grafiado das distintas zonas de solo de potencialidade forestal.
- d) Sustituir a palabra “solar” por “solo”, que por erro se “colara” no texto do punto 2 do artigo 3.9.7.2.

**8º) Orde de prioridades e estudo económico-financieiro.**

Procédese a corrixir os datos, convertindo as cifras de pesetas en euros e corrixindo as partidas que se alteran por mor dos cambios introducidos no documento como consecuencia do propio Informe agora comentado.

**9) Outras observacións.**

- a) Corríxense as distancias de retranqueos mínimos dos peches nas zonas de núcleos rurais non consolidadas.
- b) Sinálase a obriga de publicación no DOG, amais da do BOP.
- c) Corríxese o uso de bufardas permitíndose só no solo urbano.
- d) Procédese a harmonizar as denominacións das distintas categorías e cualificacións de solo que constan nos planos e na normativa.
- e) Entendese que a Normativa do Plan xa contén as disposicións precisas para dar cumprimento á normativa de accesibilidade.
- f) Tómase nota do consignado a respecto do alcance dos estudos de detalle e procedese a corrixir aqueles apartados da normativa que non acaen co disposto na lexislación a este respecto.

g) Os usos extractivos adoito se engloban dentro das actividades do sector primario; xa que logo non vemos porque non incluí-los dentro dos usos agropecuarios, iso si, con unha normativización especial, cousa que se contén na Normativa. Doutra parte así se ven facendo en diversos plans aprobados pola Consellería (\*).

Inclúese expresamente a necesidade de autorización previa por parte do órgano urbanístico autonómico.

h) Procédese a corrixir a pequena contradicción advertida sobre as elevacións dos paramentos por riba do último forxado.

i) Corríxese o apuntado sobre o carácter non supletorio da lexislación urbanística.

j) A respecto dos informes sectoriais corresponde a administración municipal o recabamento dos mesmos.

Como conclusión, dicir que, unha vez procedido á inclusión das correccións que se veñen de detallar, nada obsta para proceder a tramitar o presente PXOM de Brión.

En Pontevedra a 6 de xuño do 2002

Asdo. O director do P.X.O.M.

Daniel Pino

---

\* Como consecuencia da entrada en vigor da LOUG xa se correxiron as determinacións que atinxen ás actividades extractivas.

ANEXO II .

**INFORME SOBRE O INFORME PRECEPTIVO  
DO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO**

**Informe que emite o Equipo Redactor do PXOM de Brión a respeito do Informe elevado polo Director Xeral de Urbanismo, en virtude de delegación de competencias efectuada pola Orde de 6 de marzo de 2003 (DOG 12/03/2003) a respecto da documentación do dito PXOM remitida polo concello para dar cumprimento ao establecido no artigo 45.3 da Lei do Solo de Galicia (Lei 1/1997).**

Con data 28 de maio emítase o dito Informe do Sr. Director Xeral, remitido ao Equipo Redactor con data 3 de xuño de 2003.

Para comentar o seu contido e facilitar a súa comprensión procédese con arreglo á mesma estrutura do Informe do Sr. Director Xeral.

### **1) Sobre Observacións relativas á Clasificación do Solo.**

Se procede á clasificación dos solos que se mencionan tal e como se indica no informe.

### **2) Sobre Observacións relativas ó Solo de Núcleo Rural.**

Se procede á aplicación do disposto na nova Lei 9/2002 para os solos de núcleo rural:

- Se revisaron a delimitacións dos ámbitos das ordenanzas NRL-1 e NRL-2.
- Se prohíbe expresamente a utilización de bufardas neste tipo de solo. (páxina 135 da normativa).
- Se regulan as condicións das edificacións auxiliares tal como se establece no artigo 29 f) da Lei 9/2002.

### **3) Sobre Observacións relativas ó Solo Urbanizable ou Apto para Urbanizar**

- a) Se elimina a ordenación detallada do solo urbanizable.
- b) Se revisou o cálculo de aproveitamento tipo contido no apartado 3.8.1, corrixindo o error detectado.

**4) Sobre Observacións relativas á Orde de Prioridades e Estudio Económico-Financeiro.**

Se procede a xustificar a viabilidade económica da ordenación, e no caso da atribución de financiamento das Administracións se remite ós informes vinculantes emitidos por cada unha delas.

**5) Sobre Outras Observacións.**

- a) Xa se obtiveron os informes favorables en materia de patrimonio cultural e augas. Dase conta do informe da Subdirección Xeral de estradas no Anexo seguinte.
- b) Se procede á delimitación de polígonos e dos sistemas de actuación en cada unha das fichas correspondentes ós solos urbanos non consolidados con ordenación detallada.
- c) Se corrixiron os erros de transcripción da delimitación de solo urbano na planimetría a escala 1:5000
- d) Se explicita no concepto edificabilidade (páxina 22 da normativa), á adecuación do mesmo ó artigo 46.6 da Lei 9/2002.

ANEXO III .

INFORME SOBRE O INFORME  
DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS



**Informe que emite o Equipo Redactor do PXOM de Brión a respeito do Informe elevado pola Subdirección Xeral de Estradas, da CPTOPV a respecto da documentación do dito PXOM remitida polo concello para dar cumprimento ao establecido no artigo 45.3 da Lei do Solo de Galicia (Lei 1/1997).**

Con data 27 de maio emítese o dito Informe, remitido ao Equipo Redactor con data 3 de xuño de 2003.

Para comentar o seu contido e facilitar a súa comprensión procédese con arreglo á mesma estrutura do Informe

- 1) Se procede a grafiar a banda de reserva do Corredor tal e como se sinala neste punto.
- 2) Se establece expresamente na normativa e no estudio económico-financieiro o sistema de obtención de terreos da autoestrada Santiago-Noia, páxina 87 da normativa e 7 do Estudio económico-informativo.
- 3) Suprimiuse do estudio económico financeiro da o acondicionamento dos terreos situados na proxección do viaducto da autovía.
- 4) Se establece a necesidade de existencia de carris de servico no decurso do vial Oeste.
- 5) Se establece a necesidade de existencia de carris de servico no percorrido do vial Leste.
- 6) Queda expresamente establecido na normativa correspondente ós solos de núcleos ruráis do establecido na Lei 4/1994 de Estradas de Galicia (páxinas 130, 139, 146 e 154 da normativa).

**1. RISCOS BÁSICOS DUNHA DIAGNOSE  
DO RURAL AO URBANO.**

- 1º) O Concello de Brión, concello rural ata hai dez ou quince anos, con patrimonio natural e cultural abondo, foi un concello adiantado, pioneiro, na ordenación territorial e urbanística do seu territorio. A primeira corporación democrática elaborou unhas NN.SS. nos primeiros anos oitenta que hoxe xa se pode considerar como a primeira aportación seria de ordenación integral do medio rural. Dez anos despois revisou ese planeamento para acomodalo aos cambios producidos na estrutura territorial da comarca na que Brión se insire (a de Santiago), cambios que obedecen, principalmente, ao pulo expremetado pola cidade do Apostolo, unha vez que acada o estatus de capitalidade de Galicia, pero que daquela, aínda non demandaban un cambio de modelo. Mais agora, por mor de se estender anarquicamente a expansión do feito urbano cara os concellos de Teo e Ames, Brión necesita dispor dun PXOM, cuxa realización xa demanda a adopción de medidas que, de feito, constitúen un novo modelo de ordenación do seu territorio, aínda que xulgamos que non da filosofía e metodoloxía coa que abordar a súa elaboración.
- 2º) O Concello de Brión, aínda que situado na comarca natural da Amaía, aparece dentro do Mapa Comarcal –e con acerto, cremos nós, dentro da **comarca de Santiago**. Aínda que concello rural ata hai ben pouco tempo, hoxe xa se integra nunha área territorial (a que conforman Santiago e os concellos situados a oeste e suroeste do da capital) onde o feito urbano se estende cada día máis, ata devir case en feito metropolitano. En todo caso, Brión sitúase inequívocamente na área funcional de Santiago.
- 3º) A diferenza doutros concellos da área, o de Brión tentou en todo momento, e quere seguir tentando, a plasmación dun **modelo urbanístico e territorial** que veña a axudar o seu **desenvolvemento integral** (económico, social, cultural...) que se insira nas propias raíces, que poida crear sen destruír, que se basee nas preexistencias para encarar novas realizacións urbanas prantexadas como metas de futuro necesarias; en definitiva, que asuma os cambios e que os planifique dándolle a debida canle.
- 4º) Para elo é necesario ter en conta a xa secular diferenza entre as dúas partes do Concello: a **Amaía** (o Val do Sur ou Terras do Sar), situada na parte baixa, e o val de **Barcala**, (as terras do Tambre) situado na parte de Arriba.

Hoxendía, xunto ás diferencias decote operantes entre esas dúas áreas, topografía, clima, vexetación, réxime de propiedade, tipoloxía de asentamentos, etc.) hai que salientar a que se deriva de: a) dunha banda, a persistencia na Zona Alta das estruturas productivas agrarias (gandeiría en explotacións modernas e silvicultura avanzada nalgunhas parroquias) pesie á redución acusada de poboación activa agraria (pero non da capacidade productiva); e b) a diminución, pola contra, das explotacións agrarias e conseguinte redución drástica das actividades gandeiras, así como a expansión da urbanización e dos usos industriais, a construción e actividades terciarias na Zona de Abaixo.

A magnitude dos cambios habidos na estrutura productiva explícase co brutal descenso da poboación activa agraria: en 1982 o emprego no sector Primario era do 40 %, mentras que en 1997 sitúase no 8 %.

- 5º) Aínda que non sexa un feito específico de Brión, tamén aquí continuou a vertixinosa caída do crecemento vexetativo, situándose xa hoxe en cotas negativas, dramáticas por mor do efecto combinado do envellementamento da poboación e o descenso acusado da natalidade.
- 6º) Mais, como dato positivo hai que salientar que na última década se invertiu a tendencia emigratoria que ininterrumpidamente se producira dende 1960, para xurdir, sobre todo dende 1994-95, un forte movemento inmigratorio que non só foi quen de contrarrestar os cambios de residencia de xentes que seguiron marchando de aquí, senón que veu compensar ese crecemento vexetativo negativo, ata situar o saldo demográfico da década nun esperanzador 7 %.
- 7º) De calquera maneira, é preciso suliñar un feito importante que deturpa a realidade poboacional de Brión no momento presente: as cifras das estatísticas oficiais nada teñen que ver con esa realidade. Agora mesmo, logo de ter feito cálculos sobre algunhas áreas, extrapolando acaídamente os datos comprobamos que existe unha poboación que ten *de facto* a súa primeira residencia en Brión, pero que aparece empadroada fóra do concello. O montante desa poboación sitúase entre as 2.100 e as 2.400 persoas (o que equival a un tercio da poboación empadroada nestes momentos).

- 8º) Ese movemento inmigratorio é consecuencia das operacións urbanizadoras e de construción de vivendas que se levou a cabo na Zona Leste do Concello ao longo desta última década, na que se construíron ou se modernizaron arredor de máis dun milleiro de vivendas, cifra que representa, case, un 40 % do total do parque hoxe existente.
- 9º) Nestes anos últimos o esforzo por mellorar o sistema de dotación urbanísticas veu resolver déficits seculares (como os logrados na sanidade ou no que atinxe ao equipamento escolar). Pero segue a ser deficitario o nivel de dotacións deportivas de calidade, así como o dos servizos existentes –garderías, atención á terceira idade...).
- 10º) Tamén resulta craramente insuficiente agora o sistema xeral de comunicacións, sobre todo no que respecta á Zona Leste; con Santiago, en primeiro lugar, mais tamén as que decorren no sentido N-S: Picaraña-Negreira, por máis que se teña urbanizado este eixo viario dende Brión ata Bastavales, pois os treitos que atravesan as parroquias de Brión e Os Anxeles, non son os acaídos para os niveis e tipos de tráfico que esa vía soporta.
- 11º) As actuacións urbanizadoras que ou ben desenvolveron solos urbanizables (aptos para urbanizar) ou ben solos urbanos pendentes de planeamento especial, polo común non supuxeron un auténtico desenrolo integral de Brión, senón que se concebiron como intervencións pechadas en si mesmas, con especialización case exclusiva de uso residencial, circunstancias que convirten estas urbanizacións en *barrios dormitorio*, moi pouco ou nada integrados cos poboamentos preexistentes. Iso lévanos obrigadamente a considerar como necesaria e, mesmo, comenente, o deseño dun desenvolvemento urbano distinto ao que se veu practicando nos solos urbanizables, e que sexa quen de xenerar cidade integrada.
- 12º) Doutra parte, e para fuxir da excesiva especialización deste territorio como cidade dormitorio, tamén se xulga como necesidade imperiosa a de desenvolver solos para usos distintos ao residencial. Hai demanda forte de solo para usos comerciais e industriais que mesmo levara xa ao Concello a encetar un proceso de desenvolvemento de solo urbanizable con este fin, coa previsión dun polígono localizado no Monte de Perros que ten xa máis de 150.000 m<sup>2</sup> de solo comprometido para eses usos e que pretende acometer XESTUR. Esta foi unha

operación moi agardada polo pequeno e mediano empresario brionés e se non se deu cima ao desenvolvemento urbanístico foi por mor dunha interpretación, ao noso xuízo equivocado, da normativa transitoria da Lei do Solo de Galicia, como, por outra parte, pon de relevo o “*Acordo Marco*” asinado entre o Sr. Conselleiro de PTOPV e os representantes dos municipios galegos<sup>3</sup>.

13º) A pesares das eivas derivadas do aumento da especialización residencial do territorio do Leste (sobre todo na área que definen Pedrouzos-Alqueidón-O Tremo onde por sorte e polo de agora aínda é boa a coexistencia cos núcleos rurais preexistentes), apesares da ausencia dunha estrutura comercial concorde coa poboación real hoxe existente, a pesares das carencias dalgún equipamento público e, mesmo, as carencias no sistema xeral de comunicacións, Brión aínda é un referente de territorio coidado que moi ben pode ensaiar a creación dun **modelo de cidade novo: a cidade no xardín** que consagre un outro nivel de espazos libres e dotacións equipamentais e que ofrezca unha coidada e deseñada imaxe. Ao noso xuízo, é este o único modo de que unha perifeira de cidade non sexa o revoltallo do que a cidade non quere, como poñen de manifesto os exemplos dos concellos situados entre Brión e Santiago. Brión xa está hoxe en primeira liña e non ten máis remedio que prepararse el o modelo capaz de dar resposta ás demandas constructivas ou deixar que a “*forza dos feitos*” arrase o seu territorio con crecementos desordenados (que o poden ser igoal a base de vivendas unifamiliares, mesmo, exentas).

14º) Mercede a ese esforzo por garantir unha calidade das intervencións no territorio ao longo dos últimos 20 anos, entendemos que Brión pode hoxe, como fixo outrora, decidir o seu futuro con niveis de liberdade moito maiores que os de outros territorios que *engaiolados* pola cidade destruíron un tecido rural ben estruturado sen que, por outra parte, se crease cidade habitable.

15º) Brión, pode e debe ser, pois, un exemplo para outros moitos concellos que se sitúan nas áreas funcionais das cidades ou áreas metropolitanas que antes ou despois terán que se posicionar fronte da presión que dende os centros se exerce adoito.

---

<sup>3</sup> Asinado en Compostela o 27 de xullo do presente ano 2001 e antecedente directo da vixente LOUG.

16º) Ese debe ser o reto deste territorio. Resolvendo o seu problema acaídamente, Brión pode axudar a resolver o de outros moitos territorios. Capacidade e decisión dos rexidores haina. O único que fará falla, lóxicamente é **o reforzamento da capacidade técnica e de xestión** para que o desenvolvemento que, de certo, se vai producir, non se descontrole.

**2. COMENENCIA E OPORTUNIDADE DA  
FORMULACIÓN DO PLAN XERAL.**



Son varias as razóns que aconsellan e mesmo obrigan a proceder a elaborar, tramitar e aprobar un PXOM para o concello de Brión.

En primeiro lugar están as razóns de orde xurídico. Así, e por unha banda, o planeamento xeral vixente (Normas Subsidiarias Municipais) foi revisado a comezos da década anterior (1990) e ese documento tiña unha vixencia de dez anos. E, por outra, en 1997 aprobouse a Lei do Solo de Galicia (Lei1/1997, de 24 de marzo) que aínda que constituíu dende o punto de vista xurídico unha adaptación “*ex-lege*” de todos os planeamentos vixentes no noso país, considera nas súas Disposicións Transitorias a necesidade e/ou comenencia de proceder á adaptación en diversos supostos e, aínda que establece un dereito transitorio (Disposición Transitoria segunda) fica crara a necesidade de acelerar as revisións dos plans xerais en vigor e a formulación de plans xerais novos alí onde había Normas Subsidiarias de maior complexidade. De calquera xeito parece fóra de toda dúbida que o Termo Municipal de Brión ten xa unha complexidade urbanística demasiado alta como para se rexer por un instrumento ordenador do tipo dos proxectos de ordenación do medio rural.

A maiores do que vimos de sinalar, e dentro das exixencias de orde xurídico, está a comenencia de levar a cabo a adaptación do planeamento, polo feito de que calquera tipo de desenvolvemento urbanístico en solo rústico común a través dos mecanismos establecidos (tanto na LSG como na lexislación urbanística estatal vixente, “Ley 6/1998, de Regimen del Suelo y Valoraciones” e “Real Decreto-Ley 4/2000, de medidas urgentes de liberalización en el sector inmobiliario y transportes”) non é posible mentras non se proceda á revisión do planemaneto (D.T. Segunda, apartado 4)<sup>4</sup>

Amáis das razóns de orde xurídico ou exixencias normativas situanse as exixencias de orde práctico, das que cabe sinalar tanto a aparición de resultados non desexados ou “*efectos perversos*”, como os síntomas de esgotamento do propio modelo perfiado vinte anos atrás para un concello que, daquela era enteiramente rural e revisado hai dez anos para pequenas correccións, pero sen ser cuestionado por enteiro. Agora mesmo a expansión urbana nas áreas de influencia de Santiago presiona sobre a maioría dos concellos da Comarca e produce desenvolvementos urbanos con disfuncións

---

<sup>4</sup> E aínda que o Acordo Marco ao que se fixo mención reconece a necesidade de modificar a Disposicións Transitoria que afecta a esta cuestión, parece aconsellable, en boa técnica urbanística adaptar o planeamento e acomodalalo ás novas exixencias xurídicas.

xeneralizadas por mor –coidamos nós- de non teren previsto a tempo os crecementos exprementados e darenlle canle acaída aos mesmos en función dun modelo preestablecido.

O Concello de Brión non desexa “*pechar as súas fronteiras*” a esa expansión, primeiro porque sería un intento inútil, máis tamén porque entende que se se fai ordenadamente esa expansión urbana pode ser positiva para os intereses municipais. Velaí que se teña barullado moito encol das cuestións relativas ao modelo que fai falla perfiar para ese reto. E, a este respecto, unha cousa tññase crara: o modelo ensaiado ata o de agora xa non serve para ese fin de preservar os riscos esenciais dun territorio outrora rural e agora en conversión cara o feito urbano, pero sen ter conseguido integrar o novo e o vello. Pero desta cuestión xa se fala máis adiante, cando se define o modelo. O que queríamos deixar sentado aquí é a absoluta necesidade de levar a cabo a redacción dun novo instrumento de planeamento (a revisión xa é legalmente imposible por ter desaparecido a figura das NN.SS. na lexislación urbanística galega) e facelo sobre a base da elección dun modelo territorial distinto (para a Zona Leste ou de Abaixo); máis diverso e máis equilibrado, que fuxa da especialización case exclusiva do uso residencial, que libere solo como premisa básica que poida prever dotacións (equipamentos e espazos libres de dominio e uso público) en proporción moi superior aos estándares actuais (que foran suficientes para un determinado momento, pero que nono son cando se producen saltos non soio cuantitativos senón cualitativos); e, sobre todo, que deseñe acaídamente, (isto é con rigor, logo de analizar e valorar as preexistencias de todo tipo) ese novo feito urbano que, en calquera caso se ten que producir.

**3. ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA.**

### 1. Introducción.

Seguindo os principios que conforman o urbanismo democrático, o Concello de Brión, dende o momento de resolver a adxudicación dos traballos de redacción do PXOM, publicitou o feito e animou á poboación para que fixese chegar ao equipo redactor tanto as súas opinións sobre os temas xerais que se xulgasen de interés, como a formulación de propostas concretas de interés particular. Como froito desa publicitación<sup>5</sup> foron as aportacións -mediante escritos e en múltiples entrevistas- de cidadáns e colectivos que amosaron o seu interés polo contidos do plan, tanto no que respecta a tratamentos de parcelas ou zonas concretas, canto a posicionamentos sobre aspectos sectoriais e, mesmo, sobre características do modelo de ordenación.

Xa que logo, á hora de precisar unha Diagnose e elaborar as propostas que conformaron o Avance de Planeamento, xa se puido traballar sobre diversos contidos a respecto dos que existían consensos e concertación de vontades, ao tempo que se evidenciaron cuestións que ían supor posturas de disenso, nomeadamente o tema da área comercial, industrial e de servicios de Perros, ou “*Polígono de Perros*”, como se deu en chamar.

Unha vez desenvolvidos os traballos o Equipo Redactor fixo entrega no concello da documentación integrante do Avance de Planeamento, que foi exposta en Asamblea Pública polo Director do Equipo e o Sr. Alcalde. A partires dese mesmo momento, e antes da data de comezo legal do período de información a documentación ficou a disposición da cidadanía, á que se lle forneceu igoalmente de paneis explicativos, contendo os aspectos máis salientables do Avance.

Para unha mellor interpretación da documentación en cuestión, así como para escoitar opinións, discutir propostas, correxir datos erróneos, etc. etc., o Equipo Redactor puxo a disposición do público dous dos técnicos redactores, que atenderon á poboación interesada un día á semana (e nalgúns casos dous días) durante case dous meses (quinze días antes de comezar a conta do período legal establecido, todo ese período e dúas semanas despois de rematado aquel).

---

<sup>5</sup> Realizada por medio do voceiro municipal “ALTAMIRA”, no seu número 53 de abril do 2001, e por anuncios en prensa e radio.

A máis desa disposición xenérica, membros do Equipo Redactor reuníronse con persoas interesadas en correxir ou matizar determinacións e/ou propoñer acordos de concordancia dos intereses públicos e dos privados, dende aquelas datas ata o mesmo momento de redactarmos estas liñas, salientando as reunións mantidas durante o mes de agosto cos propietarios dos terreos incluídos nas diferentes áreas de reparto inicialmente estudadas para a execución das determinacións do PXOM e, xa que logo, delimitadas para garantir o correcto e preceptivo equilibrio de cargas e beneficios, propietarios convocados expresamente para tal fin, que acudiron á convocatoria de xeito masivo e que, tamén de forma abrumadora, manifestaron a aquiescencia ás propostas de ordenación e aos mecanismos de xestión previstos para levalas adiante.

A **participación pública** en todo este proceso **foi**, atrevémonos a dicir, **espectacular**. Dela falan non só os contactos habidos con anterioridade á exposición pública do Avance –con froitos moi positivos plasmados en convenios capitais para o bo fin do futuro PXOM de Brión-, senón, e nomeadamente, durante o período de exposición e os meses que seguiron, como demostran o **número de suxerencias emitidas** (e, especialmente, o número de asinamentos habidos nalgúns dos escritos que plantexaron alternativas ao documento do Avance), e **a resposta dos propietarios afectados polas determinacións da nova ordenanza de edificación de vivenda colectiva** que se identificou por moitos como a peza que vai configurar o modelo de cidade no xardín que se propuxera.

## 2. A resposta cidadana na exposición pública.

Durante o período de exposición pública do Avance **presetáronse** no Rexistro Xeral do Concello un total de **148 escritos**. Deles, 20 prantexan asuntos de carácter particular e **128 prantexan temas con maior ou menor degrao de xeneralidade**. Este total de 128 escritos responden, sen embargo a **tan só 8 modelos**, asinados por un total de 387 **asinamentos diferentes** e repartidos así:

- a) **Modelo 1**, ou **modelo máis xeral**, ou sexa, aquel no que se recolle a práctica totalidade de asuntos sobre os que hai discrepancias verbo do avance da ordenación proposta polo equipo, nomeadamente: **modificación do trazado do corredor Santiago-Brión-Noia, eliminación dos viais perimetrais leste e oeste,**

**eliminación do polígono de Perros, redimensionamento das zonas urbanas da cidade no xardín, redución do número de plantas da edificación, apuntamento de fallos na Memoria Informativa...** Esta alegación foi asinada por **348 persoas en 30 escritos de idéntico contido.**

- b) Modelo 2, de oposición ao vial leste e ao Polígono de Perros, e, no seu caso, solicitando que se delimitasen áreas de reparto, asinado por 29 persoas en outros tantos escritos idénticos**
- c) Modelo 3, semellante ao anterior pero sen mentar o sinalamento de áreas de reparto, asinado por 53 persoas en outros tantos escritos idénticos.**
- d) Modelo 4, no que se manifesta só a oposición ao polígono de Perros, asinado por 9 persoas en 5 escritos do mesmo tenor literal.**
- e) Modelo 5, de oposición ao vial oeste, asinado por 8 persoas, noutros tantos escritos de idéntico contido.**
- f) Modelo 6, proposta de vial alternativo Adoufe-O Tremo, asinado por 19 persoas nun só escrito.**
- g) Modelo 7, escrito do Grupo Municipal do BNG, cecais, de tenor máis político pero semellante nos contidos ao Modelo 1.**
- h) Modelo 8, asinado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, apuntando cuestións técnicas e de acaemento á legalidade.**

O resto dos escritos (20, en total asinados por outras tantas persoas), como se apuntou máis atrás son diferentes entre eles e prantexan en todos os casos cuestións particulares, que por non contradicir os criterios xerais prantexados, polo xeral, asumíuse o seu contido, total ou parcialmente, segundo os casos.

En total **foron 387 as persoas** (físicas ou xurídicas) **distintas** que asinaron escritos de suxerencias. Xa que logo, en 84 casos produciuse un dobre ou triple asinamento. Desas 387 persoas distintas, 295 teñen a condición de veciños de Brión e 92 son persoas residentes fóra deste T.M.

Coidamos que respostando ás cuestións prantexadas nos escritos do Modelo 1 contestamos tamén a todas as agrupadas nos modelos 2 a 7 (a.i.). velaí, o porqué no apartado seguinte se conteña o que xulgamos constitúe a resposta do Equipo Redactor ás cuestións nesas escritos prantexadas.

### 3. Contestación ás cuestións xerais

Como xa dixemos na Introducción, dentre todos os modelos de escritos de suxerencias que prantexan alternativas xerais ao PXOM de Brión presentadas no período de información pública do Avance de P.X.O.M. de Brión, hai un no que se prantexa a totalidade das cuestións sobre as que xurdiron disconformidades; concretamente é o escrito presentado en trinta entregas, con rexistros de entrada n<sup>os</sup> 157, 158, 159, 222, 223, 224, 225, 226, 227, 228, 229, 230, 231, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 242, 262, 263, 264, 265, 266, 267, 268 e 269. Estes trinta escritos aparecen asinados por 348 persoas diferentes.

Contestando este escrito, coidamos que contestamos tamén o resto dos prantexados sobre as mesmas cuestións, porque non deixan de ser variantes do mesmo e/ou, un sinxelo apuntamento da discrepancia. Doutra parte, os asinantes destes outros escritos asinan tamén o de carácter digamos, máis completo. Cecais, a única cuestión apuntada nestes outros sexa o de pedir a delimitación de “*áreas de reparto de cargas e beneficios*”, cuestión esta que, aínda que non se tivese solicitado teríamos que abordar agora, no Documento para Tramitar, porque esa é unha exixencia legal. Efectivamente, no presente documento, para aprobación inicial, xa se delimitan esas áreas e amáis delo, temos que dicir que levan a aquiescencia da práctica totalidade dos afectados que para este mester foron consultados.

Pasando xa á análise do escrito comentado temos que dicir que se dispón en dous apartados:

**A) Análise e valoración.**

**B) Propostas argumentadas.**

O apartado A) que ven ser a **parte expositiva do escrito**, desenvólvese en **6 puntos en un Resumo**; a saber:

- 1º) Sinalamento dun teórico **desacamento cos principios constitucionais e contravención da lexislación básica urbanística** a respecto dos primeiros.
- 2º) Sinalamento dun teórico **desacamento do principio de audiencia**.
- 3º) Teórica **desigualdade de trato na información**.

4º) Teórica **falla de xustificación do sistema viario básico.**

5º) Teóricas **incongruencias entre a filosofía do planeamento e as propostas avanzadas.**

6º) **Opiniós sobre a cidade-xardín** e sinalamento da falla de documentación básica.

7º) Resumo.

Poderíamos contestar o presente escrito así como o miolo dos contidos dos escritos do resto de modelos semellantes cunha soa afirmación: **os escritos confunden o que é un Avance de Planeamento co que sería un Documento para tramitar.** Un **Avance de Planeamento** é unha **Proposta de carácter xeral**, sobre o modelo de ordenación, con sinalamento da **estratexia, as directrices e os obxectivos xerais** do plan, para o que se terán que precisar os **criterios xerais nos que basear a ordenación**, e as **solucións xerais propostas** (sistemas xerais, clasificación do solo, etc.). insistimos, un **Avance é unha proposta**. E para disentir, coidamos nós, non é necesario recurrir á mención da Constitución Española, nen ningunha lei básica de directa aplicación no eido do urbanismo. No momento de presentar a proposta é cando a cidadanía debe opinar sobre o acaemento ou non dese modelo aos seus intereses, necesidades e arelas, e mesmo sinalar os problemas que de orde legal pode conlevar a adopción das determinacións avanzadas. Así o di con extrema craridade o artigo 41 da Lei do Solo de Galicia.

É entón, no que se dispón dese avance, cando se abre formalmente *“un período de información pública polo prazo mínimo dun mes, mediante anuncio no D.O.G. en un dos xornais de maior circulación da provincia, durante o cal as entidades e os particulares poderán suxeri-lo que estimen oportuno e presentar propostas e convenios urbanísticos que estimen procedentes”* (artigo 41.1 da L.S.G.).

Xa que logo, non entendemos que se inclúa como grave deficiencia xurídica –mesmo como incumprimento constitucional- o non ter sido *“debidamente informados”* a *“maioría dos veciños interesados e afectados”*. Precisamente, o Avance de Planeamento é o momento procedimental previsto para ese mester; e ven ser logo do seu coñecemento, cando se ten que pronunciar a cidadanía.

Polo mesmo, carece de fundamento xurídico todo o exposto no punto 1 do apartado A). As teóricas deficiencias, nos casos onde se tivesen producido, é agora cando se poden correxir. Malamente con anterioridade. Pero, antes de pasar a outro punto, queremos



deixar constancia de que, aínda que a L.S.G. non se contemple como exixencia senón como posibilidade, o Concello fixo pública a decisión de elaborar o Plan comezando por publicitar o acordo e animar á cidadanía a opinar e formular propostas, facéndoo ao abeiro do disposto no artigo 35 da LSG e do 116,1 do Regulamento de Planeamento, aínda vixente, para recoller observacións, suxerencias e propostas que poidesen orientar a redacción sobre bases aceptadas en principio. Boa proba de que tal decisión deu o seu froito foi a resposta dun bó fato de cidadáns que emitiron esas observacións e suxerencias e formularon propostas, labor que desenvolveron, mesmo, algúns dos asinantes dos escritos de suxerencias que estamos agora a comentar, concretamente os que baixo o título de “*Comisión de Afectados polo Proxecto de Parque Industrial de Monte de Perros*” expuxeron a “*Consultora Galega S.L. empresa responsable da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Brión, a súa oposición á ubicación elixida para o mencionado Polígono Industrial*”, exposición feita en escrito de 5 de xuño do 2000. Coidamos que folgan máis comentarios. Se acaso, sinalar que para determinar o que é interés xeral non abonda con equiparalo ao que son, sinxelamente, opinións –respectables pero opinións- dun colectivo que en calquera caso era e é minoritario de entre os implicados polo dereito nesa determinación de localización que se contén no Avance.

Temos que lembrar que ese escrito foi emitido logo dunha longa sesión de discusión habida antre representantes do colectivo e do equipo redactor do Plan, no que se evidenciara craramente o desacordo de raíz sobre a tal localización do Polígono Comercial e Industrial no Monte de Perros.

E non se trata de que teña que prevalecer o criterio técnico do equipo redactor sobre calquera outro, senón en saber que ese criterio técnico dende o ponte de vista da aceptación xa fora dalgún xeito respaldado polo resultado electoral fronte a unha proposta programática sustanciada polo equipo de goberno anterior elaborada co gallo das últimas eleccións municipais, pois esa previsión dun polígono comercial e industrial fora, mesmo, como se di agora, a “proposta estrela” da formación política que logo gañou as eleccións. E, a maior abondamento (sendo isto aínda máis concluínte), previamente á elaboración do plan xa fora asumida a proposta con compromisos formalmente asinados por máis do 75 % da propiedade do sector, fronte dunha proposta

de diversificación productiva que xa fixara o mesmo equipo redactor con anterioridade á redacción do Plan Xeral, como se pode comprobar doadamente pola documentación obrante no Concello. Pero, voltando á liña argumentada no punto agora comentado, teríamos que dicir que, pesie a todo elo, isto é, pesie a ser asumida por unha maioría, podía ser esta unha proposta equivocada. Sen embargo, non é iso o que agora estamos a rexeitar; o que queremos suliñar é que é unha afirmación equivocada a que pretende dar por feito que non se informou á poboación.

Xa que logo, e cinxíndonos ao inicio da argumentación do escrito de suxerencias comentado, **non ten fundamento algún esa cita de disposicións constitucionais e de normas da lexislación urbanística en vigor**, pois no suposto de que na documentación aportada houbera fallos de información, para iso está prevista, precisamente, a información pública do Avance. Adiantamos agora mesmo que froito dalgúns apuntamentos deste e doutros escritos de suxerencias que as sinalaron –como non podía ser menos- poidemos advertir erros e corrixir eivas no terreo da información (algunhas carencias e inexactitudes puntuais) e redactar determinacións reelaborando ou matizando algunhas das propostas ata o de agora avanzadas. Para iso, repetimos, se prevén os Avances e a súa información pública. Pero **da bondade da publicación do proceso** coidamos que **é boa proba o número de suxerencias presentadas**.

E sobre a presenza de membros do equipo redactor para explicar o contido do Avance xulgamos que ninguén a pode poñer en dúbida. En centos e centos de horas, antes, durante e despois do Avance; e máis, ata agora mesmo, se ten materializado esa presenza todas as semanas.

2º) **O Punto 2º** do apartado sostén que o avance e o seu período de información **quebrantan o principio de audiencia**.

Refírese neste caso a unha teórica falla de diálogo cos veciños afectados polos viais perimetrais previstos no Avance, chegando a afirmar, que: “*Non é de recibo, dentro da legalidade nun Estado Social e democrático, impoñer feitos consumados*”. Pero ¿quen impón nada?. O Avance propón uns viais por considerar os autores do documento que son esenciais para o modelo de ordenación proposto. Se a cidadanía –enténdase, a maioría da cidadanía-, non estivese dacordo co modelo, habería que formular outro.

Sen entrarmos polo de agora no fondo do asunto, (cousa que veremos máis adiante) teríamos que dicir que, en todo caso, o que “*non é moi de recibo*” é este xeito de razonar, porque, para poder xustificar a comenencia, necesidade, etc. de calquera elemento esencial da ordenación (e os viais perimetrais aos que nos referimos teñen ese carácter)<sup>6</sup>, preciso é desenvolver mínimamente antes o modelo, e iso é precisamente o que se fai cun Avance. Cando se di que no caso do coñecido como “*Polígono de Perros*” si se tiña falado coa veciñanza, esquecese que este é un tema que xa ven de máis de tres anos atrás e que xa fora elaborada unha Modificación das NN.SS. que se non se aprobou aínda foi polo que se determina nas Disposicións transitorias da L.S.G. En calquera caso, técnica e formalmente, son cuestións diferentes. Nun caso trátase de elementos conformadores dun Sistema Xeral e doutro unha operación de desenvolvemento urbanístico que malamente se podería abordar sen o asentamento de máis do 50 % da propiedade.

**3º. Desigualdade de trato.** Como Equipo Redactor do Plan dóenos que se diga que se tratou desigualmente a cidadanía no proceso de exposición pública. Coidamos que a publicitación da exposición e a atención aos interesados polo contido do Avance foi máis que esmerada. Calquera que nos coñeza e actúe de boa fe, sabe que a atención á cidadanía é unha das cousas das que se pode gabar Consultora Galega.

No que respeita aos prazos temos que dicir que se estivo atendendo ao público dende quince días antes da apertura “*legal*” do período de exposición pública, durante todo o mes en que se expuxo oficialmente o Avance e durante quince días máis logo de rematado o prazo.

Fixéronse paneis explicativos para axudar á comprensión do documento e facilitáronse copias de planos que afectaban a cuestións concretas. Entendemos que facilitar fotocopias da totalidade da documentación a calquera que o solicitase sería un custo económico imposible de atender polo concello. En todo caso este é un tema que non é da nosa incumbencia.

---

<sup>6</sup> Ao remate do proceso como xa se deixou dito, un dos dous viais perimetrais foi substituído por outro vial, como resultado de cambios necesarios no viario estruturante xeral. Cuestión que demostra que non eran as propostas “*feitos consumados*”.

Neste punto, como na xeneralidade dos contidos de todo o documento téntase tirar conclusións collendo anacos do articulado de textos legais, e aplicándoos fóra de contexto. Así, a cita onde se di que *“na formulación, tramitación e xestión do planeamento urbanístico as Administracións competentes deberán asegurala participación dos interesados, e en particular, os dereitos dos particulares afectados”*, os asinantes non se decatan de que polo de agora aínda non se formulou nada máis que o Avance; xa que logo nin se tramitou nin, lóxicamente, se xestionou formalmente o PXOM.

Pero non é certo que non se formentase a iniciativa dos particulares e moito menos que se discriminase a ninguén. En concreto, asinantes cualificados do escrito que comentamos, mantiveron longas conversas cos membros do equipo redactor, e nelas evidenciáronse, como adoita acontecer, discrepancias máis tamén algúns acordos.

#### 4. A cuestión dos viais básicos.

Outravolta, os redactores do escrito que estamos a comentar fan citas incompletas.

Indican que se lles dixo que *“... os novos ‘viais’ proxectados son ‘boulevares’. Pero sorprendentemente, na Memoria Xustificativa dise que tales ‘viais’ son de 16 m. de ancho para permitir o trafego pesado”*. Nós cremos que cando se cita hai que citar correctamente pois a fase completa é: *“Este vial debe ter unha sección transversal comprida (16 m.) para permitir o trafego pesado e ao tempo usos urbanos”*<sup>7</sup>

O que se quere significar con isto é que é pretensión do Plan **tirar o trafego pesado xa existente que hoxe decorre pola estrada Negreira-A Picaraña** (maioritariamente o transporte de madeira) e **que, lóxicamente cruza os núcleos urbanos máis significativos: Pedrouzos e Os Anxeles, para levalo a viais perimetrais**. Por suposto que tamén decorrerán por eses viais os trafegos que orixinen as novas actividades, pero ¿temos, por iso, que demonizalas?. Nós temos que facer concordar na mesma vía o paso de vehículos pesados co trafego urbano e para elo fai falla unha sección mínima imposible de lograr polas vías actuais sen derrubar boa parte do caserío co ensanchamento dese viario xeral existente. Poden ser, pois, vías tipo *‘boulevard’* ou de seccións transversais que garantan beirarrúas cumpridas, ou calquera dos deseños que se

---

<sup>7</sup> O suliñado é noso e de agora.

ensaian decote cando se pretende a coexistencia de trafegos distintos (marcha a pe, veículos lixeiros, camións, etc).

O de morrer o vial en Perros, non era só nin principalmente unha cuestión de comunicación do parque empresarial previsto coas vías xerais que decorren en dirección leste-oeste, senón porque é o primeiro sitio –vindo dende a estrada N-550- onde cabe desviar a estrada AC-3000 para evitar os estrangulamentos de Soigrex a Alqueidón.

Descoñecemos por qué se asevera tan redondamente que este vial “*non ten xustificación nin legal, nin técnica, nin económica*”.

Evidentemente, o vial non poderá adquirir carta de natureza legal mentras non se aprobe o PXOM, pero a súa plasmación nel obedece a criterios técnicos, económicos e de oportunidade. Técnicos, porque xa agora mesmo, como vimos de dicir, as vías AC-3000 e AC-451 non son quen de resolver acaídamente a seguridade vial amenazada por trafegos intensos e, sobre todo por unha considerable porcentaxe de trafego pesado; técnicos igoalmente, porque co trazado proposto (por descontado sempre axustable e mellorable), estamos procedendo a delimitar aqueladamente o contínuo urbano principal polo leste; técnicos, en suma porque se mellora a calidade urbana dos principais núcleos da área urbana básica (de Pedrouzos e de Os Anxeles). Económicos porque o concello só ten que xestionar os terreos, correspondendo ao ente autonómico a construción dunha nova arteria para fluxos circulatorios perimetrais, mais tamén vía de usos urbanos no lindeiro leste do solo urbano, de xeito que se combinan beneficios públicos e privados. De oportunidade, porque este é o momento de poder deseñar o viario esencial da futura cidade (pequena, a escala, pero urbe) de Brión.

E que ninguén pense que o equipo redactor actúa neste tema digamos, a “*piñón fixo*”. Froito das suxerencias de todo tipo presentadas, incluída por suposto a que agora comentamos, procedeuse a mellorar e axustar o trazado, (motivado tanto por cambios na calificación do solo que se suxeriron, canto polo redimensionamento do propio ‘polígono’, e pola mellor xestión dos terreos en concordancia cos propietarios do solo afectado polo vial) e tamén o **deseño de entronques** e, sobre todo, o **percorrido**, que xa non chega ata Brans senón que chega só ata o futuro corredor Santiago-Noia.

Doutra parte, nonos cansaremos de dicir que un modelo de cidade calquera (non só a cidade no xardín, pero esta tamén) precisa de viario acaído para desenvolver o trafego

sen que este afecte negativamente ou afectando o mínimo posible a calidade de vida urbana. Podemos discutir se un vial se ten que mover 30, 50, metros sobre unha traza predeterminada, pero ninguén que considere desprexuízadamente estas cuestións e, mesmo, a situación actual de Brión, pode negar a existencia de que o Plan faga a previsión (e mesmo a programación) dun novo viario básico: tanto no sentido norde-sur, como no leste-oeste<sup>8</sup>.

Sobre do vial perimetral oeste o escrito que comentamos insiste outravolta en argumentos falsos. O vial oeste, efectivamente, é de novo trazado e as razóns que aconsellan a súa previsión no planeamento son, en boa parte semellantes ás do vial leste. Trátase dun vial perimetral, canalizador de trafegos que chegando dende calquera ponto ao cruce da Gándara se dirixen cara o norde onde se xuntará coa estrada Bertamiráns-Negreira (e posteriormente co corredor rápido Santiago-Costa da Morte), permitindo a introducción axeitada na trama urbana de Brión e facilitando o acceso a novas implantacións xeneradoras de trafego (Zona Deportiva de ámeto comarcal, área comercial e hoteleira de Riazos, etc. etc.). Non entendemos que ten que ver todo isto con ningunha “*operación especulativa*”. O principio de igoaldade no reparto de cargas e beneficios é un principio esencial do urbanismo que se segue escrupulosamente no presente Plan<sup>9</sup>.

Por último, neste punto do escrito coméntase o tema do **corredor Santiago-Noia**.

A afirmación de que “*En toda Galicia, do Estado e da Europa comunitaria, debe se-la primeira vez que un corredor das características proxectadas e de novo trazado atravesa o núcleo urbán dun Concello*”, é a todas luces inexacta; e o é por dúas razóns. Ata o de agora os terreos que atravesa o vial dese corredor<sup>10</sup> non estaban clasificados como solo urbano. É o presente Plan o que os incorpora a un proceso de desenvolvemento urbano. En segundo lugar, e sen sairmos de Galicia, pensemos que a Autopista do Atlántico cruza Pontevedra, cruza Vigo, penetra en A Coruña, decorre por

---

<sup>8</sup> Se ao fin este vial desaparece da ordenación é por coerencia da propia funcionalidade do viario estruturante. Pero o que se produce é a súa traslación mais cara o oeste e arrancando de Soigrex e non de Perros, para o cal é preciso correxir os alineamentos da vía AC-3000, dende Perros ata Soigrex.

<sup>9</sup> A proba da xusteza desta aseveración é que, logo dos cambios demandados pola D.X. de Estradas, este vial perimetral oeste é o que vai canalizar os trafegos N-S ao paso por Brión. E velai que sexa financiado integralmente pola COPOPV, segundo acordo reflectado no correspondente Convenio.

<sup>10</sup> Definitivamente será construído o vial coas características de autovía.

áreas urbanas de Santiago... A vía rápida do Salnés cruza Sanxenxo, a autovía das Rías Baixas cruza Porriño ou Mos, etc. etc. Pero, é máis, calquera área urbana ben organizada dispón acaídas conexións, con vías, mesmo de varios carrís por sentido de circulación, que as atravesan para conectalas co sistema xeral viario.

Sen entrar outravolta no feito de que, tendo en conta somentes só os intereses do territorio de Brión, o trazado podería ser outro (cosa que xa se dixo por nós por activa e por pasiva e, mesmo, en recurso ao estudio informativo feito polo propio Concello), o certo é que o labor desenvolvido polo equipo redactor a este respecto, ao que adicou tempo abondo (antes e despois de exposto o Avance de Planeamento)<sup>11</sup> foi tentar hamonizar o paso deste vial coa ordenación da zona atravesada, evitar os efectos-barreira, minorar os impactos visuais e acústicos, compensar urbanísticamente aos propietarios afectados a traveso dos mecanismos previstos na L.S.G.<sup>12</sup>, crear un grande parque central da área urbana Pedrouzos-Os Anxeles (ligada ao parque fluvial do Pego), deseñar aqueladamente os viais urbanos norte-sur desta área que decorrerán por baixo do corredor (que terá que ir enteiramente elevado), etc. etc. E todo elo, como poidemos comprobar logo de térmonos entrevistado coa inmensa maioría dos propietarios das máis de 30 áreas de reparto previstas nesta Zona, coa aquiescencia practicamente total pola súa parte<sup>13</sup>.

**5º e 6º) O tema da tipoloxía aplicada a determinadas áreas da expansión** (tratamos os dous puntos xuntos, porque no escrito non teñen solución de continuidade).

Énchenos de ledicia saber que se comparte a filosofía do novo modelo de ordenación. Pero, con todos os respectos, coidamos que non se entendeu cabalmente e na súa totalidade o seu alcance.

Antes dicir, sen embargo que non hai contradicción entre estar en contra “*das urbanizacións pechadas en si mesmas*” e a aprobación do Plan Parcial modificado Monte Devesa II. Precisamente para que non se segan a dar este tipo de

---

<sup>11</sup> E mesmo ata o último momento da emisión do Informe vencellante do Excmo. Sr. Conselleiro.

<sup>12</sup> O treito que atravesa solo urbano será obtido por ocupación directa, logo de acreditar os correspondentes aproveitamentos urbanísticos nas áreas de reparto de solo urbano non consolidado aos que se adscribe este Sistema Xeral

<sup>13</sup> Agora reducidas, como consecuencia de todo o que xa se dixo na Introducción á presente Memoria.

desenvolvementos urbanísticos é polo que queremos cambiar o modelo. Pero mentras non se aprobe o novo Plan, o Concello ten que seguir na aplicación do planeamento vixente. Pódese argumentar que este planeamento foi feito polo mesmo equipo que está a facer o PXOM, isto é por nós. Efectivamente isto á así. Noustante, débese saber que cando alguén planifica o futuro tenta marcar uns obxectivos; porén, a práctica ao longo do tempo fai xurdir elementos non desexados, imposibles ou moi difíceis de prever con tanta anterioridade. Porque –e pensamos que, pesie a todo, afortunadamente-, a vida é máis complexa que a norma, e as sociedades mévense entre contradicións e que, polo mesmo, o que hoxe serve, mañán xa non.

Nós, ao decidirmos propoñer un cambio de modelo falamos de aplicar o que chamamos **cidade no xardín** ¿Cal é a diferenza sobre o modelo normativo existente, se hoxe a edificabilidade da que estamos a falar ou é a mesma ou é aínda unha edificabilidade menor que a prevista nas NN.SS. vixentes? A diferenza asenta basicamente na **liberación de solo para dotacións de dominio e uso público** (parques, zonas verdes, espacios libres e todo tipo de equipamento comunitario) que pode dar lugar a un **asentamento realmente comunitario**, incardinable no preexistente e participativo, porque tal ordenación potencia o encontro, o disfrute en común, a existencia de diversidade de usos (residenciais, comerciais, hoteleiros, financeiros, equipamentais de toda orde, etc.). todo elo, nun espacio hoxe baleiro (pero de titularidade totalmente privada logo de se ter producido xa o abandono dos usos tradicionais), rodeado de asentamentos orixinais, pero tamén desas urbanizacións pechadas que só se abrirán se se chega a materializar esa nova **cidade no xardín**.

Non é unha paisaxe “*quebrada e desequilibrada*” a que propoñemos, senón unha paisaxe **que integra o novo e o vello, conservando fitos espaciais senlleiros pero correxindo os impactos das actuacións desacertadas, unha paisaxe que harmoniza artefacto e natureza**, que xenera unha outra **relación entre privacidade e comunidade**, que xa se está a perder en todos os territorios onde a expansión da cidade responde a un concepto de distancia-tempo e non ao do simple espacio a remodelar analóxicamente co precedente.

Quen hoxe visite, pomos por caso, o Baixo Miño ou Val Miñor, ande polo Morrazo, ou polas terras da Coruña e do Condado, atopará situacións semellantes ás producidas en



Teo, en Ames ou en Boqueixón e algunhas das experiencias negativas de Brión. Hoxendía o Rosal está a media hora de Vigo e xa é lugar escollido para dormir en forma de centos de vivendas unifamiliares que están a modificar a paisaxe orixinaria sen plan de caste ningunha. Pero non é iso o peor. O que é preocupante é o feito de que esa poboación que alí vai –como ven eiquí a Brión- en busca de natureza a prezos baratos, en moitos casos non se integra no lugar. Daquela, chega un momento no que polo prezo dun solar esa xente coida que mercou para si o territorio todo; e aínda máis, as posibilidades do seu evoluir (e isto teremos que coincidir que é excesivo).

En definitiva, o modelo que estamos a propoñer, logo de observadas as ducias de experiencias habidas nestas últimas dúas décadas, é un modelo que, sen coutar ese movemento centrífugo da poboación (dende a cidade cara os territorios do seu contorno), racionaliza formal e espacialmente os novos asentamentos viabilizando toda a ricaz morfoloxía de asentamento: rehabilitación e, mesmo vivenda nova dentro dos núcleos rurais, pero sen desvirtuar fondamente ese seu carácter; vivenda unifamiliar en núcleos urbanos consolidados, vivenda unifamiliar aillada ou adosada (pero forzosamente limitada) en determinadas áreas, e vivenda colectiva, en edificios exentos (pois non se trata de reproducir aquí as tipoloxías urbanas da edificación formando couzadas, propia do lento evoluir da cidade tradicional, que sería aquí de xestión difícil ou imposible), situados racionalmente, coidadosamente sobre o territorio-xardín (público e privado), dotado de equipamentos, co nivel e cualidade máis exixentes-, e a protección dos propios recursos e o medio ambiente.

Nós nada teríamos que obxectar á continuación do modelo de ordenación anterior se a demanda de solo se moveuse con cifras dos anos oitenta. Pero hoxe esa demanda multiplicou por varios enteiros e o desbaldimento de recursos (en auga e o seu tratamento, en comunicacións, en servicios, en transporte, etc.) contradi as previsións iniciais que levaron a vivir aquí aos pioneiros que querían recuperar a natureza.

Por todo elo, temos que dicir que non concordamos cos autores do escrito cando definen as características, non xa da **cidade-xardín** (que tampouco), senón da (pequena) **cidade no xardín** que é a que prantexamos.

Antes de rematar co comentario aos puntos 5º e 6º, que vimos facendo, si temos que recoñecer un erro, en principio unicamente atribuíble a nós, como equipo redactor, consistente en que logo de facer un esforzo suplementario en mellorar o nivel de información sobre o inventario do patrimonio cultural de Brión (xa ben estudado en ocasións precedentes), información que estaba feita e, mesmo preparada para editar, con bastante antelación ao Avance (como saberán todos os que viven nos núcleos rurais e falaron co técnico que recolleu toda esa información), seguramente por descoordinación entre os membros do equipo encargados da edición, ese estudio non figurou dentro da documentación da Memoria Informativa. Acompáñase, sen embargo, agora no documento para tramitar, mais, en calquera caso, queremos significar que esa información xa fora tida en conta á hora de redactar a Memoria Xustificativa e os Planos de Avance. Por conseguinte, ese esquecemento non atinxe ás determinacións do planeamento. Porén, insistimos, entendemos que nesta observación feita no escrito que comentamos, hai completa razón na crítica, porque os que o asinaron non tiñan porque saber que a carencia deste preceptivo estudo sobre o patrimonio brionés se debía a termos esquecido a súa inclusión na documentación exposta ao público. Por elo pedimos sinceiras desculpas.

Sobre do resto de cuestións apuntadas no mesmo punto 6º) do apartado A) do escrito sinalar que:

- a) No Avance xa se sinalan as **proteccións do sistema hídrico** con ámetos que sobardan en moito as exixencias da Lei de Augas vixente. As medidas para prever asulagamentos e minorar efectos, mais alá do sinalamento das rasantes do viario, corresponden máis ao planeamento de desenvolvemento e/ou aos preceptivos proxectos de urbanización que a un plan xeral.
- b) Sobre a **cualificación do modelo de edificación** cremos que un Avance de Planeamento non é o documento acaído para reflectar cuestións tan específicas como “*adaptación bioclimática*”, “*aforro enerxético*”, etc. etc. De todos os xeitos, consideramos esta suxerencia como moi interesante. A preocupación pola calidade medioambiental que se apunta no escrito é compartida e tentaremos recoller (aínda que non sexa en todos os casos con carácter obrigado) as medidas tendentes ás súa preservación e mellora.

- c) Contra o que se sinala no escrito, na Memoria de Ordenación si se fai unha reflexión sobre o **modelo de transporte**, pero non está na man dun plan xeral municipal dun concello que “*está no medio*”, isto é que non é unha illa, o propoñer modelos diferentes aos usados no territorio máis amplo da comarca.
- d) Sobre os **servicios** necesarios para atender o incremento da poboación prevista é agora, nesta fase na que estamos cando se debe abordar a súa cuantificación, e, non na de Avance, polas razóns xa apuntadas no comenzo: un Avance é iso, un boceto, non un proxecto rematado.

7º) **O Resumo**, como o seu nome indica é un apuntamento resumido, básicamente sobre os dous temas que constitúen o miolo do escrito: a **cuestión do “polígono”**, ao que sempre se lle pon o alcume de industrial, cando o certo é que se proxectou sempre como “*comercial, industrial e de servicios*” e a **cuestión do novo viario de sistemas xerais**, nomeadamente o corredor leste-oeste e os viais perimetrais norde-sur (especialmente o que decorre polo leste das parroquias de Os Anxeles e Brión).

Na mesma liña de xeneralización só nos cabe dicir que:

- 1) Disentimos da caracterización que destes elementos da estrutura xeral e orgánica se fai no escrito, pero como froito das propias aportacións da participación cidadana, incluída por dencontado, a dos que asinaron o escrito agora comentado, levamos a cabo correccións sobre as determinacións avanzadas que, en esencia supoñen:
  - a) Unha **reducción considerable da superficie do polígono de Perros**, agora cinxido só á marxe esquerda da estrada AC-3000 no sentido Picaraña-Os Anxeles. E mesmo, unha **reducción superficial** sobre a orixinalmente prevista nesta banda da estrada. Redución que se ve favorecida pola previsión dun Polígono Industrial de carácter comarcal, con localización maioritaria no concello de Ames (ao norde de Bertamiráns), pero que tamén vai incluír terreos do concello de Brión.
  - b) A **modificación puntual do trazado** e os entronques con outras vías da prevista estrada perimetral que dende a AC-3000 leva ata o corredor rápido

Santiago-Noia, como resultado tamén da participación de propietarios de predios afectados, que facilita a xestión dos terreos<sup>14</sup>.

- c) O **mellor axuste dos entronques da outra estrada perimetral** (que nace e morre na AC-451) así como liviáns modificacións da traza, como resultado de termos atendido igoalmente suxerencias concretas feitas nese sentido.
- d) **Correccións na cualificación** do solo consecuencia dos cambios propostos no sistema viario.

---

<sup>14</sup> Como xa se dixo, repetidamente, en última instancia procedeuse a eliminar este vial para ser substituída a súa funcionalidade por outra vía Norde-Sur que en troques de se desviar en Perros o fará en Soigrex.

**B) AS “PROPOSTAS ARGUMENTADAS”**

Por todo o que vimos de dicir, anteriormente, entendemos que non é atendible a suxerencia de eliminar os viais perimetrais (propostas A, B e C), aínda que si se procedeu ao seu reaxuste e/ou cambio de trazado como xa indicamos.

Tampouco está nas nosas mans cambiar a traza do corredor Santiago-Noia (Proposta D). Nonos imos estender en máis argumentos que os xa apuntados en outras ocasións, pero si apuntar que cando escribimos estas liñas xa foi aprobado o estudo de impacto ambiental para ese corredor e, polo mesmo, o tema entra xa en fase proxectual e expropiatoria e, de seguido, na constructiva<sup>15</sup>.

Sobre a alternativa prantexada ao trazado dese corredor, respetando, por suposto, a opinión, non compartimos a idea de levar este corredor polo Monte da Rañalonga, logo de conducilo por outros concellos e cambiando dúas veces de conca.

Ningunha das razóns apuntadas a prol desta solución son válidas. Amén de levar a vía ata un trazado que demanda “*andar para atrás*”, que obrigaría a seguir usando a C-543 como vial de acceso nas viaxes a/dende Santiago, non por iso se evitaría a necesidade de construímos viais perimetrais se estamos polo labor de crear un novo espacio urbano en Brión (máis racional, máis respetuoso cos recursos, máis xestionable, etc.), nen se garantiría a construción alí, no dito Monte da Rañalonga, do polígono industrial, como se demostrou pola experiencia de tantos anos con esa previsión sen que fose posible nen tan sequera iniciar o desenvolvemento urbanístico desa opción.

Doutra parte, con esa alternativa entendemos que si se alteraría notoriamente a estrutura territorial e productiva da zona alta que nós consideramos que se debe manter, en concordancia -hai que salientalo- coa práctica totalidade da veciñanza desa Zona.

Son moi loables os desexos de potenciar o transporte público, mesmo cun “*metro*” de superficie. Mais, hoxe por hoxe, o tipo de habitat xenerado na Amaia dificulta a posta en servizo dun medio de transporte como ese, ata facelo practicamente inviable. Hai poboación pero non abondo para un transporte deste tipo na comarca de Santiago. E, en

---

<sup>15</sup> Agora mesmo (marzo de 2003) xa se está a redactar o proxecto constructivo da autovía completa entre Santiago e Noia.

calquera caso, tal previsión entra no eido das directrices de carácter comarcal que un só concello non pode impoñer.

No que atinxe á proposta de evitar a construción de “*grandes bloques de vivendas*” (Proposta E) temos que dicir que ninguén está a propoñer tal cousa, cando se prevé, (é **só para as zonas libres de edificación** do espacio existente entre os núcleos de Brión e os de Os Anxeles), a construción da tipoloxía de edificación de vivenda colectiva de ata tres plantas altas en corpos de 15x30, harmónica e racionalmente dispostos no territorio, con diferentes combinacións de utilización de pranta baixa (semilibre e/ou totalmente ocupada) e, sobre todo, supoñendo unha edificabilidade menor que a xa vixente hoxe en toda área. Tal modo de ordenar -insistimos por enésima vez- permite a **liberación de inxentes superficies de solo para espacios libres** (públicos e privados) e **para a dotación de equipamentos**, non só para os que demandarán as poboacións que aquí asenten no futuro, senón tamén para cubrir os deficits hoxendía existentes. Con elo, cremos que se está a propoñer un tipo de ordenación integradora (entre o vello e o novo, entre a tradición e a modernidade), de calidade no deseño que se leva adiante, como pensamos, vai constituir unha auténtica cidade no xardín, onde ninguén se sinta discriminado no disfrute da natureza –nen os que vivan en vivendas unifamiliares nen os que o fagan en edificios de vivenda colectiva, porque a natureza e a paisaxe han poder ser disfrutadas por todos.

Verbo da proposta consignada na letra “F”, diríamos que esa paisaxe catastrofista está moi lonxe tanto dos nosos propósitos, canto da realidade. Hoxendía non se pode construír un polígono industrial (e constrúense a moreas en zonas de maior densidade poboacional e en zonas con valores medioambientais máis apreciados que o piñeiral de Perros) se non se garante precisamente a preservación medioambiental (das augas, do ar, da vexetación, etc.).

E, doutra parte, fronte á afirmación –como a maioría das emitidas, carente de demostración- de que “... *o impacto social e económico sobre os lugares próximos e as persoas que os habitan...*” vai levar á “... *pérdida do valor das propiedades colindantes para usos residenciais, alteración da estrutura tradicional do habitat...*”, temos que dicir que hoxe xa está alterada aquela estrutura e que se o que preocupa é a preservación do valor de cambio das propiedades é que se considera bo que se sega a

trocar esa estrutura tradicional por medio do que se quere teóricamente evitar: a especulación. E elo, porque o valor da terra, en función exclusivamente, das capacidades productivas dela, está moi por baixo de calquera operación de compraventa de terreos para fins urbanísticos, mesmo dos que o IGVS pagará aos propietarios dos terreos afectados pola construción do polígono.

Doutra parte, queremos dicir que á vista da posibilidade xurdida na zona alta de Bertamiráns, onde se pensa localizar un polígono industrial de maior envergadura superficial (129,25 Ha.) no que tamén Brión vai apostar cunha pequena parte de superficie, (27,65 % do total), o polígono de Perros (que agora se delimita con ampla redución superficial verbo da inicialmente consignada no Avance) terá un carácter aínda máis comercial –sendo este o uso global previsto- e de pequena industria compatible con calquera outra utilización dos terreos da redonda. E doutra parte, a inclusión de terreos de Brión no Polígono centrado en Ames (e igoalmente a desenvolver polo IGVS), vai supor a adquisición de toda a franxa de bosque existente entre os núcleos de O Enxo e Brans e a estrada de Bertamiráns a Negreira para constituir un amplísimo colchón de aillamento vexetal -Parque Forestal- verbo das industrias que alí no “*Polígono de Ames*” poidan asentar.

Por último, verbo das **Fichas de Núcleos Rurais** que faltan na Memoria Informativa temos que dicir que dos catro núcleos apuntados no escrito, dous non son xa hoxe núcleos rurais, pois tanto Lamiño como O Tremo están inseridos no solo urbano – conforme as NN.SS., dende os anos oitenta. Si entendemos que se debe atender o erro de non ter incluído os outros dous: Adoufe e Guitiande, para os que se segue a entender que a condición de núcleos rural é a correcta cualificación, e tamén o de Rubial, cuxa descentrada localización tamén motivou o esquecemento.

E para rematar, manifestar que, aínda que da contestación ao escrito se poida derivar outra cousa, **estimamos moito o esforzo de todas as persoas que tivesen participado na súa redacción, recollida de firmas, etc.**, porque ca súa actividade foi posible xenerar a tensión precisa para que a tramitación do novo PXOM non sexa un acto de trámite, co resultado dun documento metido nun caixón.

Aínda que pareza o contrario, mesmo tendo argumentado en contra do que poderíamos chamar posturas esenciais do escrito, o feito de ter que facer mesmo a contra

argumentación levounos a recapacitar sobre a corrección ou incorrección das nosas propias propostas, a esforzármonos na explicación do que considerábase esencial fronte a un número moi grande de persoas que, todo hai que dicilo, seguramente, non se terían interesado polo Avance do Plan na mesma proporción, se outra xente nonos tivesen “*animado*”. Tamén por ese labor queremos agradecer a participación dos que con nós non coinciden.

Estamos certos de que é real preocupación dos asinantes do escrito, o pensar que co novo modelo proposto pode peligrar a calidade de vida que hoxe xa se conseguíu disfrutar en Brión. Nós, teñan todos a completa seguridade, compartimos esa preocupación e velaí que propuxéramos e seguimos a propoñer un cambio de modelo (“*cambiar algo para que non cambie o sustancial*”), que lonxe de atentar contra os resultados positivos conseguidos, axude a coutar os negativos que xa se van facendo patentes e, sobre todo, a impedir os que amenazan no horizonte.

Como todo intento humano, podémonos equivocar, pero só nos guía o afán de preservar e mellorar os valores e potencialidades desta Terra que, logo de tantos anos traballando a prol dela, xa consideramos nosa.



**4. OBXECTIVOS XERAIS DA ORDENACIÓN.**

#### 4.1. A CUESTIÓN DO MODELO TERRITORIAL.

##### a) *Introducción.*

Nestes últimos lustros a poboación galega ven reducindo os seus activos, facéndose máis vella e trasladándose ás cidades e grandes vilas onde se concentran boa parte das posibilidades reais de emprego; que, fronte a unha tradición milenaria, xa non se producen no sector primario nin nos subsectores agrogandeiro e forestal nin, mesmo na explotación pesqueira e marisqueira (subsector da pesca).

As sete cidades galegas e un fado de vilas grandes atraen poboación, mentras que se despoboan as zonas rurais, especialmente as das provincias de Lugo e Ourense, mais tamén determinadas áreas do interior da montaña das de A Coruña e Pontevedra.

Así, as zonas próximas ao litoral (agás o da Costa da Morte) e as zonas próximas ás máis importantes concentracións urbanas, veñen sufrindo unha presión urbanística moi forte que, en razón dunha lexislación excesivamente uniformista, a ausencia de ordenación de seu ou o incumprimento xeneralizado do planeamento vixente, deu orixe a fenómenos de completo desartellamento territorial, a expansión urbana case exclusivamente sobre viario preexistente a xeneralización de vivenda unifamiliar espallada anárquicamente, por toda parte, coutando de feito, as necesarias operacións de desenvolvemento urbanístico para conseguirmos unha expansión ordenada e equilibrada, respetuosa cos valores naturais e culturais preexistentes e fornecedora dos niveis dotacionais acaídos, isto é, proporcionados ao propio desenvolvemento; operacións onde os beneficios e as cargas entre todos os afectados polo planeamento teñan unha xusta distribución, xa que logo, onde a especulación do solo non sexa o pan de cada día, o incumprimento da norma sexa o feito cotián e o axuste a ela, unha excepción.

Ata o de agora (logo de dúas décadas de ordenación territorial municipal que se foi revisando para aquelala aos tempos e os cambios), Brión aínda veu ofrecendo unha panorámica de certa orde urbanística de harmonía entre o preexistente e as actuacións novas. Pero esa presión que exerce Santiago sobre os territorios veciños, como non

podía ser menos, tamén comezou a se deixar ver por eiquí, e, mesmo como froito de operacións que no que atinxe á súa xuricidade, axustaban coa normativa vixente. E así, foron xurdindo efectos non desexados, tanto no que respeita á aparición de urbanizacións pechadas en si mesmas, non integradas co existente, como no que atinxe á profusa e desordeada multiplicación de vivenda unifamiliar aillada, pequenas promocións de vivenda adosada, etc. Evidentemente, todo elo, na Zona Leste do T.M. ou Zona de Abaixo. Estes feitos están a poñer a descuberto as fendas por onde veñen furando en Brión os ventos desa presión á que nos referíamos. A dimensión real dos efectos negativos, sobre todo comparada coa dos concellos máis próuximos á urbe (nomeadamente Teo e Ames), pódese dicir que non é aínda alarmante en Brión, pero entendemos que xa está a apuntar a necesidade de adiantarmos na posta en marcha dos mecanismos que, dando canle a unha demanda crecente de usos edificatorios diversos, sexan quen de minorar os impactos e efectos negativos que todo crecemento acelerado adoita conlevar.

E matinando na maneira de abordar esta cuestión, de seu tan complexa, é que demos en concluir que é ineludible a exixencia de irmos na procura dun novo modelo territorial, aínda sendo sabedores de que todo cambio supón o enfrontamento cas inercias do establecido, do coñecido.

Sabemos, efectivamente, que os cambios provocan adoito reaccións de oposición porque a maioría da persoas temen o que non coñecen ou o que non chegan comprender na súa integridade. Pero, se se nos permite a analoxía, é obriga de quen sabe do perigo que supoñen as fendas na presa dun encoro, poñer todos os remedios para que a auga retida cause os menores danos, se a presa se ven abaixo, facendo canles por onde derivar a auga ou construíndo outras presas que a reteñan.

O que, ao noso xuízo, aconteceu en Brión, á hora de enxuizar o modelo proposto do documento axeitado a tal fin, isto é o Avance de Planeamento, foi que, centrada a atención dalgunha xente en cuestións importantes, pero puntuais, tamén xeneradas pola extensión do feito urbano de Santiago, como a pretensión de construír un corredor rápido ou Autovía entre Santiago-Noia, nun principio facéndoo só na súa primeira fase (Gundin) aínda que agora coa pretensión de construír a autovía completa entre as dúas urbes, o discurso sobre o novo modelo (que é a cuestión esencial do Plan Xeral que

agora se pretende elaborar, tramitar e aprobar) non tivo o resón que agardabamos. Por elo insistimos outravolta, nesta cuestión tentando explicala aínda máis na presente Memoria Xustificativa.

b) *Antecedentes teóricos xerais e concreción das tendencias analizadas no territorio de Brión.*

En Agosto do ano 2000 o Foro da Cultura Galega que se desenvolveu en Santiago dende o último trimestre do 1999 ata o mes de xullo do 2000, con participación de intelectuais, técnicos, artistas e xente vencellada á cultura en xeral, deu a coñecer as primeiras conclusións ás que se chegou no devandito Foro. Unha das áreas de traballo, denominada: Patrimonio cultural e Cultura Urbana, fixo do debate sobre os modelos de asentamento no noso país, un dos dous eixos de reflexión, para podermos comprender o pasado, o presente e o porvir do noso desenvolvemento territorial, económico, social e cultural. No documento saído desta área dicíase:

*“Quizais en ningún outro país como en Galicia teña sido máis harmónica a relación entre o feito rural e o feito urbano. O desenvolvemento histórico da maioría das cidades e grandes vilas galegas foi debedor dunha moi estreita dependencia verbo dun territorio con habitat disperso pero xerárquicamente organizado, constituíndose en referentes dun territorio ordenado...”*

*Nos últimos trinta anos chega a Galicia e desenvólvese con rapidez un fenómeno de dimensións planetarias: a urbanización. Pero, a diferenza doutros lugares, no proceso de urbanización do territorio de Galicia, mesmo nas áreas máis urbanas como Vigo, o tránsito rural/urbano endexamáis xorde nido senón a choutos entre un e outro sen solución de continuidade...”*

Aínda que semella unha obviedade, cremos que hai que lembrar que o noso país, todo el, asenta nun territorio habitado por unha comunidade diferenciada por razóns de toda orde. Á complexa e dispersa estrutura dos asentamentos de poboación hai que engadir a que devén do réxime de propiedade (dual –privada e pública ou vexetal- e complexo), do relevo topográfico, das condición climáticas, dos modos de produción e as relacións económicas.

Velaí que no documento ao que nos estamos a referir se sinala:

“...Elementos todos eles, xenuinos, que adquiren unha dimensión especial ao coexistiren **actualmente**<sup>16</sup> dúas formas de cultura: a **tradicional**, baseada en grande medida na vella estrutura rural e agrícola, e a **moderna**, constituída básicamente por un nidio desenvolvemento urbano. Ámbalas dúas teñen puntos de coincidencia e solápanse dando lugar a outra cultura: a **rururbana**, mixtura das anteriores, que adquire entidade propia e un forte peso específico, ata chegar a ser abondo representativa da Galicia actual”, alomenos na Galicia Occidental e no contorno das cidades e grandes vilas do interior, engadimos nós.

A primeira conclusión á que se chegou no Foro, que compartimos por enteiro, é a de que aínda é posible compatibilizar o crecemento da cidade cun desenvolvemento socioeconómico, equilibrado e autosostido. Abonda para elo con “...dar pulo ás potencialidades de todo tipo que a cidade e o seu ‘hinterland’ ofrendaban de antano e engadir novos valores, novas potencialidades, compatibles coas existentes e coa calidade de vida inicialmente acadada”.

Para nós non cabe a menor dúbida de que Brión, aínda que territorio rural, ata hai ben pouco de cheo, hoxe xa participa tamén das características do mundo onde se entremisturan factores, formas e actividades rurais e urbanas. Brión é un territorio que se sitúa no hinterland dunha das cidades con maior desenvolvemento de Galicia no tempo presente (Santiago de Compostela) e, polo mesmo, Brión ten que se preparar -de feito xa se veu preparando nas últimas décadas- para asumir novos roles e para así poder “engadir novos valores, novas potencialidades compatibles coas existentes...”

Porén, para que iso sexa posible, fai falla acaer co que poderíamos chamar **esencia do territorio**. O territorio é, evidentemente, e ninguén o pode negar, unha realidade física e, como tal, debedora de tectónicas, de relevos, da composición dos solos, do clima ou a vexetación; o territorio está condicionado por infraestructuras de diversa índole (productivas, de comunicación, de servicios...), pola edificación e polo mesmo xeito de asentar, de poboar, así como polos artificios de todo tipo inzados pola presenza humana nel ao longo da historia. Pero o territorio tamén é a fusión de todos eses factores nas mentes dos que nél asentan, provocando sentementos de autorrecoñecemento e de estima, de refugallo ou de indiferencia. E elo é así porque o territorio é paisaxe e, como

---

<sup>16</sup> O suliñado é noso.

moi ben sinalou Otero Pedrayo, non hai máis paisaxe –alomenos entre nós- que a paisaxe histórica, porque ela mesmo é froito dunha **constante e ininterrumpida modificación do territorio dende os albores do tempo**. O resultado dese labor de construción permanente do territorio (ás veces con acerto, outras, sen él) é o que, ao noso xuízo, mellor caracteriza os pobos, pois é nesa estratigrafía dos artificios plasmados polos ser humano ao longo dos séculos nun territorio dado, onde máis doado resulta atopar o respetivo ADN da sociedade que o levou a cabo.

Cando os cambios se producen de vagar (a inmensa maioría da historia foi así) ven ser máis doado acertar coa mellor solución para aqueles eses cambios á escala propia do territorio. Mais cando estes se producen a moita velocidade, como acontece no momento presente, é moito máis complexo e difícil ordenar axeitadamente o territorio para que asuma novos roles sen atender contra os seus elementos esenciais.

No mesmo documento final do Foro da Cultura, e como importante contribución aos seus fins feita polo profesor da Universidade en Santiago Carlos FERRÁS SEXTO, apuntábase:

*“O rápido proceso de circulación financeira, a influencia dos medios comunicación e informáticos sobre a vida cotidián de todos os cidadáns e as fusións das grandes empresas multinacionais están a provocar cambios económicos e sociais que teñen, lóxicamente, o seu impacto na organización do espacio, e polo mesmo na estrutura do territorio.*

*Neste contexto, as cidades aparecen como puntos de relacións sociais e como núcleos de espallamento de novos investimentos tecnolóxicos, económicos e culturais.*

*Os cambios sociais e territoriais exprementados en Galicia nos últimos tempos non son alleos a ese novo contexto mundial ao que se ten alcumado co adxetivo de globalizado.*

*É preciso que teñamos en conta que a globalización económica repercute seriamente no territorio de mil modos, pois permite a deslocalización das actividades industriais (que deixan de se concentrar nas grandes cidades e andan na procura de lugares alternativos en áreas metropolitanas, mais preto de asentamentos rurais e pequenas vilas), xerando fluxos de poboación e de recursos cara o campo e asentamentos rurais a traveso dos avances en materia de telecomunicacións e tecnoloxías da información que permiten “habitar o espacio”, é dicir, residir e traballar en lugares físicamente*

*separados e trasladarse, máis ou menos doadamente de un a outro lugar empregando redes de estradas ou veloces vehículos de transporte.*<sup>17</sup>

Como xa sinalamos na introducción a este capítulo, o acontecido en Brión nestes últimos anos é mostra do que vimos de reflectar. Ata o de agora, de xeito pouco intenso, aínda que cualitativamente importante. Sen embargo, coidamos que deica en diante o fenómeno -que, como é lóxico, ten as súas especificidades- irá en aumento<sup>18</sup>; e, polo mesmo, o **Plan Xeral ten que partir dese convencemento para actuar en conseqüencia e con coherencia verbo do que vimos de apuntar.**

Brión foi un concello pioneiro en ordenar o seu territorio conforme a unha idea central: tentar ser el o que controlase os cambios na medida das súas posibilidades, adiantándose a eles e prevendo o mellor modo de paliar os efectos negativos que todo cambio social provoca, á beira das conseqüencias positivas que adoito conleva igualmente o evoluir das Sociedades.

Foi por iso que no comezo dos anos oitenta elaborou unhas Normas Subsidiarias que lle deron unha primeira canle aos cambios que xa daquela se empezaran a dar verbo do que poderíamos chamar “*primeira viaxe de retorno ao rural*”. Brión era nese momento un concello netamente rural e, aínda que xa se manifestaban nidas as diferencias entre a Zona de Arriba (máis agraria) e a de Abaixo (máis diversificada), mesmo nesta, seguían a ser as actividades do sector primario (agrogandeiras e forestais) as que salientaban por riba dos outros sectores, o industrial (con moi pouca presenza cuantitativa e cualitativa, cinxida en boa parte á construción) e o sector terciario (reducido case ao emprego no eido dos servizos das administracións: educación, administración municipal, etc. e nun cativísimo comercio tradicional).

---

<sup>17</sup> Esta cita, así como as que máis adiante fan referencia na hora presente ao concepto de cidade-xardín, e ao seu evoluir neste século mesmo no pensamento galeguista investigador son froito do labor que a respecto dos trocos exprementados no territorio ten desenvolvido o autor en publicacións como:

- **La contraurbanización. Fundamentos teóricos y estudio de casos en España, Irlanda y México.** México, 1998 servicio de Publicaciones de la Universidad de México.
- Cambio social e territorial en Galicia ¿de país rural a cidade-xardin? **SEMATA** nº 9. Univ. Santiago 1998 pp. 55-78.
- La ciudad dispersa y las aldeas virtuales. Los estudios geográficos y el retorno a la cultura. **EL TERRITORIO Y SU IMAGEN VOL. II.** Universidade de Málaga. Málaga 1999. Pp. 1031-1041.
- A globalización e o modelo de desenvolvemento territorial de Galicia ¿Concentración ou desconcentración? **CONGRESO DE ECONOMIA DE GALICIA.** Santiago, 1999. Pp. 143-150.

<sup>18</sup> A comparación dos datos de altas e baixas no Padrón Municipal que se deben a cambios de residencia evidencian unha acelerada diferenza en favor das primeiras nos últimos anos do presente decenio.



Ao fin da década levouse a cabo unha pequena Revisión do planeamento xeral co gallo de dar un soporte legal ás demandas provocadas polos cambios territoriais que trouxo da man o estatus de capitalidade de Santiago de Compostela e o desenvolvemento que iso supuxo para a comarca compostelana en xeral. Brión, situado a menos de 10 kms. de Santiago e sobre un corredor de importancia (C-543) era imposible que ficase fóra da súa influencia; e daquela xa foron advertidos os primeiros cambios exprementados na estrutura productiva da Zona de Abaixo.

Ese documento urbanístico elaborado a fins dos oitenta e primeiros anos noventa, así como algunha modificación puntual aprobada logo, tiveron como obxectivo principal a consecución dunha migalla de orde nas demandas provocadas pola anárquica avalancha edificatoria que fixera estragos nos concellos de Ames ou de Teo (por poñer só dous exemplos) e que ameazaba xa ao de Brión. Porén, entendeuse daquela -non estamos seguros se con acerto- que os cambios a desenvolver aquí non tiñan por que supoñer a substitución do modelo, pois xúlgouse que as demandas reais de edificación residencial non se tiñan porque dar só nin principalmente nos concellos do “*hinterland*” de Santiago senón, e sobre todo, no propio Termo Municipal de Compostela. Sen embargo, o Plan Xeral aprobado daquela polo concello de Santiago, cecais pola súa excesiva rixidez, tal vez pola falla de mecanismos acaídos de xestión ou pola acción combinada destes dous factores, non fora quen de resolver a demanda de solo urbanizado que se producía na mentada cidade e os demandantes fóronse ao exterior na procura da vivenda, alí onde os custos de solo eran moito máis cativos aínda que, hai que dicilo, entre outras razóns, pola nula ou escasa exixencia do reparto de plusvalías, que cobizaba o promotor urbanístico e o promotor usuario, así como por mor da máis que ampla permisividade -cando non franca ilegalidade- no feito urbanizador e constructivo nos concellos lindeiros.

Aínda que agora se tente poñer couto nas arestas máis saíntes (pomos por caso, a anulación do planeamento de Teo) o certo é que non ten volta atrás o proceso de urbanización levado a cabo nos concellos do sur, lindeiros do de Santiago.

Nese contexto novo (e por moito que teñamos en conta -e nos asusten- todas as eivas que pode conlevar o modelo hoxe imperante no contorno) coidamos que xa non é posible por enteiro o mantermos aquel outro modelo elexido en Brión vinte anos atrás.

A división territorial xa existente daquela, segundo a cal o territorio do Tambre (parroquias de Arriba) era inequívocamente rural e agrario, e o do Sar (parroquias de Abaixo), só rural en parte e cos recursos máis diversificados, e unhas actividades agrarias en franco retroceso, devíu hoxe en nidia diferenciación: permanece o carácter rural agrario na zona de Arriba (prácticamente especializado en explotacións gandeiras que baixaron no seu número pero non na coantía de gando e/ou nas cotas de produción leiteira) e mudou o carácter semiagrario de Abaixo para apuntar a unha economía onde priman os servizos, unha industria lixeira con posibilidades de medre e a construción –para ben ou para mal, motor económico en franco ascenso nos últimos cinco-dez anos. Agora mesmo Brión, para seguir a ser punta de lanza no urbanismo como foi nestes lustros, ten que dar resposta aquela a unha demanda de edificación forte, máis tamén á conciencia que sobre esa demanda ten a súa poboación. E para elo só hai dous camiños: o “*modelo*” (por chamarlle dalgún xeito) do “*laisfer faire*”, ensaiado nos concellos lindeiros citados, (habería que dicir, máis ben, que é a falla de modelo); ou o **modelo planificado e xestionado, onde á beira das permanencias rurais –por enteiro na parte de Arriba e relativamente na de Abaixo-, se lle dea forma a un novo tipo de asentamento urbano que responda harmónica e equilibradamente aos cambios territoriais que conleva a globalización e que fuxa da tendencia dunha exclusiva ocupación extensiva pero privativa do territorio.**

Evidentemente, o máis doado é o primeiro, máis tamén o máis perigoso a moi poucos anos vista. O segundo require **máis esforzo e imaxinación, máis adicación e máis xestión**, pero é o único en ofrecer **garantías de que os cambios territoriais que de certo van vir, sexan positivos para o conxunto** e non boten por terra o labor inmenso de dúcias e dúcias de xeneracións á hora de conformar o seu propio espazo para habitar.

Non imos propoñer facer aquí unha cidade ou unha vila que se pareza a calquera das que xurdiron no noso país ao longo do tempo, entre outras razóns porque aquelas fixéronse xustamente ao longo de moito tempo, pouco a pouco, de vagar.

Brión precisa ensaiar a construción dun espazo urbano oposto por un igual ao espallamento anárquico da residencia e ás unidades habitacionais pechadas en si mesmas, - urbanizacións como Monte Devesa, Monte Balado, etc-. Brión precisa un

espacio urbano onde no esencial se respeten as preexistencias, e mesmo a estrutura, pomos por caso, do viario tradicional e a fisonomía dos asentamentos orixinarios, creando unha outra estrutura que se encardine harmónica e axeitadamente nela, rexeitando eses exemplos de urbanizacións “*encarapuchados*” que xurdiron nesta última década, mesmo tamén no concello de Brión, que, dada a súa forma, pouco ou nada fan por se ensamblar no lugar onde se chantaron. O que propoñemos ensaiar é preciso facelo nun tempo máis ben curto porque hai realizacións, incluídas as de carácter estrutural decisivo –pomos por caso, a autovía Santiago-Noia- que van acelerar o proceso de expansión e poboamento aquí.

Brión precisa que o seu territorio non sexa únicamente un lugar elexido para vir dormir nel ou para pasar nel a fin de semana. Non é aínda, mais tampouco debe chegar ser, unha cidade-dormitorio. **O que Brión debe demandar** e, xa que logo, ofrecer, é **calidade de vida** e esta non só se debe **ligar a unha** tipoloxía de asentamento senón a unha **diversidade de usos**. O concello de Brión, caracterizado decote pola calidade de vida, precisa, pois, da **modelación dun espacio urbano amplo onde desenvolver** vida (tamén, e isto é importantísimo, vida económica); Brión precisa dunha cidade diversa onde dar acobillo a múltiples usos.

Xa que logo, a principal tarefa que se lle prantexa ao Plan Xeral (nova e non exprementada, pero imprescindible tarefa) debe focalizarse na **prefiguración** e mesmo no **deseño dunha cidade de novo tipo**, aínda non ensaiada antre nós; e, lóxicamente, en poder xestionala nun tempo relativamente curto, o cal vai requirir –non podía ser menos- maior **capacidade financeira**, cousa que non é difícil se ao tempo se consegue **unha maior capacidade técnica e de xestión** que, amén de evitar divorcios antre o planeamento e a súa execución, sexa quen de conseguir os recursos económicos e financeiros da propia materialización dos cambios.

Pero o feito de que tal tipo de cidade non teña sido aínda ensaiada entre nós, non quere dicir que non fose imaxinada ou mesmo debullada ata nos seus máis concretos detalles.

A meirande parte do pensamento galeguista (Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Alvarez Blázquez, etc.) fixeron propostas tendentes a pensar **Galicia como un sistema de cidades e vilas integradas co medio rural**, de tal xeito que o **campo fose sinónimo de ruralización da cidade e viceversa**. Castelao visionaba un país galego como “... *unha*

*soia cidade, a cidade-xardín máis fermosa do mundo, a cidade ideal para os homes que queiran vivir a carón da natureza...*<sup>19</sup>

O concepto de cidade-xardín ou “*cidade no xardín*” -que aínda nos parece máis acertado á hora de definir o modelo de cidade proposto-, foi formulada por vez primeira por Ebenezer Howard (1850-1928). Entre nós foi Antonio Palacios o que máis estudou –para o que hoxe sería a área metropolitana de Vigo,- un sistema de pequenas cidades rodeando a unha cidade maior e ben comunicadas con ela e entre si, adaptando a Galicia o concepto de Howard de cidade-xardín ou cidade no xardín.

Máis recentemente, outro tanto estudou, pomos por caso, o noso finado compañeiro, Xosé Bar Bóo, a respeito do que el denominou Rombo Sur da provincia de Pontevedra, con vértices en Vigo, Redondela, Porriño e A Guarda.

O fenómeno da expansión indiscriminada da edificación polo territorio nos últimos decenios, paradoxalmente coincidente co abandono de milleiros de núcleos rurais, deu lugar a novos núcleos de poboamento, amparándose para elo na excepcionalidade da construción de vivendas para uso agropecuario (leises estatais de 1956, 1975 e 1992; e galegas de 1985 e 1997).

Eses novos núcleos, pesia as cautelas legais, xurdiron como cogumelos, conformando o que algúns chaman “*cidade difusa ou simplemente rururbano ou periurbano*”, primeiro extendéndose dentro dos territorios rurais dos propios concellos urbanos, e logo, sobardando eses termos municipais e acadando os territorios dos concellos das respectivas comarcas. O resultado, como non podía ser menos dado o seu carácter non planificado, foi tremendamente negativo<sup>20</sup> e só logo de tanta desfeita é que se produce a situación –mesmo no nivel da conciencia popular- que cobiza irmos a un novo tipo de asentamento urbano nos “*hinterlands*” das grandes cidades.

Somos conscientes de que se nos anos setenta e oitenta se tivesen abordado políticas de desenvolvemento rexional que favorecesen a organización territorial con pautas nidas de xerarquización de asentamentos demográficos e de recursos entre o urbán e o rural, a

---

<sup>19</sup> A cita e os cinco párrafos que seguen baséanse nos traballos xa citados de Carlos FERRAS SEXTO.

<sup>20</sup> Os Tilos, Bertamiráns, Sigüeiro, Ordes, O Milladoiro ou Cacheiras son os efectos perversos da “*improvisación*” no territorio onde se inscribe Brión, concello no que, en troques, pesie a que todo non foi perfecto, aínda cabe o orgullo de ter un desenvolvemento distinto, alomenos, mellor ordenado.

situación tería sido outra. Mais iso non se fixo e agora non se poden obviar moitos dos efectos en cadea que trouxo o fenómeno que estamos a analizar.

Somos conscientes, igoalmente, de que dende un só concello resulta difícil controlar movementos de poboación. Hai que ter en conta que, pesie a todo canto se ten publicitado, a **comarca** segue sen ter persoalidade xurídica. Pero, pesie a que a situación non sexa a ideal, entendemos que **Brión pode** e, sobre todo, **debe abordar a realización da súa “cidade”** ou sexa dun **espacio que sexa fluxo de múltiples relacións**, nunha cidade que supere a definición como categoría territorial para dar paso a **un novo concepto de asentamentos con lecturas diversas**, mediatizadas pola posición dos observadores, visitantes, veciños ou empresarios que andan na procura de obter un beneficio da localización dunha urbanización ou inversión.

Entendemos que pesie aos exemplos que deturparon o nome, o modelo a seguir en Brión pode e debe ser o de *“cidade no xardín”*, aínda que neste caso o concepto teña máis de metáfora que de evocación doutros contextos (aplicados ou orixinarios).

E Brión, que foi adiantado en abordar por vez primeira en Galicia un planeamento integral do mundo rural, cremos que é dos poucos concellos que está en situación obxectiva de abordar unha tarefa semellante para facer cidade. Tamén ten as condicións subxectivas –capacidade política, nivel de conciencia da poboación, etc.- para facelo con éxito. Só lle falta capacidade de xestión e capacidade financeira. Mais estas, se o proceso se orienta como é debido, deveñen da propia construción da nova cidade.

#### 4.2. PRINCIPIOS ORIENTADORES DUNHA CONCEPCIÓN INTEGRAL DO PLANEAMENTO.

Para plasmar un modelo territorial en calquera parte (e en ausencia de figuras de planeamento de maior ámeto, pomos por caso, de escala comarcal) o instrumento máis acaído é o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Pero un labor desa natureza non o pode desenvolver calquera Plan. Ten que ser un Plan concebido como un **instrumento que por riba de calquera outra consideración persegue a ordenación integral** do territorio. Isto é, un Plan **que** non só se limite a efectuar unha ordenación física dese territorio, senón que, **baseándose na análise dos sectores económicos** (isto é, o xeito

de explotar e, ao tempo, preservar os recursos, sinalando as compatibilidades, a durabilidade dos procesos productivos, etc.), **nas análises da propia estrutura social** (ou sexa, da maneira en como se artella a poboación no que fai a idades, sexos, ocupación, instrucción, orixe, lecer...), **nas que poderíamos dicir que son factores incidentes de carácter histórico e antropológico** (o cal supón averiguar cales son as constantes que trascenden o tempo, que características diferencian os colectivos sociais que habitan nun territorio verbo dos colectivos dos territorios prúximos, etc.) **pretende actuar en acompañada harmonía co territorio**, é dicir, facéndoo en función das leises que rexeron e deben seguir rexendo o seu evoluir; e todo elo, nunha **perfecta consonancia coa súa escala**. Mais facelo así non é, non pode ser, a percusión dun **modelo** mimético co de procedencia, senón **análogo**.

Xa que logo, non se trata somentes de axeitar cada área a uns usos e unhas intensidades dos mesmos (cousa, de seu, xa importante), senón de conseguir unha **correcta canalización das necesidades obxetivas e tamén dos desexos, as arelas, as esperanzas e as ilusións da comunidade**, alomenos, da maioría da comunidade, porque identidade absoluta de pareceres non existe, agás nas dictaduras e, antre nós xa sabemos como se consegue esa identidade, por desgracia.

Unha tal ordenación ten que perseguir forzosamente un **modelo** (obviamente, económico, social e territorial). Para nós, e en función tanto dos parámetros que nos ofrendou a Diagnose, como pola propia vontade de quen ten a responsabilidade para a formulación do presente PXO, o modelo tiña que rexerse por uns principios e reunir unhas condicións moi precisas, antre as que compre salientar as catros seguintes:

- ser un modelo **diverso e equilibrado**
- ser un modelo **harmónico**
- ser un modelo **sostentable**
- ser un modelo **análogo co de procedencia**

En definitiva, o que caracteriza un modelo así é o que se deu en chamar a **autonomía de escala** que, en tanto que principio, significa desbotar por un igoal a atomización como a autarquía, significa dominar a propia escala. Non se trata de subsistir marxinalmente nen de reproducir eiquí, nun marco pechado, o modelo imperante no

mundo. Trátase de aproveitar ao máximo as capacidades propias en concordancia coa escala (as proporcións) do territorio e da poboación que o ocupa.

O feito de que a relación de Brión cos territorios veciños, nomeadamente con Santiago, sexa de grande interdependencia, non contradi para nada a capacidade que todo territorio debe ter para acomodarse á complexa gama de interdependencias que a relación interterritorial produce. Hai moitas maneiras de dar resposta espacial aos feitos que se derivan da nova xeira, pero só a que parta de defender a escala propia do territorio en cada xeira é quen de facer máis positivos os cambios e minorar os impactos negativos que todo cambio supón. Do que se trata é de que se poida producir un desenvolvemento xeral sen que Brión perda os riscos básicos da súa persoalidade. Non se trata tanto dunha elección –que por suposto o é– como dunha exigencia racional (política, económica e, mesmo, ética). As modificacións exprementadas no territorio nos últimos tempos, pesie ao freno que supuxo o planeamento, tanto no que respeita ás actividades, como no que atinxe aos continentes (edificios, espazos...) onde se dan esas actividades, apuntan o perigo contrario: a xeneralización da dependencia e, polo tanto, o remedo de modelos onde primaría a anonimía.

Pero con todo, esas tendencias non foron abondo operantes como para facermos pensar que non hai posibilidade de exprementación dun modelo de desenvolvemento propio. Polo que vimos en Brión, polo que falamos e, mesmo, discutimos cos seus habitantes..., pero, sobre todo pola propia escala das intervencións ata o de agora, estamos certos de que este é o momento de iniciar o novo rumbo.

O cambio de modelo, baseado no **concepto de autonomía de escala** ven ligado a esoutro **concepto de desenvolvemento integral**, que aquí e agora demanda, sobre todo, un incremento da diversidade productiva.

Aínda que case folga afondar en cada unha das características que conforman o modelo que coidamos máis acaído para Brión, pois o concepto definidor fala de seu, coidamos que non está por demáis explicar un chisco qué se entende por cada unha desas caracterizacións que se lle exigen a ese modelo que debe presidir o presente Plan Xeral que se propón.

Por un **modelo diverso e equilibrado** hai que entender aquel que ten en conta os diferentes sectores productivos. Fronte dos modelos onde prevalece ou domina unha soa

actividade, poñamos por caso: monocultivo agrícola ou pesqueiro, especialización industrial, especulación residencial en cidades ou territorios-dormitorio, conversión en área turística especializada, etc. nós entendemos que sempre que sexa posible, resulta moito máis interesante e mesno rendible perseguir a consecución dun **modelo diverso e equilibrado**, é dicir, no que as **actividades se complementen**, tiren unhas das outras, se equilibren logo do desenvolvemento mutuo. Brión, ata hai ben pouco tempo, viña ensaiando un modelo no que o peso dunha actividade era importantísimo. Referímonos ás actividades do sector primario: agricultura, gandeiría e explotacións forestais, só en pouca medida complementadas por unha escasa actividade industrial e unhas puntuais actividades turísticas ligadas ás augas termais de O Tremo. Fora diso, moi pouquiñas actividades. Se acaso, salienta a produción de enerxía eléctrica, enclave que pouco ou nada significou para un desenvolvemento integral e que, pola contra si tivo impacto fondo no territorio. Pero, mesmo con iso, non chegou a rachar o equilibrio que fixo posible a continuidade social e que viña dado polo carácter primario do modelo onde a produción para o propio consumo, ou se se quere a economía de subsistencia, tiña ela mesma a suficiente diversidade, derivada do carácter politécnico dos labregos galegos en xeral e, lóxicamente, tamén dos de Brión.

Pero ese modelo tradicional, amáis de moi primario e incapaz de resistir a comparanza cos modelos ensaiados noutros territorios, na hora presente deixa de ser equilibrado no intre en que cobra pulo e se plasma na comarca de Santiago un podente crecemento urbano e, mesmo, industrial e máis recentemente, postindustrial ou de servicios que fai que se movan mercadorías e persoas, que a xente troque o seu labor, que se xeneren excedentes, que medre en xeral a economía..., todo elo co plus que supuxo para Santiago o seu estatus de capitalidade de Galicia.

Os cambios, no que respeita a Brión, produciron nun primeiro momento o abandono de explotacións tradicionais e moi logo a fuxida do propio territorio por parte de moitos dos seus habitantes. Como en outros lugares de Galicia, a poboación nova foise indo e o envellemento converteuse na lacra máis fonda para as comunidades deste territorio. Como aconteceu igualmente noutras comarcas semellantes e aquí, foi preciso substituír a man de obra abundosa por maquinaria. E Brión foi pioneiro na capitalización agraria, de feito importante, pois agora mesmo Brión, sobre todo na zona de Arriba, dispón de



importantes explotacións gandeiras (que poden e deben seguir sendo rendibles). Estas explotacións foron posibles gracias a que no comenzo contaron coas remesas de fondos dos emigrantes en Europa. Pero pasado aquel momento do inicio, só se explica polo traballo e o esforzo das familias residentes.

Manter estas explotacións modernas e, mesmo, incrementar as súas dimensións, non só vai supoñer a viabilidade dun determinado número de postos de traballo e xeneración de riqueza, senón tamén o mantemento dun modelo diverso e equilibrado para o territorio do concello, no que a presenza activa da poboación nel é esencial para a propia conservación do medio ambiente. Para elo débense coutar, nomeadamente na zona de Arriba<sup>21</sup>, todas as actividades incompatibles coa vocación gandeira elexida entre as que estarían tanto as que supoñan utilizar as terras especialmente productivas para o desenvolvemento urbano como facelo para o chantado de especies arbóreas destinadas á súa explotación forestal (eucalipto, piñeiro e, mesmo, calquera outra especie para este fin); fenómeno que xa se está a evidenciar aínda que só puntualmente.

Sen embargo na zona de Abaixo ese uso agropecuario xeneralizado desapareceu e resulta hoxe impensable a súa recuperación, mesmo a medio prazo, xa non como actividade case exclusiva senón como actividade principal. Aquí, por todo o que se leva dito, é onde poden e deben ter cabida os usos urbanos (residencia, comercio, industria, instalacións hoteleiras, dotacións urbanísticas de carácter supramunicipal, etc. etc.)

A primeira exigencia, isto é, a que vimos de analizar, parte da necesidade de diversificar e equilibrar os territorios e os sectores productivos de Brión. Pero isto xulgamos que non abonda. **É preciso facelo en harmonía.** É esta, a segunda característica esencial a considerarmos. Non se trata de diversificar o aparato productivo facéndoo de calquera xeito e ao tun-tun; trátase de facelo seguindo o **principio da harmonía.** Quere isto dicir, poñamos por caso, que a necesidade de contar cun certo aparato industrial, non pode levar á implantación de calquera industria (nen tan sequera a todas aquelas que demanda o artellamento lóxico cara adiante ou cara atrás, ou sexa de imputs ou de outputs). Ou, por poñer outro exemplo, tentar montar unha industria turística masiva, -supoñendo que fose posible- cunha carga incapaz de soportar polo propio territorio

---

<sup>21</sup> Única onde é posible, falando con realismo continuar co desenvolvemento agrogandeiro no concello de modo cuantitativamente importante.

porque atentaría de contado contra da “riqueza” territorial de Brión (os valores e preexistencias do territorio), que hai que seguir compatibilizando coas novas implantacións. Non debemos esquecer que o novo modelo de cidade supón pensar a cidade no xardín –ou sexa nun territorio conformado, onde os valores paisaxísticos debeñen mesmo en recurso-; e só con harmonía é que resulta posible desenvolver os usos residenciais, comerciais, equipamentais etc. nese territorio que aínda hoxe nos lembra en boa medida, o “campo”.

Xa que logo, é esencial facer unha ordenación que non só pule pola diversidade productiva, senón que ao tempo persegue a harmonía entre o novo e o preexistente.

Unha terceira condición, igualmente básica para o futuro de Brión é a da búsqueda da **sostentabilidade do modelo**. Quere isto dicir que hai que fuxir de propoñer determinacións que favorezan situacións que tan ben define o dito popular de “*pan para hoxe, fame para mañán*”. Nun mundo con capacidades tecnolóxicas limitadas a sustentabilidade era ben doada de conseguir. Porén, hoxendía os medios técnicos dos que poden botar man as sociedades humanas son de tal magnitude que, se non se controlan, poden desfacer os pilares aparentemente sólidos de calquera economía. Dese peligro non está libre ningún sector productivo. Así, unha sobreexplotación dos recursos primarios, motivada -é un exemplo- polo cambio cuantitativo da demanda, pode acabar cos propios recursos. De calquera xeito, non é privativo dos recursos tradicionais o estaren en perigo. Pensemos que unha planificación sobredimensionada dos novos “recursos” (solo residencial, actividades comerciais, industriais, incremento do turismo, etc. etc.) pode acabar coas condicións que dispón agora mesmo Brión para a súa explotación.

**Para fuxir dese perigo** é polo que hai que ter en conta esa condición de **sostentabilidade do modelo**, segundo a cal o importante non está en facer medrar moito o Producto Interior Bruto ou a Renda per Capita de Brión –obxectivo que, de seu, non está mal-, senón en desenvolver unhas actividades productivas con **posibilidade de futuro en cada presente**. No fondo ese é outro modo de dominar a escala das actuacións.

O salto adiante que de certo vai exprementar Brión nos anos vindeiros, como consecuencia do desenvolvemento de novas actividades e recursos así como da maior

racionalización das existentes, non debe significar unha ruptura pura e simple co pasado.

Nós entendemos que o verdadeiro desenvolvemento nunca é un acto de ruptura co pasado, senón froito e crítica del. É o subdesenvolvemento o que deriva da ruptura que trae a acrítica superposición de culturas ou de modelos socioeconómicos distintos. **O desenvolvemento que propoñemos**, baseado no máximo aproveitamento dos recursos propios (conforme ás características que vimos de analizar, xa que logo tamén do solo urbano ou con vocación de selo, entendido como recurso), **ten que vir da man dunha remodelación de estruturas** (isto é obvio), da organización productiva e, loxicamente, tamén do propio habitat, e só será quen de acadar os obxetivos desexados se tal remodelación ven orientada pola interpretación creativa do pasado e é capaz de seleccionar os aspectos conservables, readaptables, remodelables e potenciáveis conforme ás novas perspectivas.

Do mesmo xeito que Aldo Rossi falou de **cidade análoga**, nós podemos falar de territorio análogo (un Brión análogo, no que se innova pero no que se conserva) e non só en sentido físico, senón cultural e ata psicolóxico. Así, a **remodelación análoga** do modelo anterior ou o de procedencia, **devén noutra categoría chave** para a posta en marcha do modelo, mesmo no deseño de novas estruturas viarias no das novas tipoloxías de edificios, que se introducen aquí con delicadeza, mantendo as preexistencias, vello viario interno ou de relación, etc. Contra o que poida parecer de primeiras, destruíriáanse moitísimas máis preexistencias pola xeneralización de urbanizacións pechadas ou mesmo pola construción anárquica de vivendas unifamiliares: casa+piscina+peche...; unha e outra e outra, ciscadas de xeito intenso polo territorio -perigo certo se se segue co modelo actual-, que pola construción ordenada de **edificios de vivenda colectiva, sabiamente dispostos** no solo en **función precisamente das preexistencias** (incluído o parcelario), porque o que se consegue é unha **moitísima menor ocupación (desbaldimento) de solo**.

Doutra parte só así é que se poderán acadar os estándares de dotacións urbanísticas que unha sociedade urbana moderna necesita (aínda que viva no campo), se quere ser sociedade (comunidade) e non amoreamento de individuos aillados.

Coidamos que con todo o que se leva dito, han aparecer máis nidos e comprensibles os criterios xerais empregados e, polo mesmo, as propias determinacións do planeamento para cada porción do territorio e para cada unha das actividades nelas previstas.

Decíamos na Memoria do Avance que: “...convén deixar craro **que sempre poderá haber situacións que se sitúen no lindeiro, no límite. Porque podemos atoparnos con que algunha das ofertas precise dunhas dimensións mínimas que rocen co desaconsellable. Habería entón que decidir tendo en conta todos os pros que a tal implantación suporía e os contras que ía desencadear facelo cunha escala impropia**”.

Na exposición pública daquel documento ficou craro que había sobredimensionamentos (sobre ámetos superficiais, edificabilidade, etc.) que agora, cando xa se prantexa a conformación do proxecto de PXOM, xa se correxiron.

En definitiva, do que se trata é de ter craro o modelo que se quere. O futuro de calquera sociedade non responde -afortunadamente- a principios matemáticos exactos. Pero si demanda -sempre que non se queira andar polos eidos da temeridade- un modelo de referencia que guíe decote as intervencións (facendo ou deixando de facer cousas) que toda acción social comporta. Á vista de cómo acolleu maioritariamente a poboación ese modelo que se avanzara, entendemos que, no sustancial, asumíuse. Xa que logo, precedimos a elaborar o documento para tramitar conforme aos principios e obxectivos alí marcados.

### 4.3. OBXECTIVOS XERAIS.

#### 4.3.1. O obxectivo primordial.

Na Memoria de Ordenación das Normas Subsidiarias elaboradas nos primeiros anos da década dos oitenta, sinalábanse, como é preceptivo, os obxectivos a conseguir coa aprobación daquel documento (obxetivos que se mantiveron na revisión feita a comezos dos noventa, con algún engádego). Un daqueles obxectivos segue a ser enteiramente válido hoxe como coidamos que o debe seguir sendo sempre. Referínomos ao que **focalizaba na millora da calidade de vida todas as prioridades**. De que nos case vinte anos transcorridos dende aquela as cousas melloraron nese sentido en Brión é boa proba non só todo o conseguido na orde de poñer ao día as redes de infraestructuras e servicios, ou de dotar de equipamentos públicos acaídos e de espazos de lecer o conxunto da poboación, senón e sobre todo, a **identificación que decote se fai de Brión con calidade**, un sitio “*onde as cousas se fan ben*”. Hoxendía, metidos xa no terceiro milenio, o territorio do concello presenta unha fasquía ben distinta da que amosaba cando se acometeu a primeira ordenación do territorio logo da restauración da democracia. E aínda que non todo foi perfecto e que xunto ás previsións desexadas xurdiron algunhas realizacións non desexadas –como adoita acontecer con toda realización humana que se rexe polo principio da ambivalencia-, cando un se achega a Brión (por calquera das estradas de acceso ao territorio) seguirá a ter o nidio convencemento de que entra nun “*sitio distinto*”, nun territorio onde se persegue a calidade de vida. E isto que afirmamos non é opinión exclusivamente nosa, senón que se reconece de xeito maioritario, como poñen de relevo os recoñecementos que este labor tivo nestes anos e mesmo agora cando na persoa do seu rexedor se reconeceu o bó facer urbanístico na comarca de Compostela.

Hai dúas décadas dicíamos:

*“Frente á pretensión existente de incrementar soio o nivel de vida, que se ten conseguido cáseque sempre pero sobre todo antre nós soio a base da xeneración de grandes desequilibrios (que por uns se contabilizan coma beneficios e rendas económicas e por outros coma deseconomías urbáns, molestias e déficits de servicios), o planeamento proposto pretende aumentar a calidade da vida, sobre todo naquelas áreas onde máis doado é actuar,*

*tentando o reparto dos beneficios cívicos entre toda a poboación, de xeito que esa mellora da vida nos espazos habitabeis sexa algo que se poida sentir, valorar e apreciar por cada cidadán e non un valor medio resultante da rentabilidade que uns poucos obteñen do negocio especulativo ou da ignorancia proveñente da mímese do que acontece na cidade.*

*Isto é eiquí, se cabe, máis necesario que nas grandes áreas urbanas, porque no medio rural –e Brión é un medio rural<sup>22</sup>- hai que gañar unha calidade de vida sen perder a que xa se disfruta. Dado que a sociedade actual está baseada nun modelo urbano-industrial, os valores que se irradian a todo o territorio tenden a situar en primeiro plano das necesidades aquilo que se sinte coma acuciante no centro do modelo: as grandes cidades e concentracións industriais. Se isto se mimetiza ou se copia na periferia do modelo, nos medios rurais, o único que pode suceder é que se destrúa ese medio ou se esnaquice en mil pedazos.*

*E coma unha das teimas da sociedade actual é a de identificar progreso con nivel de vida e éste con consumo (no orde de valores sitúase antes o ‘ter’ que o ‘ser’) é polo que coidamos que é necesario (polo menos en sitios coma este, onde aínda queda conciencia de que nesa imitación das cousas urbanas pérdese o que se ten sen obter nada importante a cámbio, é dicir, un ven sendo ‘timado ou ‘estafado’) que se parta dun principio distinto: mellorar a calidade da vida, acadando cotas de benestar sen perder todo o importante que se conquistou en centos e milleiros de anos (e que se pode perder en poucas décadas)”.*

Como podemos observar, mercede a termos desenvolvido unha ordenación que se orientaba a conseguir calidade de vida, foi posible que Brión non só sexa “*sitio distinto*”, no que se vive mellor, senón –e máis importante- que poida encarar ese desenvolvemento urbano de nova fasquía que ha guiar as demandas de novos asentamentos pola canle comenente; cousa que sería agora imposible se aquí se tivesen acometido actuacións fóra de escala ou intervencións fundamente negativas e de carácter irreversible.

#### **4.3.2. Os outros obxectivos do modelo anterior.**

Na última revisión das Normas Subsidiarias –as que están aínda vixentes- amáis do sinalado no punto anterior establecíanse como obxectivos xerais a conseguir coa ordenación os seguintes:

---

<sup>22</sup> Hoxe xa non é enteiramente certa esta aseveración sobre o carácter rural de Brión, pero a cautela é tan ou máis necesaria, por canto se atopa o territorio en fase de transformacións.

a) **A conservación e mellora da parroquia como institución básica e vital da convivencia para as comunidades que se integran no concello de Brión.**

Aínda que no esencial este obxectivo se sega a ter en conta á hora de perfiar o novo PXOM, témonos que dectar que os cambios producidos na estrutura do territorio de Brión teñen a suficiente forza como para que se vaia configurando unha parte do mesmo como un territorio en proceso de urbanización. E neste sentido, a institución parroquial, máis alá dos aspectos relixiosos e antropolóxicos, só ten vixencia plena (e, ao noso xuízo ata comenencia de restitución da persoalidade xurídica como demanda o Estatuto de Galicia), nos concellos rurais. Na medida en que aquí o feito urbano non se produce nunha soa parroquia senón en varias das situadas ao Leste do Concello (Zona de Abaixo), é preciso relativizar o obxectivo que nos ocupa. Terase que entender isto na medida en que recapacitemos no feito de que, agora mesmo, en amplas áreas do territorio da Zona de Abaixo xa non se pode afirmar que a parroquia sexa unha “...institución básica e vital da convivencia...”, aínda que si o sexa para todas as parroquias da Zona de Arriba.

En conseqüenza, cabería sinalar que na medida en que se pretende manter a realidade da Zona Oeste, é básica a intención de manter o pulo da institución parroquial. E pola contra, entender que aos efectos da ordenación, nas zonas máis urbanas así como as enclavadas nos seus contornos, xa non é operativa a división parroquial, máis alá deses aspectos relixiosos, culturais, antropolóxicos, etc. Se acaso, dentro da Zona Leste e aos efectos de desenvolvemento urbano cabe a distinción entre dous equipamentos parroquiais; dunha banda as dúas parroquias de Bastavales (San Salvador e San Xiau); e, da outra as de Brión e Os Anxeles. Boullón, situaríase a cabalo do mundo rural e do urbano.

b) **Mantenemento da poboación no territorio respetando a súa distribución descentralizada e xerárquica.**

Este obxectivo segue a ser enteiramente operativo agora, pois o feito de que se propoña o desenvolvemento urbano nas zonas que vimos de mencionar cun certo nivel de concentración sobre todo en áreas das parroquias de Brión e Os Anxeles (as que, simplificando, se atopan no triángulo: Pedrouzos-O Tremo-Alqueidón), nada conta que sigamos a propoñer o asentamento nos núcleos rurais como moi importante.

O básico é a permanencia da xente no territorio en condicións axeitadas. Xa que logo debemos facer todo o posible para que ninguén teña que cambiar de residencia se non o desexa. Iso significa tanto a necesidade de poñer en valor todos os recursos productivos propios (tradicionalis ou modernos) como ofrendar solo coa suficiente dose de diversidade para explotar eses recursos e garantir a residencia a todo aquel que viva desa explotación.

En calquera caso, xa a comenzo dos anos oitenta, a respecto deste obxectivo sinalabamos:

*“... dadas as pequenas dimensións do territorio e a poboación, así coma a súa integración nunha área comarcal máis ampla, isto non quere dicir que todas as parroquias teñan que ter toda a gama de actividades. Quere dicir que se procuran as máximas posibilidades de usos do chan para cada unha delas cun criterio de **autonomía de escala**”.*

**c) Procurar que se manteña –agás nos casos en que non sexa posible- a multifuncionalidade e a superposición de usos do chan.**

Daquela dicíase:

*“O presente planeamento vai na percura da meirande mixtura posible na utilización do chan, dentro dunha escala humán, en contraposición á excesiva segregación espacial de actividades que decote, se producen nos núcleos cidadáns e vilegos.*

*Brión, dada a relativamente pequena entidade poboacional e a escasa concentración desa poboación, ten un nivel xeral de especialización espacial moi baixo. Os distintos usos do chan –residencia, edificación de carácter productivo agropecuario, comercio, emprego industrial, espazos destinados ao lecer, etc.- distribúense de xeito moi repartido por todo o territorio ocupado, mesmo nas zonas máis ‘urbanas’ sobre todo na metade Leste.*

*Conservar a capacidade do espacio para a acollida de usos diferentes, evitando a súa segregación non é estar en contra do maior ou menor axeitamento dunhas determinadas áreas para uns determinados usos, senón recoñecer que soio a*



*través da mixtura dos diferentes usos é coma pode ser posible o artellamento do habitat no que o home pode seguir sendo o elemento vertebrador”.*

Aínda que algunhas cousas cambiaron dende aquela, poñamos por caso, a maior concentración da poboación ou a adicación agropecuaria da zona Leste que decaíu enormemente, o principio da multifuncionalidade e a superposición, o achegamento e mesmo a mixtura de usos –sempre que sexan compatibles- é algo que se debe seguir a defender tanto nas zonas onde a estrutura productiva non cambiou nen vai cambiar, como naquelas para as que propoñemos un cambio sustancial no modelo territorial. Ben entendido que o que sinalamos non couta para que se establezan os mecanismos polos cais se deben impedir os amoreamentos de usos incompatibles.

**d) Protección dos recursos e dos espazos naturais e do patrimonio cultural e histórico-artístico.**

Vendo o que se propoñía a este respecto, hai case vinte anos, é como se poden advertir os fundamentos adiantados cos que asumíu Brión a ordenación do territorio. Hoxe podemos entender perfectamente estas bases, mais daquela eran posicionamentos moi minoritarios e situábanse a contrapelo das “*ideas*” dominantes. Mercede á súa formulación, sen embargo, foi posible que hoxe a herdanza legada polos devanceiros fiquese intacta e esteamos agora en disposición de poder legar un territorio, uns recursos productivos e un patrimonio natural e cultural que moitos outros concellos xa non poden legar ás xeneracións futuras.

Hai vinte anos dicíamos que a formulación deste obxectivo supoñía:

- “ a) A conservación e protección dos recursos naturais, agrarios, pecuarios, forestais, etc. por entender que nesa conservación reside a base principal de calquera tipo de desenvolvemento non dependente e autónomo do Municipio. Mesmo a industrialización ten que partir da necesidade desa conservación e pulo dos recursos propios.*
- b) A protección do medio ambiente e dos grandes espazos naturais do municipio. I elo por considerar que é esta a única maneira de garantir non só as posibilidades productivas propias, senón tamén a calidade de vida da que xa fixemos mención, que constitúe un ben cada vez máis apetecido no mundo actual e do que xa se vai sendo conscente no propio medio rural.*

- c) *Conservación do patrimonio cultural do pobo: único xeito de conservación das raigañas comunitarias. Este obxectivo ven supoñer a necesidade, entre outras, de conservación, mellora e, no seu caso, reutilización dos conxuntos históricos e artísticos, das construcións históricas de carácter senlleiro, dos xacementos arqueolóxicos, do patrimonio etnográfico, da arquitectura popular, etc. etc.”*

Aqueles que se propuxeron como acción prioritaria a salvagarda do seu patrimonio natural e cultural, amén de actuar baixo mandados de carácter xurídico ou de imperativos éticos, foron quen de xenerar un novo recurso. Porque hoxendía o patrimonio cultural, e tamén o natural, constitúen bens cuxa posta en valor redunda en beneficios económicos para as comunidades que o posúen. A modo de exemplo, malamente se podería estar a falar hoxe da posibilidade, poñamos por caso dun Parque natural para as veigas do Sar, sen aquel modo de entender a protección do patrimonio natural.

\* \* \*

De entre todos os obxectivos formulados daquela, sen embargo, si hai un que se ten que ver forzosamente modificado. Referímonos ao que se formulaba como búsqueda da *“conservación do equilibrio que xa se da entre as dúas grandes zonas e varias subzonas do municipio, así como entre as distintas actividades que se desenrolan no territorio do termo municipal...”*

E dicimos isto porque malamente podemos seguir sostendo que a Ordenación *“non pretende modificacións territoriais importantes...”*, como se sinalaba daquela.

Na presente ocasión, e diante de fenómenos novos como é a tendencia centrífuga que para usos de diversa fasquía (residenciais, comerciais, industriais, hoteleiros, deportivos, etc. etc.) se produce en Santiago, **é desexo maioritario da poboación** que recolle a Corporación, que se prepare o territorio, adiantándose á avenida de acontecementos, cuxo incremento e cualificación non pode atender a ordenación ata o de agora vixente. E, xa que logo, formular un novo modelo cuxa plasmación se entende como única garantía de que, no esencial, poidan permanecer os valores (económicos máis tamén medioambientais), que sustentara o modelo ata o de agora e que, en moitos

casos, foron os que atraeron a moita xente de fóra a elixir Brión para vivir. Para conservar o esencial, parafraseando a Lampedusa, é preciso mudar no accesorio. **O esencial é a calidade; o accesorio, os modos de conseguilo. O esencial é non estragar territorio; o accesorio é modificar tipoloxías.**

Pero voltando á idea do equilibrio entre zonas, temos que dicir que, aínda que se sega opinando que os niveis equipamentais de carácter elemental deben ser parellos nas dúas zonas, como o é, por caso, que o ensino Infantil e Primario se sitúe na zona de Abaixo e, polo de agora, o Secundario no Instituto de Viceso; ou que o Centro de Saúde ou as dependencias administrativas se sitúen na zona máis dinámica, a escala coa que se ten que operar na zona Leste nada ten que ver coa escala da zona onde os asentamentos e as actividades seguen a ser os de sempre.

Si hai algo que, sen embargo, pode minorar diferencias de trato: **a mellora do sistema de comunicacións entre as dúas zonas**, que se ha ver facilitada tanto por actuacións de índole extramunicipal<sup>23</sup> como por previsións do propio PXOM no que atinxe á mellora das vías que unen o Leste e o Oeste do Concello.

#### **4.3.3. Os novos obxectivos.**

A todos eses obxectivos que viñeron orientando a redacción dos sucesivos planeamentos de Brión, temos agora que engadir os seguintes:

- 1º) Procurar o deseño dunha nova categoría de espazo urbano que veña a ser algo así como a cidade no xardín, que ao tempo que faga máis doada a conservación de preexistencias ofrezca maior nivel e calidade das dotacións urbanísticas (especialmente no que atinxe a equipamentos e espazos libres).**

Por estar amplamente explicado este obxectivo no Capítulo I da presente Memoria non voltamos a debullar o que supón.

---

<sup>23</sup> Coidamos que a construción da autovía Santiago-Noia tamén vai constituir unha mellora para as comunicacións da Zona de Arriba que poden elixir para comunicarse (tanto co exterior como coa Zona de Abaixo) esta futura autovía ou vía rápida, á que se accedería pola estrada Ons-Urdilde.

2º) **Tentar un modelo que combine tradición e modernidade, que favoreza ao promotor-usuario pero tamén ao promotor que busca o beneficio empresarial** (a base de satisfacer profesionalmente unha demanda efectiva e crecente de vivendas, locais de negocio, locais comerciais, industrias lixeiras compatibles, hoteis, etc. etc.).

Por máis que a lexislación urbanística vixente non favoreza a utilización de instrumentos acaídos para elo, coa formulación deste obxectivo pretendese **chegar a un tipo de ordenación que integre modos de vivir e habitar tradicionais con modos novos**, que, dentro das posibilidades que ofrenda un sistema de ordenación coerente coas preexistencias pero que atende ás novas demandas, poida dar o maior nivel de satisfacción a quen independentemente do tamaño da súa parcela desexa facer unha vivenda para o seu uso ou esgotar o aproveitamento que lle confira o plan nas zonas donde esta tipoloxía sexa a de vivenda unifamiliar, sendo a elección a que determina as condicións do planeamento de desenvolvemento. E que zonas previstas como máis acaídas (mesmo dende a perspectiva de xestión) para ordenación en base a edificación aberta de vivenda colectiva, se prantexen en convivencia coas outras zonas de ordenanza, mesmo cos núcleos rurais prúximos, aos que non só non coutarán, senón que mellorarán.

Para elo será preciso proceder a gradar moi ben os distintos tipos de asentamentos: rurais e urbanos; e, dentro destes, os consolidados (sobre os que han ser poucas as variacións que se establezan nas condicións da ordenación) e os non consolidados (onde, si variarán a respecto dos establecidos no planeamento vixente), e nos que se han permitir igoalmente aos promotores, dirixir por un igoal as súas preferencias en función de parámetros preestablecidos de carácter mínimo e elixiren as tipoloxías da edificación, sen ter que dirixir esa pretensión a zonas alonxadas unhas das outras.

Aínda que semella obvio sinalalo, este obxectivo só terá plasmación na Zona Leste, pois na zona de Arriba entendemos que non só non hai que cambiar o modelo, senón que se precisa o seu reforzamento para evitar actuacións illadas incompatibles co uso agropecuario e forestal que se deriva da estrutura productiva da dita Zona.

1º) **Criterios sobre da clasificación do solo.**

1) *Criterio xurídico xeral.*

En aplicación da lexislación urbanística agora mesmo vixente<sup>24</sup> e independentemente das opinións que cada un poida ter sobre da provisionalidade na que esa lexislación semella asentar nos últimos tempos, logo de vista a diagnose que proporciona o **recoñecemento da realidade municipal**, así como dos **posicionamentos metodolóxicos** que vimos de reflectar, e as **aportacións froito da participación cidadán na exposición pública** do Avance, entendemos que no territorio do Termo Municipal de Brión cabe a aplicación de todas as clases de solo que se recoñecen na devandita lexislación, a saber: **solo urbano, solo de núcleos rurais, solo urbanizable e solo rústico.**

2) *Criterios para as clases de solo cuxa delimitación ven regulada por circunstancias obxetivas: solo urbano e solo rústico.*

Como xa se sinalaba no Avance que foi sometido a información pública, entendemos que a primeira e a última das clases de solo referenciadas, isto é, o **solo urbano** e máis o **solo rústico**, (este último logo da aprobación do RDL 4/2000, citado) son clases de solo que se deben corresponder con circunstancias obxectivas; polo tanto á hora da súa delimitación, non debe operar ningún tipo de criterio subxectivo ou actitude discrecional por parte do planeador.

2.1.) No que respeita á clasificación como **solo urbano**, os criterios polos que se configura este tipo de solo non poden ser outros que os recollidos no artigo 64 da L.S.G. e/ou no artigo 8 da LRSV; é dicir, que ou ben dispoñen os terreos así clasificados dos servizos urbanísticos básicos (acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica) coas

---

<sup>24</sup> Referímonos tanto á Lei do Solo de Galicia (Lei 1/1997, de 24 de marzo), como a “Ley 6/1998, de 13 de abril, de Régimen del Suelo y Valoraciones” e ao RDL 4/2000, de 23 de xuño de “Medidas urgentes de liberalización en el sector inmobiliario y transportes, que modifica esencialmente a L.R.S.V sobre todo no que atinxe ao réxime xurídico do solo. E segue a ser igualmente válida a afirmación logo da aprobación da Lei 9/2002 (LOUG).

características axeitadas para servir á edificación que sobre deles se vai construír, ou ben a súa clasificación se deriva da condición de estaren eses terreos, consolidados pola edificación, alomenos, nas 2/3 partes dos espazos aptos para ela (segundo determine a propia ordenación do plan)<sup>25</sup>.

No que atinxe ás clases ou categorías de solo urbano, e no que ten que ver cos dereitos e obrigas dos propietarios dese solo, o PXOM que agora se tramita, en todo momento se tivo en conta o que se dispón no artigo 65 da LSG, que establece dúas grandes categorías ou situacións: o **solo urbano consolidado** e **solo urbano non consolidado**, entendendo neste caso por consolidación non a colmatación do solo pola edificación, senón o feito de non precisar ese solo de actuacións posteriores de execución integral, de cara á consolidación da urbanización (como se sinala no artigo 14 da LRSV).

Entendimos que son solos urbanos consolidados –e así se clasifican polo PXO– todos aqueles onde non se precisa efectuar cesións de terreos para novos viais, espazos libres, zonas verdes ou calquera caste de dotación pública de carácter local, nin aqueles que se correspondan con sistemas xerais aínda non desenvolto; por conseguinte, aqueles onde non resulta preciso acometer ningún tipo de planeamento de desenvolvemento, porque o PXOM xa establece con rigor todas as condicións aplicables aos ditos terreos e non se precisa de máis obrigas por parte dos propietarios que as fixadas no artigo 14.1 da LRSV (urbanizar á súa costa e construír nos prazos que se marquen na normativa do PXO).

Pola contra, clasifícanse como solo urbano non consolidado todos os terreos onde é preciso levar a cabo procesos de urbanización integral e que, polo mesmo, con anterioridade á autorización da materialización da edificación resulta obrigada a aprobación de planeamento de desenvolvemento (plans especiais de reforma interior, estudos de detalle, etc.), nos ámetos previamente delimitados polo propio PXOM, para que resulte efectivo o principio de equilibrio entre as cargas e os beneficios que o planeamento provoca (Áreas de Reparto).

---

<sup>25</sup> Xa apuntamos na Introducción que a eses criterios definatorios houbo que engadir os contidos na LOUG (Lei 9/2002), a respecto da necesidade de que os terreos estean incluídos na malla urbana, evidentemente, coas especificidades propias de cada lugar no que atinxe a esa malla.

2.2) No que respeita á clasificación do **solo rústico** estamos ao que dispón a LRSV no artigo 9, 1ª e 2ª (esta última condición tal e como ficou logo da Modificación que desta Lei se fixo coa aprobación do RDL 4/2000)<sup>26</sup>.

Nese senso, conforme co disposto no artigo da LOUG e aos efectos metodolóxicos, o solo rústico do Termo Municipal de Brión (así clasificado, insistimos por ser portador de valores a protexer, xa que logo, obxectivos) dividímolos en catro áreas:

- o portador de **potencialidade productiva** (agrarios, gandeiros, forestais, de monte alto, etc.), cuxa localización e demais circunstancias operantes favorecen a súa explotación efectiva.
- o portador de **valores ecolóxicos, medioambientais e paisaxísticos** (recursos hídricos, espazos naturais, pequenas masas forestais de interese, fitos paisaxísticos, etc.).
- o portador de **valores culturais** (patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico, etc.).
- o solo que acolle infraestructuras básicas (comunicacións e telecomunicacións, abastecemento e tratamento de auga, saneamento, redes de enerxía, etc.)

As NN.SS. vixentes no concello de Brión tiveran en conta xa esa triple distinción e, polo mesmo, estableceran as seguintes zonas de ordenanza do solo non urbanizable especialmente protexido (concepto equivalente ao rústico actual):

a) No que respeita aos recursos productivos:

- 1) Zona de protección de recursos agrícolas (cultivos).
- 2) Zona de protección de recursos forestais.
- 3) Zona de monte alto.

b) No que respeita a valores naturais e paisaxísticos:

---

<sup>26</sup> Tamén no que se contén a ese respecto na LOUG, como consecuencia de termos que estar ao disposto nas Disposicións terceira e primeira da dita Lei 9/2002.

- 1) Zona de recursos hídricos (ríos, regatos, encoros...).
- 2) Zona de pequenas masas arbóreas de interés.

c) No que respeita a valores culturais cunha ordenanza omnicompreensiva de todos os valores culturais:

- Zona de Patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico e cultural en xeral.

Os criterios cos que se trata este tipo de solo agora pódense resumir en tres:

- Mantemento do sistema de ordenanzas aplicables que vimos de ver, axuntandoas á nomenclatura e réxime xurídico que para eles se fixa na LOUG.
- Reconsideración, no seu caso, dos seus ámetos en función da mellor cartografía utilizada e, sobre todo, dos cambios producidos nestes vinte anos na estrutura productiva, especialmente na zona Leste do Concello.
- Os cambios producidos na propia lexislación urbanística no que fai especialmente ao réxime xurídico do solo e, máis concretamente, á aparición dunha coarta clase de solo: **o solo de núcleos rurais**, que fixo posible o exercicio da potestade lexislativa que a Galicia lle conferiu o Estatuto de Autonomía, cambios que, lóxicamente, afectan á delimitación dos asentamentos de Brión por canto na normativa do planeamento aínda vixente o solo dos núcleos rurais se clasificaba, segundo os casos, como solo urbano ou como solo non urbanizable.

### ***3) Criterios para a clasificación e, conseguinte delimitación do solo dos núcleos rurais e do solo urbanizable.***

Vistas as situacións das dúas clases de solo cuxa delimitación ven condicionada por factores de carácter marcadamente obxectivo, pasamos a ver os criterios cos que se tratan as outras dúas clases de solo restantes: o solo de **núcleos rurais** e o solo **urbanizable** (este último na súa dobre vertente de solo sectorizado e non sectorizado ou apto para urbanizar).



### 3.1) Verbo do solo de núcleos rurais.

Sobre desta clase de Solo entendemos que hai que estar ao que se sinala no artigo 66 da L.S.G. O dito artigo ordena clasificar como solo de núcleo rural “*os terreos que se inclúan no ámbito dos núcleos rurais delimitados polo planeamento*” . O artigo 75 do mesmo corpo legal conceptualiza mínimamente o núcleo rural, mais en ningún momento se obxetivizan por enteiro as circunstancias de cara á súa delimitación, máis alá –obviamente- da enumeración dos elementos que se citan no apartado 2 do dito artigo: parcelario, topografía, elementos naturais e infraestrutura existente. Mais tamén –e en consonancia co parecer dos técnicos da D.X. de Urbanismo- proceder á súa delimitación en consonancia cos criterios establecidos na LOUG.

Tendo en conta os aportes que nos brinda o recoñecemento da realidade municipal plasmados na Diagnose e, máis en concreto, o que na Memoria Informativa se sinala a respecto dos asentamentos de poboación de Brión, entendemos que **compre distinguir dúas realidades** –en orixe semellantes pero dende hai xa bastantes anos diferenciadas-: os **asentamentos ou núcleos rurais da Zona Oeste** (Arriba) e **os da Zona Leste** (Abaixo); e á súa vez, dous supostos distintos en cada unha delas: o **solo** do que poderíamos chamar **núcleo primixenio, orixinario ou tradicional** (entendendo por tal aquel que, con pequenas variacións, foi o ocupado polo asentamento respectivo ata que xurdíu e se estendeu o que demos en denominar modelo urbano-industrial, que aquí se pode situar despois dos anos oitenta do século XX)<sup>27</sup>; e o **solo de expansión** dese núcleo orixinario, xurdido como consecuencia da evolución das estruturas productivas e, conseguintemente do habitat, que se produciu de modo xeral no país; solo, polo xeral, máis extenso na zona de Abaixo, pero tamén operante nalgunha medida en núcleos da zona de Arriba.

---

<sup>27</sup> Solo para cuxa delimitación se seguen os criterios obxectivos marcados na LOUG a respecto da consolidación (maior do 50 %) e distancia á última casa (50 m.).

Xa que logo, a maior ou menor extensión do ámbito desta subclase de solo dos núcleos rurais que se lle confire no PXOM está en relación coa extensión que tiver a correspondente edificación aillada de cada un que define o modo de asentamento da xeira na que xurde e se desenvolve o novo modelo económico e social, mais tamén co tipo de relación que se teña cos recursos propios da área, co nivel de mecanización acadado nas explotacións agrogandeiras co degraio de mantemento destas, etc. etc.; e, por suposto, coa existencia ou non de valores ambientais ou productivos de especial valencia no seu contorno. En calquera caso, a naide se lle escapa que a delimitación dunha área que reúna as características que para os núcleos rurais define o artigo 65 da LSG ten moito que ver coas propias condicións nas que se dan “*as relación de vida comunitaria*” e, sobre todo, co nivel da “*vinculación coas actividades do sector primario...*”; e, por suposto as limitacións de distancia entre ambas partes do núcleo establecidas na LOUG. Neste senso non deben aparecer dúbidas sobre as diferencias notorias que de modo abondo xeneralizado se dan entre os núcleos rurais da zona de Arriba, onde pesie á contínua modernización das estruturas productivas experimentada nos últimos lustros, o carácter rural dos asentamentos aínda absolutamente resulta nido; e os núcleos rurais da zona de Abaixo, onde o degraio de explotación dos recursos agrogandeiros e forestais é moitísimo máis baixo, como froito tanto das crises que ven sufrindo o sector primario e a reconversión do mesmo na zona, como dos labores que os activos da familia desempeñan –corolario do anterior- noutros sectores productivos (industria, construción, servizos) sen que por elo, en esencia, teñamos que deixar de considerar que tamén aquí, a maioría dos asentamentos de poboación seguen a ter a natureza de núcleos rurais, pero dun tipo diferente aos de Arriba.

Esa diferenza, en calquera caso, levou a tratar de modo distinto os mesmos recursos potenciais. Non é o mesmo unha finca potencialmente adicible á pradería en ámbalas dúas zonas. Na de Arriba segue a ser ese uso gandeiro o que se debe manter, porque así se aprecia polos moradores<sup>28</sup>. Na de Abaixo unha parte moi considerable dos terreos que outrora acobillaron labores de pradería artificial para

---

<sup>28</sup> Aínda que o número de explotacións gandeiras da parte de Arriba minguou na última década, a extensión da pradería e, mesmo, o número de reses medraron. Velaí que a potencialidade explotadora dos recursos agrogandeiros sexa real nesa zona e non na de Abaixo.

usos gandeiros xa aparecen abandonados e en moitos casos o único que se da agora nelas é o mato (xestas, silveiras, toxo...); e se aínda se manteñen limpas é porque xa se estendeu aquí o feito edificatorio nas proximidades e a limpeza ven demandada por exixencias de orde sanitaria.

De calquera xeito –e iso é o que agora queremos salientar- **o concepto de núcleo rural facía referencia** (e aínda o fai, se ben doutro xeito) **non só aos terreos onde se chantaba a edificación** (casa, cortes, cortellos, alpendres, etc.) **senón tamén as hortas e eixidos, e tamén ás fincas máis próximas a ese espacio de maior relación e encontro que se da na redonda do asentamento habitacional propiamente dito** (xeneralmente de produción gandeira, pero mesmo de pequenas manchas de vexetación arbórea ou de mato).

Velaí, pois, que **o criterio básico** á hora de delimitar o contorno externo dos núcleos rurais de Brión hoxe día sexa **un criterio largacío** pero que cumpre as exixencias legais denantes citadas. Outra cousa han ser as condicións aplicables non xa a cada subclase desta categoría de solo -das que a exixencia de especificidade no tratamento normativo resulta evidente- senón ás distintas situacións que se poden presentar en cada área, que serán reguladas polo miúdo co obxectivo de non deturpar a propia esencia dos núcleos rurais, pero fecéndoos compatibles coas novas tendencias de ocupación do solo. Sabemos que unha parte da demanda de residencia en Brión obedece a desexos de vivir no rural. Por elo, e mesmo porque a poboación autóctona destas áreas rurais tamén minorou e avellentou aquí, prevése a posibilidade de residencia nos núcleos rurais de Brión por parte de xentes que queren vivir neste medio pero non dos recursos propios deste medio, fóra dos labores de horta ou de cría de animais domésticos para o autoconsumo. Ao noso xuízo, non hai incompatibilidade para harmonizar esta demanda con aquela outra que prefire vivir nun piso de pequenas urbanizacións rodeadas de campo.

3.2) Por último fica a coarta categoría de solo, aquel que pode ser obxecto de procesos de urbanización: **o solo urbanizable**. Outrora era este o solo que mellor respondía á vontade de cambio de quen formula un modelo de ordenación para o futuro. Agora, no momento actual, e logo das últimas disposicións lexislativas habidas

(nomeadamente, o RDL 4/2000, xa repetidamente citado), o solo urbanizable en boa medida é un solo residual; isto é, o solo urbanizable –agás o programado ou concertado- é aquel que non responde a ningunha das outras clases de solo.

Pero ese feito non conleva a que o tratemos todo por un igual. De entrada, e seguindo a propia lexislación galega –que segue en vigor-, hai que distinguir entre aqueles terreos que o plan clasifica como urbanizables porque se teñen que incorporar ao proceso de desenvolvemento urbano como resultado de actuacións públicas que o propio PXOM programa no tempo, ou ben daquelas outras que se concertaron co sector privado, igoalmente concretables no tempo como froito desa concertación. E, do outro, o resto dos terreos que resulta obrigado clasificar como aptos para a urbanizar porque non acaen con ningunha das outras tres categorías de solo (urbano, de núcleo rural ou rústico). Son aqueles terreos aos que a LSG denomina solo rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, máis que agora, como consecuencia da aprobación do RDL 4/2000, a súa previsión non é cousa do PX (que distinguía entre rústico común e rústico común apto para urbanizar), senón que se estende a toda aquela situación que non fose denantes obxecto de clasificación: a) como solo urbano; b) como solo de núcleo rural ou c) como solo rústico (hoxendía todo el legalmente de especial protección e, xa que logo, no presente Plan Xeral clasificable forzosamente así).

## 2º) Criterios sobre os sistemas xerais.

### 1. *Sistema xeral de comunicacións.*

Por todo canto se leva dito, e máis especialmente no que atinxe os cambios producidos no territorio comarcal logo de se ter declarado Santiago de Compostela como capital de Galicia e terse inserido Brión moito máis na estrutura comarcal, aportando ata o de agora solo residencial e deica en diante –coidamos- tamén solos de outros usos (comercial e industrial, usos hoteleiros, infraestructuras de lecer, etc.), parece non só lóxico, senón moi urxente, o reforzamento das infraestructuras de comunicación entre o Termo Municipal e a capital, que ata o de agora se centra básicamente na estrada

comarcal C-543 (Santiago-Noia), sendo no treito Brión-Santiago da dita estrada, onde se ten asentado o maior crecemento edificatorio da comarca neste vento oeste (Bertamiráns, Roxos, Vidán...), e xa que logo a intensificación espectacular do tráfico rodado.

Como consecuencia da devandita necesidade, e perante a demanda clamorosa das poboacións afectadas neste senso, a Consellería de Política Territorial anunciara hai tempo a intención de abordar a creación dunha **autovía ou vía rápida** no corredor Santiago-Noia.

O Concello de Brión estimaba –e con razóns obxectivas- que a nova vía de alta capacidade e velocidade debería decorrer polo vento sur da actual C-543, posto que, dese xeito, se podía dispor dun novo corredor entre os dous corredores básicos (L-W) existentes na zona (N-550 Santiago-Padrón e C-543 Santiago-Noia). Mesmo as dificultades para a xestión e sobre todo para a construción da nova estrada se xulgaba que ían ser menores se se proxectase a nova vía ao sur da actual estrada, que se se fixese pola banda norde. A maiores, abogaba por esta solución o feito de que no concello de Brión xa estaba prevista a construción dun polígono comercial e industrial, no chamado Monte de Perros (a cabalo deste lugar, pertencente á parroquia de Os Anxeles e de Soutullos, pertencente á de San Salvador de Bastavales). Esta solución foi contemplada no Estudo informativo como unha das posibles alternativas de trazado, pero desbotada ben axiña, ao parecer, porque escollendo a alternativa norde resultaba máis doado conectar o arranque da futura autovía ou vía rápida de Santiago á Costa da Morte, xusto no concello de Ames, na saída de Bertamiráns cara Negreira.

O Concello de Brión asinou unha alegación a esta alternativa, aínda que as circunstancias concretas deste proxecto non deixaban demasiado campo de xogo. Por elo, os seus representantes perante unha postura que non admitía moita marxe de negociación, fixeron saber á Administración actuante (CPTOPV) que para asentir a esa solución tería que axustarse o trazado ao previsto no Avance do PXOM e, sobre todo, se as características da vía se axustaban aos criterios que no plan se aconsellaron como dicíamos na fase de Avance. Como resultado dos estudos que xa fixeramos da cuestión, amáis das dúas condicións anteriores, púxose como unha outra condición para aceptar a alternativa proposta, que por parte da CPTOPV se comprometése á construción de

viario de enlace coa autovía (co carácter de variantes (da AC-3000 e/ou da AC-451). En primeiro lugar, a variante da AC-3000 concebiuse como variante da actual estrada no treito Os Anxeles-Perros, primordial na estratexia do Plan, non só por esa circunstancia de previsión daquel polígono, senón pola súa condición de elemento básico do sistema xeral de comunicacións que dificilmente se resolvería coa condición real de rúa, en treitos de grande estreitez que ten a AC-3000; e tamén porque a configuración do modelo de cidade no xardín precisa de vías perimetrais (como esta e como a que se prevé polo Oeste da AC-451).

A oposición cidadana ao trazado do corredor rápido que a CPTOPV fixara como alternativa escollida á hora de información pública do proxecto, que por suposto respetamos e mesmo alentamos, ao noso xuízo, sen embargo, confundiu un chisco as cousas, nomeadamente cando identificou a existencia da variante leste da estrada Picaraña-Negreira prevista no Avance do PXOM de Brión, coa existencia dese trazado da autovía e máis coa previsión do polígono de Perros. Evidentemente o trazado concreto avanzado tiña que ter que ver con esas dúas determinacións, pero se a autovía tivese outro trazado e non se prevese un polígono comercial e industrial en Perros, un vial alternativo polo leste debería existir igoalmente, aínda que o concreto trazado e as unións fosen outras. De calquera xeito, e como resultado de suxerencias presentadas xa se correxira a traza e mesmo as características dese vial, no documento enviado á CPTOPV pero a súa existencia era e é unha exixencia ineludible para ordenar aqueladamente, o desenvolvemento futuro desta área. Velaí que logo da decisión final consensuada coa D.X. de Estradas sobre a autovía e os seus enlaces se prevea un vial alternativo co inicialmente previsto polo vento oeste que decorre máis pegado ao solo urbano actual, pero que arranca en Soigrex e decorre xa lonxe do Tremo, Guitiande ou Adoufe.

Doutra parte, a alternativa que en boa parte das suxerencias se fai para o treito do corredor rápido que tería que servir ás demandas de Brión, coidamos que dificilmente podería atender esas demandas ao prantexarse o seu decorrer excesivamente alonxado dos asentamentos urbanos de Brión (Pedrouzos, Os Anxeles e, sobre todo, Bastavales) ou con vocación de selo no futuro inmediato.

Doutra parte ese trazado –que decorrería mesmo fóra dos lindeiros do Termo Municipal- trocaría varias veces de vertente e, unha vez introducido na Zona Oeste (Arriba), para conectar outravolta coa C-543 (á altura de Urdilde, en Rois), provocaría cambios non desexados na estrutura territorial da dita zona –que é, e quere que sega a ser, rural-.

Neste momento unha vez perfiado xa o proxecto de autovía nesta zona por parte das condicións establecidas a este respecto sobre o carácter desa vía na zona por parte do Concello, condicións que pasan por salvar en viaducto, cuestión esencial o val do Pego así como que se prevexa os pasos das vías urbanas que a cruzan e as medidas correctoras de impactos (nomeadamente acústicos). Pero, as condicións que se inclúen no presente PXOM entendemos que son exixencias mínimas á hora de construír esta vía.

En consecuencia con todo o anterior, o Sistema Xeral de Comunicacións que se establece no presente PXOM ten como elementos básicos:

1º) **A futura autovía Santiago-Noia**, concebida como vía especializada pero integrada na ordenación de Brión, mercede á súa harmonización coa estrutura viaria urbana básica tanto coa existente como coa prevista no presente PXOM enlazando na proximidade da vía AC-451 a traveso doutra rotonda e dúas “*trompetas*”, eliminando no posible os impactos medioambientais –nomeadamente, acústicos- e paisaxísticos que ese trazado comporta (construcción en viaducto do tramo do val do Pego, con altura suficiente do taboeiro –arredor de 8 m.)- para facer máis doados todos os pasos por baixo e a previsión de continuar por baixo da vía previsto ao norde da autovía, incluíndo tamén a súa zona de protección. Todo elo, tal e como figura nos planos de ordenación.

Esta vía será construída pola CPTOPV na súa totalidade e os terreos incluídos no solo urbano previsto serán obtidos gratuítamente por adscrición a áreas de solo urbano non consolidado, comprometendose o Concello á súa disposición por medio da ocupación directa.

2º) **As dúas novas vías da ronda urbana** en sentido norde-sur:

- a) **A que lle ha dar solución aos tráficos norde-sur** das actuais estradas **AC-3000** e **AC-451**, **pola banda leste** do solo urbano e do apto para urbanizar, que debe conectar coa primeira á altura de Soigrex a cruzar a actual C-543 á altura de Alqueidón, decorrer polo oeste de Adoufe e fóra destes núcleos e non polo leste e conectar alí co novo viario urbano previsto e dende este ao enlace da rotonda da autovía citada.

Este vial ten unha sección transversal entre alineamentos concorde coa función e o sistema de Ordenación previsto, que xulgamos que é suficiente para axilizar o tráfico de paso e, ao tempo, os tráficos e usos urbanos.

O Concello correrá co custo deste vial no treito comprendido entre Soigrex e a C-543. A CPTOPV sufragará o custo do vial dende a C-543 ata a rotonda de enlace coa autovía.

- b) **O vial perimetral Oeste do Solo Urbano de Pedrouzos**, que debe arrancar na AC-451 á altura do río Pego e concluir nesta mesma vía á altura aproximada de Aguiar, facendo, no básico, de lindeiro do futuro solo urbano por este vento e servindo de acceso ás áreas de nova urbanización e de alternativa ao tráfico que se dirixa á parte N. do concello e cara Negreira, proveñente de Os Anxeles ou de Noia.

Ten unha sección transversal semellante á anterior, porque os tráficos previstos así como a necesidade de aparcamentos así o demandan.

O centro deste vial será satisfeito enteiramente pola CPTOPV en razón de terse eliminado o vial inicialmente previsto polo leste como consecuencia do cambio da ponte de enlace da autovía (que non gardaba a necesaria separación co enlace previsto en Bertamiráns).

- 3º) Tamén se inclúen como elementos importantes do Sistema Xeral de Comunicacións as estradas existentes seguintes:

- a) A **actual C-543** entre a súa entrada no Concello polo Tremo, e o lindeiro municipal con Rois (onde sae do T.M.), na que se prevén tres redondas (Monte-Devesa-estrada de Liñares, cruce da Gándara, e encontro do novo vial Leste coa C-543).



- b) As **estradas AC-3000** (dende o lindeiro con Rois ata o cruce de A Gándara) na que se incrementa a sección transversal dende a saída do polígono comercial de Perros ata o comenzo da nova variante Leste **AC-451** (dende o cruce de A Gándara ata o encontro co novo vial perimetral oeste denantes citado).

Estas últimas dúas vías entregaranse ao concello nos tramos urbanos comprendidos entre Soigrex e o cruce de A Gandara e entre este e Aguiar.

4º) Tamén seguen sendo considerados elementos do sistema xeral:

- a) A vía **ACP-4502** de Urdilde a Negreira, entre os dous lindeiros municipais (con Rois e con Negreira, -neste caso río Tambre polo medio-), en tanto que vial que permite as comunicacións N-S, na Zona de Arriba; que, de certo, ha ser máis utilizada cando se constrúa o corredor ou a autovía, pois será, a traveso desta vía que os veciños das parroquias de Arriba se comuniquen con Santiago e, mesmo, coa Zona de Abaixo.
- b) A estrada **ACV-4506**, de Liñares a Cornanda que cruza a anterior en Vilar, en tanto que vial que comunica directamente as parroquias do Leste coas do Sur da Zona de Arriba (Luaña e Cornanda).
- c) A **estrada que comunica Pedrouzos coa ACP-4502 en Mourentáns**, en tanto que vial que comunica a capital municipal coas parroquias do norde da Zona de Arriba (Viceso e Ons).

## 2. *Sistema xeral de infraestructuras básicas.*

Formarán parte deste sistema:

- a) A **rede de abastecemento de auga de Brión-Os Anxeles-Bastavales**, tal como figura no correspondente plano. Verbo do Sistema Xeral actual entendemos que é preciso reforzar as captacións en tanto non se chegue a inserir a Brión nunha rede comarcal máis ampla. Para elo prevése unha nova captación e depósito en Boullón, perto da Igrexa, en lugar sinalado nos planos de ordenación.
- b) A **rede de evacuación de residuos líquidos destas parroquias, así como da de Boullón**, para seren conducidos á EDAR **mancomunada con Ames e localizada en Ortoño** (xa que logo, fóra do T.M., pero no seu lindeiro).

- c) As redes de **conducción de enerxía eléctrica de Alta Tensión xeneradas no encoro do Tambre** e tamén as de **media tensión da propia rede municipal** (que deberán decorrer soterradas dentro dos núcleos urbanos e solos nos urbanizables cando se acometan os correspondentes proxectos de urbanización).
- d) A **rede de conduccións de gas** que en sentido S-N atravesa o Municipio, pola Zona de Abaixo.
- e) **As redes de telecomunicación.** No caso das frecuencias que necesiten localización de estruturas metálicas o PXOM que tramita se avanza fixa como lugares nos que se poderán localizar, as zonas xa hoxe utilizadas, impedindo a multiplicación das mesmas e exixindo, xa que logo, a súa utilización conxunta por varias empresas (cuestión, que dende o punto de vista tecnolóxico é perfectamente posible). En todo caso próbese a colocación de antenas nos edificios destinados a vivenda. No caso das instalacións de cable acontecerá o mesmo. A primeira das empresas que acometan o cableado obrigaraselle a prever tuberías que poidan acoller, máis dun cable, impedindo con elo que cada empresa proceda á súa particular apertura de foxo.
- f) Para o **tratamento dos residuos sólidos** o Concello suscribira un convenio cos Concellos da **Mancomunidade do Barbanza** (Brión, Lousame, Porto do Son, Muros, Rianxo e Pobra do Caramiñal) para a construción dunha Estación de tratamento e reciclaxe completo dos residuos, alternativo ao da planta de incineración de SOGAMA. Esta estación entrou xa en funcionamento e agora poderase selar o actual vertedeiro municipal ao tempo que se permite unha maior e mellor reutilización dos residuos, nomeadamente, os orgánicos.

### 3. *Sistema xeral de equipamentos.*

Por máis que nos case vinte anos transcorridos dende a aprobación das NN.SS municipais o nivel dotacional de Brión ten medrado en maior proporción que ao longo do resto da historia deste concello, consideramos, sen embargo, que os novos roles que está asumindo este territorio, demandan un mellor e máis coidado sistema de equipamentos e servicios. Isto, doutra parte, estamos seguros que vai redundar na

decisión de empadramento eiquí da maioría de residentes que figuran administrativamente como residentes noutros concellos.

Facendo o distingo entre os distintos tipos de equipamentos, entendemos que o sistema xeral deste tipo de dotacións debe ficar integrado polos elementos que se reflicten de seguido:

a) **Equipamento administrativo e servicios municipais.**

a<sub>1</sub>) *Administración municipal.*

Estará integrado por:

- **Edificio que acolle á Casa Consitorial**, sito na Carballeira de Santa Minia. Entendemos que, polo de agora e logo das ampliacións levadas recentemente a cabo é abondo para as necesidades prantexadas (\*).
- Locais para a descentralización administrativa existentes na **Luaña** e en **Bastavales**, que tamén se consideran suficientes (\*).

a<sub>2</sub>) *Outras administracións:*

- Edificio dos **Xulgados e antiga Cámara Agraria**.
- Coartel da Garda Civil.

Tamén se consideran suficientes para a función neles previstas<sup>(29\*)</sup>.

a<sub>3</sub>) *Servicios Municipais.*

- **Almacén de maquinaria actual:** Cecais fose necesaria a súa ampliación, e por elo, se prevé esa ampliación .
- Edificio en construción para **Protección Civil** Municipal. Obviamente, compre coas demandas que para este servicio se prevén no período de vixencia do presente PXOM, pero tamén se prevé a posibilidade de expansión.

b) **Equipamento escolar.**

---

<sup>29</sup> A previsión de áreas equipamentais dentro da Ordenanza UNC-1 podería incrementar no seu caso este tipo de equipamento, se houber necesidade.

O actual equipamento escolar público desenvólvese en dúas áreas:

- a) **Área de Lamiño** (Brión). Onde ten asento o antigo colexio de EXB, no que actualmente se imparten os dous primeiros ciclos: infantil e primaria. Ten terreos aínda para futuras ampliacións, pero aínda se incrementa máis a superficie afecta a esta área escolar e deportiva, (coa adscripción como sistema xeral a solos urbanos non consolidados) por entender que as previsións futuras de poboamento aquí o demandan e a concentración a este respecto arredor do existente é boa. Amáis coidamos que se as previsións poboacionais son correctas no futuro podería ser aconsellable localizar aquí un Instituto de Bachelerato.
- b) **Área de Esparís (Viceso)**. Onde ten asento a edificación construída para EXB, na que agora se imparte o seguinte ciclo: Ensino Secundario Obrigatorio (ESO), prevéndose tamén aquí unha pequena ampliación.

Polo de hoxe, non existe en Brión Instituto que imparta Bacharelato en ningunha das modalidades previstas na LOGSE, pero de se materializar os crecementos poboacionais previstos (tanto por dárense de alta os residentes efectivos, canto por nova inmigración), pode ser necesario. En calquera caso esa exixencia pode ter acobillo en Lamiño coa reserva de terreos que aque se prevén.

Amén destas áreas, contase con terreos para a construción dun centro educativo **(5.000 m<sup>2</sup>) na urbanización Monte Devesa**, e outro **na urbanización Monte Balado (5.000 m<sup>2</sup>)** que aínda que ata agora foron dotacións de carácter local poden minorar as demandas deste tipo de equipamento de sistemas xerais.

Para analizar o nivel deste tipo de dotacións así como as súas carencias é preciso repararmos nun feito esencial, aínda que agochado hoxe: a diferenza existente entre a poboación censada e a poboación real de Brión. Agora mesmo a poboación censada sitúase, aproximadamente nos 6.400 habitantes, maila real, isto é, a censada maila que ten aquí a primeira residencia, porque vive aquí, pero ten residencia oficial (administrativa) noutro lugar, non baixa dos 8.500-8.800 hb.

Dando por feito que eses 2.100-2.400 habitantes de diferenza (situada porcentualmente entre o 35 e o 37 %, ou sexa, máis de un tercio que non se contabiliza), deben corresponder maioritariamente a familias compostas por matrimonios aínda novos e, xa

que logo, con nenos en idade escolar, cabe concluir que a consideración efectiva da poboación escolar corespondente a estas familias non censadas, trastocaría todos os estándares sobre o equipamento escolar (e non só escolar) existente, pois teríamos que pensar en que calculando tamaños familiares estandarizados (3,5-3,7 membros/familia) e, no suposto de que o 50 % dos fillos estivese en idade de escolarización obrigatoria (supostos ben razoables), teríamos que falar dunha poboación escolar non censada semellante en número á actualmente escolarizada no Colexio de Lamiño e no IES de Esparís.

Como se dicía no Avance a este respecto, prantéxasenos o seguinte dilema: de collermos exclusivamente a poboación escolarizable censada, así como o crecemento cero ou mesmo negativo, teríamos abondo cos niveis equipamentais existentes. Pero se entendemos que antes ou despois esa poboación escolarizable vai estar censada en Brión, parece forzoso incrementar o nivel dotacional escolar.

Amáis deso, e pesie a sabermos que o Mapa Escolar actual sitúa en Ames (Milladorio) a dotación equipamental escolar de Bacharelato correspondente a Ames e Brión, coidamos que a poboación real hoxendía existente, así como a que se vai asentarse eiquí en anos vindeiros próximos, como consecuencia da asunción do modelo de cidade que se debuxou no capítulo I da presente Memoria, demanda a previsión de localización dun outro centro específico para Brión que imparta estudos de ensino medio (en unha ou dúas modalidades).

Se temos en conta que agora mesmo existen dous centros de ensino, que existe reserva de terreos (5.000 m<sup>2</sup>) para este fin en Monte Devesa, nunha parcela ben comunicada (con fronte á estrada C-543, moi perto do cruce de A Gándara) vía que no que se constrúa a autovía ou vía rápida vai ver moi reducido o tráfico, podemos concluir afirmando que o problema da dotación escolar non é tanto de superficie, canto de reorganización integral do ensino de todos os niveis non universitarios eiquí. Porque para o ano horizonte do presente Plan e, mesmo considerando unha poboación total de 10.000 persoas<sup>30</sup>, a poboación en idade escolar dos niveis citados non ía superar as 1.500 persoas. Se temos tres centros, ben se poden distribuír 500 por cada un. ¿onde

---

<sup>30</sup> Supón isto que se cense toda a poboación actual non censada e un incremento de nova poboación vía inmigración, bastante elevado.

situación do Bacharelato, e onde os outros niveis –infantil, primaria e secundaria-?. É un tema que, lóxicamente, demandará estudos fondos e polo miúdo. No Avance xa propuxemos a comenencia de encetar un debate a nivel municipal para avaliar todas as alternativas posibles entre os tres centros, pero ou non fomos cobizadores abondo ou a xente ten outras preocupacións. Lóxicamente, para cobizar a mesma residencia eiqú da poboación que non se deu de alta no Concello e tamén, mesmo, para cobizar a elección de Brión como primeira residencia de xentes que desenvolven a súa vida laboral en Santiago<sup>31</sup>, nos coidamos que o centro que debe impartir o nivel de estudos de bacharelato dentro do Termo Municipal debe localizarse en calquera dos espazos reservados para este fin na Zona Leste ou Zona de Abaixo. E así se reflecta nos planos de ordenación.

### **c) Equipamento deportivo.**

Aínda que o nivel de equipamento deportivo de carácter local ten medrado considerablemente nos últimos anos, o de carácter xeral, á vista das novas vocacións do territorio de Brión, semella ser insuficiente.

Dacordo coas NN.SS. municipais vixentes o equipamento deportivo pertencente a sistemas xerais estaba composto por:

- **Área deportiva de Lamiño** (Campo de Fútbol, Pavillón Polideportivo cuberto<sup>32</sup>, pistas polideportivas, canchas de tenis e piscina).
- **Zona deportiva de Luaña**, lugar de Igrexa (campo de fútbol, pistas polideportivas descubertas e previsión de piscina descuberta).
- **A zona deportivo-náutica de Ons.**

Agora mesmo, en tanto que deficit de necesaria atención coidamos que habería que abordar a construción dun complexo deportivo de alta cualidade que debería dispor, alomenos, instalacións cubertas destinadas a piscina climatizada de, como mínimo 25 m. de seis rúas e para ximnasio, modernamente equipado e frontón; e pistas de tenis,

---

<sup>31</sup> Amáis dos lóxicos aforros económicos e de seguridade no transporte.

<sup>32</sup> No momento de redactar esas NN.SS. indicábase a necesidade de cubrir a pista polideportiva descuberta, cousa que xa se realizou hai anos.

pistas polideportivas, etc. integradas mesmo nos espazos libres que se deberían prever no seu contorno.

Para cubrir estas necesidades reservanse uns **20.000 m<sup>2</sup> aproximadamente, de zonas equipamentadas onde construír uns 2.500 m<sup>2</sup>** destinados a equipamento deportivo, na zona de Riazoas, a obter gratuítamente mercede ao Convenio asinado coa propiedade da finca de, aproximadamente, 100.000 m<sup>2</sup> coñecida como Villa Amalia en **Riazoas**, con fronte á rúa principal de Pedrouzos xusto por fronte do Coartel da Garda Civil.

Amén desta dotación prevense moreas de equipamentos deportivos de carácter local en todas as áreas onde se prevé desenvolvemento urbanístico (solos urbanos non consolidados e solos urbanizables), salientando:

- a) A ampliación da zona deportiva que se prevé en Sabaxáns, onde xa existe a piscina municipal, que atendería ás necesidades do núcleo urbano de Bastavales e dos núcleos rurais desta parroquia; e
- b) A dotación deportiva ligada á zona comercial-industrial de Perros, que tamén se prevé ligada a Soutullos.

#### **d) Equipamento sociocultural.**

Hoxendía o equipamento sociocultural de carácter xeral cínxese á **Casa de Cultura de Santa Minia**, ubicada no edificio que outrora acobillou a Casa Consistorial.

As actividades alí desenvolvidas sobardan ampliamente o espazo dispoñible e outras non se poden desenvolver por falta de espazo axeitado.

Xa que logo, o Concello hai tempo que víu a necesidade de dispor dunha dotación cultural de maior volume onde desenvolver actividades que hoxe son imposibles de atender na Casa da Cultura.

Froito dun Convenio Urbanístico suscrito entre o concello e a empresa Mahia S.L. -ligado ao Plan Parcial de Monte Balado e Aldea do Pego- foi a disposición dos terreos, custo do proxecto e unha primeira aportación económica para un **edificio multiusos** con Auditorio, saás de exposicións, obradoiros culturais, etc. localizada dentro do ámeto da urbanización coñecida como Aldea do Pego, e como dicimos dentro do ámeto do Plan parcial Monte Balado, localización moi axeitada pola súa centralidade.

O edificio de dúas plantas e 1.760 m<sup>2</sup> construíbles, a situarse en parcela de 1.565 m<sup>2</sup> consideramos que é abondo para as necesidades culturais a medio prazo, xa que amén dos novos servicios que pode suministrar (audicións musicais, teatro, cine, acontecementos culturais de toda orde, como congresos, conferencias, etc.), permitirá acobillar eiquí servicios que librarán espacio da actual Casa da Cultura, como o ensino musical, a danza, o baile, etc. que hoxe colmatan o edificio da Carballeira de Santa Minia.

Pero amén deste equipamento de carácter xeral, entendíamos que se deberían desenvolver equipamentos socioculturais de carácter local. E así se contempla nas diversas áreas de reparto do solo urbano non consolidado.

**e) Equipamento sanitario.**

A recente inauguración do **Centro de Saúde**, situado en Pedrouzos, á beira dos Xulgados, consideramos que cobre as demandas da poboación actual no eido sanitario, mesmo a que non ten residencia oficial, pero que si pode utilizar os servicios de urxencias pois, segundo manifestacións dos responsables do Centro, as atencións neste servicio a persoas que non teñen residencia no Concello case acadan o 50 % do total de atencións nel. Evidentemente, non se pode extrapolar este dato ao resto dos servicios, pero, en termos xerais, cremos que para o ano horizonte do Plan cabe pensar que esta dotación é suficiente.

**f) Equipamento asistencial.**

Non hai neste momento ningún equipamento público deste carácter fóra do propio servicio municipal de asistencia social.

Agora mesmo non existe, pesie a existir unha moi forte demanda, servicio de **gardería infantil**. Para atender este déficit existen terreos adscritos a este tipo de dotacións en varias das urbanizacións desenvolvidas a carón do cruce de A Gándara (**Monte Devesa**, -I e II-, **Monte Balado**) que nos parecen localizacións ben situadas por canto se achega a oferta do servicio á zona onde máis grande é a demanda.



De calquera xeito, entendemos que este, como calquera outro servizo dotacional proporcionado polo Concello, debe ser ofertado só para a poboación con residencia oficial no concello, pois é así como se poderá ir equilibrando ese desfase entre poboación real vivindo e aquí e poboación de dereito.

Tampouco existe dotación para atender a demanda de residencia para as persoas de idade. Constatamos que a demanda deste servizo (as coñecidas como residencias xerátricas) non é aínda xeneralizada no que atinxe aos cidadáns de Brión<sup>33</sup>. Pero si é grande no contorno de Brión, sobre todo en Compostela e municipios con poboación urbana da súa comarca. Por iso entendemos que o Plan debía facilitar a disposición e aquí desta dotación, aínda que xulgamos que este equipamento, pola súa complexidade e mesmo polo custo do seu mantemento, debería ter carácter privado. No seu defecto, pódese concesionar.

Tamén debe ter carácter privado a explotación do **Balneario do Tremo**, (de moi próxima entrada en servizo) que, dende logo, favorece a construción de xerátricos no Termo Municipal.

Doutra parte, consideramos que a implantación deste tipo de centro, constitúe un feito económico de indubidable interese para o Concello.

#### **g) Equipamento comercial.**

Sendo a actividade comercial unha das “*asignaturas pendentes*” de Brión, o planeamento tiña que pular polo desenvolvemento de infraestruturas comerciais. Pero, a diferenza doutras dotacións, hoxe case ninguén dubida da consideración de que o equipamento comercial debe ter carácter privado, máxime onde non hai tradición nin experiencia de Prazas ou Mercados de Abastos, como é o caso de Brión e a maioría de territorios semellantes, nos que o equipamento comercial público ficou reducido aos campos da feira<sup>34</sup>.

Por elo, entendimos que era fundamental que nas áreas onde se prevén desenvolvementos urbanísticos (alomenos nas máis amplas superficialmente) tanto no

---

<sup>33</sup> Aínda que houbo que resolver un caso ao que só se lle atopou solución en Valdeorras; evidentemente, moi lonxe do territorio propio.

<sup>34</sup> Hoxe funciona un mercadillo semanal na Carballeira de Santa Minia, pero ten un carácter moi local.

solo urbanizable como no urbano, se fixera igoalmente a previsión dunha porcentaxe de uso comercial. E así se fixo.

Pero a maiores desa exigencia, na zona de Riazoas xa se dispón a creación dun **Centro Comercial** coa suficiente amplitude como para converterse en centro de servicios: superficie comercial, cines, restaurantes, etc., porque entendemos que dende unha zona de alta calidade de concentración urbana, se pode e debe dar servicios comerciais –igoal que deportivos- a unha ampla zona da comarca de Santiago, como é a corespondente aos concellos de Ames, Brión e Teo e mesmo a áreas das comarcas do Sar e A Barcala.

#### **h) Outras dotacións equipamentais.**

Entendemos que o resto de equipamento comunitario ten e debe seguir tendo un carácter local e non xeral. Acontece iso cos lugares de culto, os cemiterios ou os locais de reunión existentes na totalidade das parroquias.

#### **4. *Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.***

Na actualidade o sistema xeral de espazos libres está composto polos seguintes elementos:

- a) **Carballeira de Santa Minia, en Pedrouzos** de, aproximadamente **8.200 m<sup>2</sup>** e comprendendo a actual zona arbolada mailos arredores da capela, da Casa do Concello e da Casa de Cultura. Como xa dicíamos, na Memoria das NN.SS. vixentes, *“trátase dun dos espazos libres máis fermosos do rural galego onde combinan acaídamente tradición e modernidade, natureza e artificio”*.

Dado o deterioro que se adoita producir neste espacio con motivo das celebracións festivas, motivado polo masivo chantado de chiringuitos, casetas, etc., coidamos que se tiña que ampliar este espacio, coa incorporación dunha parcela de aproximadamente **1.334 m<sup>2</sup>** a situar na outra banda da rúa de acceso ao concello, onde se poden instalar as atraccións e as casetas, así como celebraren os mercadiños semanais, deixando a carballeira propiamente dita para uso exclusivo de estancia e

paseo, así como para os accesos peonais aos edificios que a delimitan (concello, casa de cultura, capela, restaurante e cafetería).

- b) **Área do Tremo**, que comprende a **Praza da Capela**, a **Feira do Tremo** e os **espacios libres** e zonas verdes resultantes da execución do **P.E. do Balneario**, todo elo formando un conxunto, cunha superficie que pasará a ter uns **12.729 m<sup>2</sup>**, en troques dos 8.000 m<sup>2</sup> que se prevían na Memoria do PE e das NN.SS. vixentes.
- c) Pola súa significación extraparroquial incluíanse tamén no S.X. de espazos libres das NN.SS. vixentes os conxuntos parroquiais de **Os Anxeles (5.000 m<sup>2</sup>)** e de **San Xiao de Bastavales e Capela do Carme (6.000 m<sup>2</sup>)**, que coidamos que se deben manter no PXOM que se avanza.
- d) Sen embargo, o Paseo Arboreda Brión-Os Anxeles, onde se prevía unha superficie liñal de 12.000 m<sup>2</sup>, non se desenvolveu como se agardaba, ficando limitado a unha parte do seu treito do comenzo, en Os Anxeles. Por elo e por entender que as novas realizacións viarias (corredor rápido), van atravesar este paseo, no Avance xa se propuxo que non figurase esta dotación como sistema xeral, anque si local. Porén debía incluírse, e así se fai agora, o que poderíamos chamar grande **espacio libre de carácter fluvial de Pedrouzos-Os Anxeles**, hoxe xa existente entre a Ponte do Pego na estrada AC-451 e a estrada C-543. Con esta dotación crearase unha ampla zona verde que, seguindo o curso do afluente do Pego en Riazos, arranque na zona urbana a desenvolver eiquí e continúe en dirección NW-SE seguindo o curso do Pego ata o lindeiro do solo urbano na zona do Leste de Alqueidón cunha lonxitude aproximada de 2.000 m.l. para acadar mesmo no río Sar. Esta importante dotación, que non ten unha anchura constante, senón cambeante, anchea na zona do comenzo, nas zonas da revolta do Pego ao norde e leste de Monte Balado e tamén no seu remate na zona do Leste de Alqueidón ata debrocar no río, é de enorme significación para o modelo de cidade no xardín que se pretende desenvolver co PXOM que agora se avanza, pola súa condición de pulmón verde liñal e extraordinario interés paisaxístico, amén craro está como preservación dunha preexistencia importantísima coa que teñen que harmonizar as novas determinacións para a zona, entre as que salienta o Parque previsto entre a AC-451 e Adoufe, na zona de afección da autovía que aquí iría en Viaducto. E tamén coas cuantiosas

dotacións de espazos libres, de carácter local, que se prevén na ordenación como resultado da tipoloxía elexida. Aproximadamente, este elemento prevíase para unha superficie total de 192.067 m<sup>2</sup>. Como houbo que correxir a delimitación do solo urbano non consolidado nestas zonas, a superficie total resultante baixou ata os 67.268 m<sup>2</sup>. (sen contar os, aproximadamente, 14.000 m<sup>2</sup> de axardinamento por baixo do viaducto); a maiores, será obrigado dispor que os solos aptos para urbanizar que linden co Río Pego teñan non só prever os 25 m. de protección obrigada por lei como rústico de protección, senón que se constitúan como parte do S.X. de Espazos libres.

- e) Na zona de Arriba prevíase unha área de carácter xeral na **zona da Igrexa de A Luaña**, cunha superficie aproximada de 7.000 m<sup>2</sup>.

Agora habería que engadir a área onde se desenvolve a **praia fluvial de Nináns** de uso xeneralizado para toda a parte de Arriba, xa construído, cunha superficie total de 3.200 m<sup>2</sup>.

Nas NN.SS. vixentes incluíanse tamén no sistema xeral de espazos libres á beira dos parques “*urbanos*”, dous enclaves para parques naturais:

- 1) A zona de **enmarque das Torres de Altamira**, cunha superficie aproximada de 40.000 m<sup>2</sup> cuxos terreos son de propiedade pública, aínda que neste caso pertencentes á Diputación Provincial.
- 2) A zona brionesa do **Castro Lupario**, cunha superficie aproximada de 7.000 m<sup>2</sup>.

A esta, de seu, xa moi ampla oferta de espazos libres de carácter xeral, entendemos que hai que engadir aínda o **parque urbano a crear en Riazoas**, como consecuencia do Convenio ao que xa fixemos mención á hora de falar dos equipamentos de carácter xeral, parque que conta cunha superficie aproximada de **19.000 m<sup>2</sup>**; e outras pequenas áreas, todas elas grafiadas nos planos de ordenación.

En conxunto, o Sistema Xeral de espazos libres e zonas verdes ven supoñer unha superficie aproximada total de 225.078 m<sup>2</sup>, dos cais, 178.078 m<sup>2</sup> serían parques urbanos ou de centralidades parroquiais, e 47.000 m<sup>2</sup> parques naturais (Altamira e Castro Lupario)

Coidamos que é unha dotación que fai honor ao concepto de cidade no xardín que se pretende desenvolver en Brión, pois a capacidade máxima de carga do solo urbano de todas as calificacións (consolidado e non consolidado) acada, aproximadamente os 776.000 m<sup>2</sup>. Se se aplica o estándar da nova lei (15 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup> de construción previstos) daría un total de 116.382 m<sup>2</sup> de superficie de espazos libres e zonas verdes. Dado que o total previsto é de 225.000 o ratio ofertado de sistemas xerais desta natureza é de **29 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup>** de construción prevista; o que significa case un 100% máis dos exixibles.

### 3º) Criterios sobre a Normativa.

#### 1) Acraración previa.

Consideramos que, sempre que sexa posible, as revisións do planeamento ou, como é o presente caso, coa redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación, non se deben producir rupturas radicais cos sistemas de ordenanzas, porque –quéirase ou non- os axentes que operan no territorio (constructores, promotores, técnicos..., e a poboación en xeral) afanse a un sistema e, polo mesmo, un cambio radical precisa de esforzos notorios para dominar os novos.

Por iso, e na medida que se puido tentamos un certo mantemento de todos aqueles parámetros que non se viron afectados polo sistema de regulación do novo modelo territorial que agora se avanza.

De calquera xeito e como xa se indicara no Avance, foi necesario introducir modificacións:

- a) Na peza angular de toda Normativa Urbanística, cal é o réxime xurídico do solo, –e elo como como consecuencia dos cambios legislativos operados dende a aprobación das vixentes NN.SS. Nese senso é preciso lembrar que, daquela para acá producíronse os seguintes cambios legislativos: aprobación da Reforma da Lei do Solo de 1990 (Texto Refundido de 1992), aprobación da Lei do Solo de Galicia, de 1997, aprobación da “*Lei de Régimen del Suelo y Valoraciones*” de 1998 e RDL 4/2000 que modifica a anterior, e aprobación da Lei de Ordenación Urbanística e de

Protección do Medio Ruiral de Galicia (Lei 9/2000, de 30 de Decembro). Amáis diso, hai que ter en conta os numerosos cambios habidos na lexislación sectorial (estatal e autonómica) en materias como as infraestructuras de comunicación, o patrimonio cultural, o medio ambiente, os recursos hídricos, a vivenda, a construción, e un longo ecétera.

- b) Foi igualmente preciso reformar o corpo normativo tamén como consecuencia das determinacións que conleva o cambio de modelo. Hai que pensar que agora se autorizan tipoloxías edificatorias novas e que o modelo exige unha maior capacidade técnica e de xestión por parte do concello, cuxa regulación lóxicamente se desenvolve na propia normativa.
- c) Amáis diso, houbo que engadir os pequenos cambios demandados e aconsellados pola experiencia de aplicación das NN.SS. que xa leva máis de dez anos no que respecta á revisión vixente e que, no que respecta ao corpo central normativo, habería que falar de quince anos (tendo en conta que as primeiras Normas Subsidiarias foron aprobadas en 1985).

Por elo, vímonos na obriga de adoptar un modelo de corpo normativo distinto.

De calquera xeito e pesie a sermos conscientes da complexidade que conleva hoxe calquera sistematización normativa neste eido, tentamos que o modelo de “*Normativa Urbanística*” fose o máis sinxelo posible.

## 2) Criterios sobre a diferenciación de zonas.

Entendimos e así o fixemos patente no Avance de Planeamento, sen que ninguén o contradixera que para a Zona de Arriba a diagnose xa indicaba que non eran precisos grandes cambios, nin no que respecta á normativa de usos nin no que se refire á regulación do feito edificatorio. Se acaso, reforzar as determinacións que preserven os recursos productivos básicos, tanto agrogandeiros como forestais, pero co criterio de prioridade daqueles fronte a estes. A ordenación que agora se vai tramitar basease nese criterio.

Pola contra, na Zona de Abaixo, amén de se ver moi minorada a superficie onde se dan e, por elo, onde habería que protexer estes recursos, a diagnose aconsellou ensaiar un

tratamento lixeiramente diferente. Todo elo respondendo a esa distinción que ven de vello entre as dúas grandes zona do Termo Municipal. O presente documento recolle ese criterio e opera en conseqüencia, mesmo para a consideración dos asentamentos ou núcleos rurais cuxo tratamento se diversifica.

### 3) Cambios normativos de maior significación.

O modelo territorial e urbano que o presente PXOM desenvolve para o Termo Municipal de Brión, parte de considerar:

- a) A existencia de **dúas áreas urbanas**: a) Unha moi nidia e central, que é a que se prevé desenvolver para o triángulo Pedrouzos-Tremo-Alqueidon; e, b) a que se prevé en Bastavales (Sabaxáns-Soutullos), que se constitúe no segundo dos focos con vocación urbana aínda que, de menor intensidade.

Nesas áreas, e sobre o viario de maior importancia plenamente incorporado ás funcións urbanas (C-543, AC-451 e AC-3000), e logo de ter recollido múltiples suxerencias antes e despois de ser sometido a información pública o Avance de Planeamento<sup>35</sup>, permítense edificacións de tres andares (Pranta Baixa e dúas plantas altas). Caso de esgotar este máximo, a normativa do PXOM couda con efectividade a posibilidade do aproveitamento baixo cuberta para usos vivideiros como se prevía ata o de agora

No resto do solo urbano e a este respecto, se mantén no esencial os parámetros da normativa actual.

No **solo urbano non consolidado** prevense igualmente dúas ordenanzas básicas:

- a<sub>1</sub>) Aquela onde se permite a tipoloxía de bloque aberto de catro plantas ou andares (PB+3 PP.AA).
- a<sub>2</sub>) Aquela onde só se permite a tipoloxía de vivenda unifamiliar (exenta, pareada ou adosada), de dúas plantas.

A diferenza entre solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado ven exixida pola lexislación vixente e correspóndese con criterios obxectivos; e, polo

---

<sup>35</sup> Maioría, en calquera caso fronte a algunha suxerencia que se amosou partidaria de deixar as cousas como ata agora.

mesmo, non devén de criterios discrecionais de quen formula o planeamento. Por exixencias igoalmente legais, todo o solo urbano non consolidado subdivídese en áreas de reparto (e, no seu caso, polígonos), cuxa delimitación figura definida en planos de ordenación e nas Fichas que figuran no documento de Normativa Urbanística. Neste senso o criterio aplicado foi o de establecer áreas de reparto de maior superficie para a ordenanza de edificación colectiva (UNC1), e de menor para as de edificación unifamiliar (UNC2).

**b) A existencia de solo urbanizable sectorizado e de solo rústico apto para urbanizar.**

b<sub>1</sub>) No primeiro suposto conteñense dúas propostas:

- Un **sector de solo urbanizable comercial**, co uso industrial compatible, do monte de Perros, de iniciativa pública (a desenvolver por Xestur (A Coruña).
- Un sector de solo residencial que no documento para aprobación incialse incluía dentro do solo urbano consolidado, pero que por mor da aprobación da nova lei (LOUG), foi preciso trocar esa clasificación pola de solo urbanizable. e de iniciativa privada e existe concertación coa propiedade. ao se tratar dun só propietario fíxase como sistema de actuación e de concerto, e dado o nivel de desenvolvemento plasmado no documento para a aprobación inicial entenderon as partes que era comenente que o Plan Xeral contivese a ordenación detallada, conforme se permite no artigo 57,2 da LOUG.

b<sub>2</sub>) No segundo suposto (solo rústico apto para urbanizar), manteñense as previsións contidas no Avance co engádego das agora excluídas do Polígono de Perros, que pasarán a ser solo rústico apto para urbanizar. En ambos casos, de calquera xeito, fíxanse con rigor as condicións para o desenvolvemento urbanístico.

c) Para os **núcleos rurais** de todo o concello distínguese como xa dixemos entre as áreas do solo orixinario ou núcleo tradicional e o solo por onde medraron e se prevé que medien estes núcleos, ao que se denomina zona de expansión, facendo igoalmente, distinción entre os núcleos da Zona de Arriba e os da Zona de Abaixo, tanto no que respeita ás zonas orixinarias como ás de expansión, aínda que máis



especialmente no que respeita a este último, facendoo cos parámetros tais como: tamaño da parcela, porcentaxe de ocupación ou, mesmo os usos permitidos.

- d) No **solo rústico especialmente protexido**, e en consonancia coa letra e espírito da LOUG o Plan non permite máis edificación que aquela que se permite ou pode chegarse a autorizar, segundo os casos, cunha ordenación que persegue a protección dos distintos valores existentes neste solo.

#### 4º) **Mención especial á ordenación da nova cidade no xardín de Brión.**

No Avance de Planeamento que estivo a exposición pública xa dicíamos que o territorio Leste de Brión ven de ter un desenrolo, aínda que compensado, dunha maior complexidade co do resto das áreas do Concello. O incremento sostido de actividades, tanto de servicios como de pequena industria, en detrimento das actividades propias da súa orixe agrícola, correspóndese coa aparición dunha serie de construcións que no marco das Normas Subsidiarias vixentes, viñéronse a adaptar ós espazos onde era posible o seu acomodamento.

Sen dúbida, a realidade física desta parte do Concello viña determinada polo val da Amaía. Dende a zona alta nas Torres de Altamira, ata o seu pé, na zona de Perros, as terras de Brión vanse pregando ata configurar un continuo que marcan e determinan non nidieza os cursos dos ríos Pego e Sar. Que decorren estes ríos perpendiculares ao val, e, no caso do Pego, facéndose presente na zona central unindo co seu curso as áreas de maior densidade edificatoria, como son O Tremo, Alqueidón, Monte Balado, Aldea do Pego, Urbanización Hortensia, etc. ata chegar a Liñares e, mesmo ata Pedrouzos. Que o xeremolo natural da zona baixa do Concello en tanto que territorio onde se producíu a xustaposición de pequenos asentamentos construídos, unidos mediante os eixos das estradas Santiago-Brión e Negreira-Picaraña, seguía a ser hoxe un elemento configurador importante da realidade construído nesta zona, na que a tipoloxía dominante aínda segue a ser a vivenda unifamiliar aillada, con fronte ao vial, de baixo máis unha planta, con parcela alongada perpendicularmente a ese vial e nalgúns casos – cada vez menos- traballada para usos agrícolas. Que estas construcións que configuran un continuo construído se completan con outras que se ergueron nos intersticios entre

os viais principais e a rede de pistas que estruturan este espacio. Que estas construcións de tipos semellantes aos xa descritos foron formando os distintos núcleos primixenios da zona baixa de Brión: de Brans, Cabreiros, Lamiño, Riazoas, Liñares, Adoufe, Guitiande, O Tremo, Alqueidón, etc...etc. Estes núcleos que naceron como elementos aillados, veñen de ser cosidos agora pola rede de viais existente provocando un conxunto heteroxeneo, de realidades diversas, pero complementarias, sen que se deba esquecer que aínda que cunha orixe parella, cada un destes núcleos posúe caracteres propios aínda que evoluiron de xeito diferente.

Que nesta configuración, e como consecuencia dos cambios operados na realidade económica e social nestes últimos lustros (e á que xa fixemos mención comprida), xurdiron un conxunto de novas construcións adscritas á demanda de vivenda existente na área metropolitana de Santiago de Compostela. Que nesta liña, as urbanizacións que se están a construír ou que xa se realizaron na área de Alqueidón e Os Ánxeles son a resposta que os axentes inmobiliarios deron a aquela demanda. A realidade é que, aínda mantendo unha escala de referencia e un modo de asentamento permitido nas Normas Subsidiarias vixentes, este tipo de novas construcións amosaron un canon construíble que non toma como referencia as propias recomendacións da normativa tipolóxica do planeamento vixente baseadas no quefacer propio do conxunto de Brión, senón que alicerzan no modelo que adoito se ensaia nas áreas metropolitanas xurdidas no contorno de grandes núcleos urbanos. Que isto levou á construción de conxuntos alleos ao territorio onde estas urbanizacións se asentaron, con regras de seu e cun grao de ensimismamento, de peche nelas mesmas, moi elevado, que derivou nunha discontinuidade no territorio, cousa que, se ben non é irremediable, condiciona certamente o modo de actuar futuro en toda esta área.

Aínda que no que respecta á construción residencial, temos que falar de elementos de conflito a ter en conta á hora de configurar un modelo territorial que eiquí ven supor unha nova estratexia no modo de asentamento futuro, no que se refire aos elementos que completan a realidade construída de Brión, podemos falar dun modo máis optimista. O sistema de equipamentos públicos ven de completarse, paseniña pero decididamente nesta zona baixa do Concello, cunha rede de elementos axeitada á realidade actual. Neste sentido tanto os equipamentos xa existentes como a serie de espazos reservados

para este uso que xa posúe a colectividade, aseguran unha razoable correspondencia entre o número de usuarios e o seu bo funcionamento. Neste sentido o esforzo por parte do Concello na dotación de servizos urbanísticos e na consolidación dunha rede de vías de comunicación co resto do Concello, pódese considerar proporcionado ao volume de ocupación e habitabilidade do territorio existente. Pero as disfuncións provocadas por ese novo modo de asentar e construír van en aumento.

No momento actual, e polos factores xa comentados na introducción, atopámonos nun punto de inflexión, que provoca xa que logo, a necesidade de plantexar un novo modelo que encare os problemas e as incertidumes que están a producirse no desenrolo do Concello.

Velaí que a este modelo se lle pida que recolla os diversos factores que o fan continuador do xa experimentado na década dos oitenta e na década dos noventa, pero que, ao tempo, teña moi en conta estes caracteres propios desta nova xeira. Temos que suliñar que aínda que o marco xeográfico e ideolóxico segue a ser o mesmo, o marco socioeconómico tornou, e é este Plan Xeral para a primeira década do século XXI o que lle que ten que dar unha resposta ás novas demandas. Entre éstas destacamos.

**O feito que supón que agora Brión forme parte da área metropolitana de Santiago de Compostela** supera aquela situación na que Brión se prantexaba coma un núcleo no que a influencia social da capital de Galicia era menor e, mesmo, cativa. Antre outras razóns, aquela situación mudou pola dificultade de desenrolo dos propios Plans Xerais de Compostela. Os movementos masivos de poboación que se produciron<sup>36</sup> acabaron determinando o crecemento de Brión, sendo este un valor incuestionable que non se pode deixar ao albur por máis tempo. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Brión tiña que dar resposta a esta demanda, propoñendo solucións que axudasen a que este Concello non sexa unha alternativa forzada ao caos pola migración masiva cara ás periferias por parte de xentes que non atopan mellor acomodo residencial en Santiago. Dende o P.X.O.M. tendo en conta a natureza do problema, entendemos que se lle da unha solución que depende fundamentalmente do seu propio carácter e das potencialidades de Brión. Fuxíuse da aplicación de solucións forzadas pola urxencia e carantes de propostas globais adaptadas a un territorio determinado.

---

<sup>36</sup> Tanto cara a Compostela en procura de emprego, como cara a Brión en demanda de vivenda.

Pola contra, entendendo que estes movementos migratorios son necesidades tornadas en realidade, fixemos desa realidade un elemento de crecemento, respetuoso, coherente e contemporáneo.

**A diversificación da oferta e da demanda.** Esta zona do Concello, xa non só pola densidade de poboación futura, senón pola actual, é susceptible de acoller novas formas de produción de moi diverso tipo. As novas actividades económicas, algunhas delas continuación das que xa se veñen facendo, obríganos a un esforzo a prol da súa adaptación ao territorio no que se encadran. Non falamos só de actividades do sector servicios, adscritas as necesidades dunha maior densidade residencial de tipo urbán, senón tamén do pulo que precisan ás actividades compatibles inscribibles no sector industrial, permitindo tanto o seu desenrolo como á creación de novas industrias. Falamos dunha industria “urbana” no sentido de convivencia co construído, de respecto co medio no que se instala. Unha industria que permite un crecemento diverso sen necesidade de destruír o territorio no que se encadra; todo o contrario das actividades industriais de enclave.

**As novas formas de comunicación.** A evolución das formas de comunicación xunto coa evolución dos sistemas xerais de vertebración do territorio, permiten unha diversificación das formas de vida actuais. Non faremos aquí un discurso pretencioso da evolución da comunicación máis si temos que recoller a realidade que supón o progresivo crecemento das formas de comunicación unida ao desenrolo da mobilidade física. É este un factor primordial no crecemento coherente polo que ten de actual e de natural.

**5º) Brión: O deseño dunha unha vila contemporánea.**

No Avance de Planeamento non só se contemplaba a necesidade de ensaiar para Brión un novo modelo territorial, senón que se avanzaban tamén os perfís básicos do que coidamos pode ser o deseño dunha vila de hoxendía. Agora complétase a súa configuración e descripción.

**O modelo físico.**

A necesidade de formalizar un soporte que dese cabida a todos estes supostos, foi o punto de partida do P.X.O.M.. A ese soporte se lle impuña unha condicionante: que fose quen de permitir un desenrolo coerente coas peculiaridades do territorio existente e ao tempo responder ás forzas que se impoñen.

Estábamos e estamos convencidos de que a forma de permitir o desenvolvemento e aparición de novas formas construídas en áreas aquelas da zona baixa do Concello tiña que se basear en dous presupostos fundamentais: o **deseño dunha nova trama viaria alternativa e complementaria** da existente e a **proporcionalidade entre esas novas formas** construídas e a **cantidade de solo que se libera** polo feito da súa construción máis concentrada.

**O deseño dunha nova trama viaria alternativa e complementaria da existente.** A configuración actual baseada nos trazados Santiago-Noia e Negreira-Picaraña e complementada pola rede de pistas que cosen os diversos núcleos, non é suficiente nin en dimensión nin na forma do seu trazado. Considerando a demanda potencial dos asentamentos futuros necesítase completar a rede co deseño dunha nova malla que a soporte. A consideración que se adoitaba elixir ata o de agora, consistente en ampliar as dimensións actuais do viario, preséntase neste momento como unha actitude incoerente e desproporcionada co obxectivo que se persegue. Pola contra, xulgábase (e o resultado da exposición pública non modificou a nosa consideración) que se precisan uns trazados alternativos, de nova creación que non desvirtúen a escala dos actuais. Trazados compatibles, que non destrúan a identidade dos camiños e sendas que definen e, xa que logo, posúen o carácter do territorio onde se localizan en tanto que preexistencias que hai que tratar aqueladamente. O feito de que, polo común, permanezan, na súa escala e trazado orixinais, significa conservar e recuperar parte da paisaxe e configuración territorial, consecuencia do transcurso do tempo.

Pola outra banda, o trazado complementario de nova factura, -limitado sempre ás funcións demandadas- responde a valores de tempo, interconexión e desprazamento. A ningún se lle escapa que os actuais eixos vertebradores desta zona baixa do Concello, isto é, o vial Santiago-Noia e o vial Negreira-Picaraña, foron devindo en estradas dunha elevada densidade de tráfico mais tamén en viario urbano, en rúas mesmo deseñadas como boas pero incapaces de cumprir ben ningunha das dúas funcións: non son acaídas para o trafego de paso nin tampouco compreen de cheo o rol de vía urbana. O feito de prever novos viais, de trazado e sección máis axeitados, permite devolverlle aos primeiros o seu carácter orixinario, de rueiro, de *menor velocidade*, de gañar a rúa para a cidade.

Como xa se dixo á hora de prefigurar os elementos do sistema xeral de comunicacións, dúas son as vías principais da nova rede:

Unha é a implantación da autovía Santiago-Noia. O seu trazado, no seu paso polo Concello, localízase na zona baixa, na transición dos núcleos de Pedrouzos e Lamiño, con Adoufe e Guitiande. Este vial, non só polo que significa o feito de achegar aínda máis o Concello de Santiago de Compostela co de Brión, senón polo propio feito físico

da súa implantación, forzosamente condiciona a totalidade da rede viaria futura. Este trazado preténdese que veña acompañado do trazado dunha rúa de menor dimensión, en parte decorrendo paralela ao anterior, e aproveitando a súa zona de afección leve ata o enlace que se prevé á beira do Pego, e da estrada AC-451. Isto vai permitir dispor dun vial que descargue o fluxo que se producirá como consecuencia da chegada a esta zona.

Logo de analisada a cuestión á luz dos aportes das suxerencias xe se entendeu que o segundo vial previsto como trazado alternativo, de unión entre Brans-Pedrouzos e Perros debería modificarse, suprimindo o treito entre o primitivo enlace e Brans, xa que ese percorrido era topograficamente complicado e poderíase efectuar unha pequena volta a traveso da vía rápida. E máis tarde, cando xa se definíu o carácter de autovía e se fixo necesario mover o lugar de enlace entendimos que xa non tiña sentido o vial Perros-O Tremo-Adoufe-Lamiño, pero si outro que enlázase con aquel para evitar o tráfico de paso polo centro de Os Anxeles en Soigrex e Alqueidon. Este trazado, amén de dar satisfacción a moitas alegacións resolve con menor incidencia territorial e menor complexidade urbanística, a función da variante da AC-451 e conecta de xeito máis directo os tráfico que dende o sur do Concello se dirixen a autovía, ou posteriormente se dirixan a Negreira sen necesidade de contar Pedrouzos.

**A proporcionalidade entre as novas formas construídas e a cantidade de solo que se libera polo feito da súa construción.**

A formalización deste desenvolvemento socioeconómico previsto para Brión, necesita nesta zona Baixa dun modelo axustado ao lugar onde se produce.

Este modelo explorou o carácter que debe ter un asentamento de vocación urbana a inserirse nunha paisaxe tan preservada como a que actualmente existe no contorno de Brión. Velaí que conservar a presenza da paisaxe implicaba tratar de pensar **un modelo de asentamento no “campo” que amosase a memoria histórico-natural do lugar**. Se esta parte do val da Amaía perde a súa natureza orixinaria e devén disfrazada de cidade, **queremos que non amose ningún síntoma de culpabilidade por erosionar a natureza**. Se isto acontecer, perderíase a esencia caracterizadora deste lugar e desfigurariámos a personalidade do val.

Xa que logo, a definición da proposta que agora xa se define, aínda que se pode considerar axustada, -e mesmo para algúns nítida- trata en realidade de establecer unhas regras de xogo que permitan que, non sexa definitiva a posición exacta das cousas: éstas poden variar, ou írense axustando co tempo, sen que por elo cambie o carácter da actuación.

Velaí que se prevexan **unhas unidades de asentamento que amosan un perfil máis ou menos regular**, que tratan de **combinar tanto un espacio exterior con vocación de campo como un espacio interior urbano** onde ten lugar a **sociabilidade** propia do ser humano. As edificacións principais, en bloques abertos, -con diferentes tratamentos de ocupación en planta baixa- insírense dun modo ordenado, estudado, analizado, para **conservar o fundamental das preexistencias naturais, internas e externas á actuación**, permitindo distancias adecuadas entre os mesmos, pero **formando un conxunto único e coesionado**. No básico, estamos certos de que a solución dada a esta parte da nova cidade no xardín, lonxe de perxudicar a imaxe actual do territorio brionés de Pedrouzos e Os Anxeles, entendemos que a vai sublimar, pois a ordenación dada aquí baseouse no único modo que hai de facer casar natureza e artificio, tradición e modernidade, vivenda colectiva e individual, edificación e espacios libres, vida comunitaria e dotacións equipamentais.

### **Áreas de desenvolvemento.**

Con estes plantexamentos delimítanse nesta zona, como xa se deixou dito, varios tipos de solo:

**O solo urbano consolidado adscrito aos viais urbanos principais existentes.** Nestas áreas preténdese consolidar o tipo de edificación existente e, en termos xerais o modo de agregación actual, vivenda unifamiliar de baixo e unha planta con baixocuberta, unha alternativa que se xulga que non vai desvirtuar a previsión dunha edificación de planta baixa e dúas plantas altas, desaparecendo a posibilidade de construír unha planta no espacio baixo cuberta.



**O solo urbano consolidado de núcleos primixenios.** Aquel que estando xa fóra da zona de afección dos viáis principais urbanos, pertence a núcleos primixenios hoxe de cheo na trama urbana. Nesta zona mantense a tipoloxía actualmente permitida de baixo e unha planta con baixocuberta.

**O solo urbano non consolidado de asentamento urbano no xardín.** Trátase das unidades de solo que rodean os solos antes mencionados, e que se ven limitados polas trazas dos viáis perimetrais de nova creación e estruturados polo novo viario urbano e o vello preexistente. Son áreas que neste momento teñen unha densidade de ocupación baixa, e que pola configuración resultante dos novos trazados viarios, entendimos que deben ocupar unha posición central no conxunto da zona baixa do Concello de Brión. É nestas áreas onde se vai desenrolar un tipo de edificación acorde coas necesidades futuras do Concello. Edificacións concentradas, en tipoloxía de bloque aberto, permitindo alturas de baixo –con diferentes porcentaxes de ocupación, e tres plantas altas, que ao mesmo tempo que **formalizan as edificabilidades** necesarias para un **rendemento óptimo dos recursos, liberan grande cantidade de solo** conseguindo que o continuo verde, propio deste val, non se desfigure. Aspecto este que, como fica nidio logo de todo canto se leva dito, semellaba ser cuestión cardinal á hora de modelar este asentamento urbano. Falamos de operacións polo común conxuntas, que demandarán un nivel de xestión e cooperación elevado para poder desenvolverse coerentemente. Esta xestión será a chave para non desvirtuar o que Brión é, e o que este modelo propón: outra maneira de seguir sendo fidel a todo o proceso de desenvolvemento urbanístico recoñecido por unha inmensa maioría de cidadanos (de dentro e de fóra do Concello).

**O solo urbano non consolidado de menor densidade.** Son zonas que se axustan ao epígrafe de urbano non consolidado polas súas características, pero que pola súa posición, demandan unha ocupación extensiva, máis axustada á escala actual de Brión, de vivenda unifamiliar de baixo e unha planta.

O **solo urbanizable**. Aquí, adscrito a operacións concertadas de altas prestacións dotacionais, tanto en sistemas xerais como en sistemas locais, con porcentaxes de cesións de terreos superiores en máis do 200 % ás fixadas na LOUG.

O **solo dos núcleos rurais**. Dentro destas áreas de maior expansión que han configurar a cidade no xardín prodúcese decote unha tanxencia ou proximidade con zonas que pola súa configuración actual, son núcleos rurais e dos que se pretende o mantemento do seu carácter. Salientar dentro deles, os núcleos de Adoufe e Guitiande, por unha banda, ou Liñares, pola outra. Estes solos van permitir que exista unha diversidade dentro das zonas de maior crecemento, e a convivencia de áreas de maior densidade con outras de tipoloxías diferentes e densidades menores nun todo que nada obsta a que sexa harmónico, a pouco que o concello poida dispor da capacidade e de xestión para coutar calquera tento de desvirtuar o carácter de cada xeito de asentar.

#### **Os equipamentos e áreas libres.**

Os novos equipamentos previstos, polo xeral, localízanse anexionados aos viais de novo trazado, -nomeadamente os incluídos no correspondente sistema xeral- facilitando así que os seus usos **non se vinculen únicamente ás zonas de influencia directa senón a todo o Concello de Brión e mesmo, nalgún caso, aos colindantes.**

Nas previsións actuais e amáis daqueles previstos no regulamento de planeamento para as zonas en proceso de desenvolvemento, teríamos que salientar o parque deportivo que se prevé na zona de Riazos, onde o desenrolo dun sector de solo urbanizable xa con planeamento desenrolado, asinable ás áreas denominadas de *asentamento urbano no xardín* permitirá destinar unha parte do solo para este uso. Este equipamento conleva áreas deportivas ó aire libre xunto cunha zona polideportiva cuberta cos servicios propios destas: piscina, ximnasio, squash, etc... Tamén a previsión de notorio incremento superficial da área equipamental de Lamiño, situada no centro da futura cidade.

Recalcar por último o carácter proposto para os espacios libres, como elementos remanentes da edificación. Buscouse que a construción que se ha erguer aquí non

destrúa ou, destrúa o menos posible o que hoxe existe. Falamos de vexetación autóctona, da ripícola de cursos de ríos e tamén da que baliza camiños. Polo tanto, a urbanización só terá que aproveitarse do que o territorio xa lle aporta. Facelo dun modo respetuoso e coerente coa protección que esta área e todo o val da Amaía demandan para sí. Deseñouse un continuo de solo libre, como xa se dixo, non só determinado polos sistemas xerais, senón pola xustaposición das áreas verdes, conseqüencia de cada unha das actuacións individuais. Este feito hase ver complementado pola asignación dun solo libre á zona de afección do río Pego dende a ribeira do Sar ata Riazos, que permitirá un eixo verde que vai coser as áreas de potencial edificación e conectar co parque urbano previsto na área de afección do corredor rápido. Aquel eixo permitirá unha senda continua que complementa o continuo verde e ofrece dúas alternativas de entrada e saída no percorrido sen deixar de andar por espazos libres públicos.

Isto non vai supoñer máis que aplicar analóxicamente a metodoloxía encetada hai algúns anos, coa recuperación e posta en valor da área do balneario do Tremo, de resultado indudablemente positivo para o Concello. Aquel camiño ten hoxe un reflexo neste modelo de vila proposto para Brión.

A adecuación dos modos de vida actuáis a este Concello, diverso e respetuoso, conleva a responsabilidade da contemporaneidade. Entendíamos –e así se manifestou no Avance- que Brión non pode mirar cara outro lado, aínda que os momentos actuáis, ambiguos e impredecibles, fagan difícil a loita por manter unha identidade. Por iso, **a proposta que se contén neste documento é pretenciosa pois non pretende ser neutral. Conleva a decisión por dar un paso adiante e transformar Brión nunha Vila Contemporánea.** Conseguilo ou non tamén é cuestión de vontade política de participación social e de compromiso das forzas económicas.

**ANEXO:  
CADROS RESUMO DE SUPERFICIES**

**RESUMO DE SUPERFICIES.**

<b>I) TERRITORIO NO SEU CONXUNTO</b>	
1. Solo Urbano	199,6 Ha. <sup>37</sup>
2. Solo de Núcleos Rurais:	
a) Orixinario:	392 Ha
b) de expansión:	484 Ha
	<hr/>
	1.075,6 Ha.
3. Solo Urbanizable:	
a) Urbanizable 1	9,6 Ha.
b) Urbanizable 2	22,8 Ha.
	<hr/>
	32,4 Ha.
4. Rústico apto para urbanizar	
a) Industrial	18 Ha.
b) Outros usos	204 Ha.
	<hr/>
	222 Ha.
5. Equipamentos forra do solo urbano:	8 Ha.
6. Espacios libres forra do solo urbano:	
a) De sistemas locais	3,3 Ha.
b) De sistemas xerais:	
. Parques Naturais	5,5 Ha.
. Parque Forestal:	20 Ha.
Outros	2,3 Ha.
	<hr/>
	31,1 Ha.

---

<sup>37</sup> Desenvolve a cualificación no Capítulo II.

**7. Solo rústico protexido:**

a) Agropecuario	1.212 Ha.
b) Forestal	3.348 Ha.
c) recursos hídricos	455 Ha.
d) Monte Alto	838 Ha.
e) Pequenas masas arboladas	99 Ha.
f) Espacios naturais	63.4 Ha

---

6.015,4 Ha.

**TOTAL MUNICIPAL** 7.385 Ha.

II. RESUMO SUPERFICIES ORDENANZAS EN SOLO URBANO

ORDENANZA	PEDROUZO S-OS ANXELES (m <sup>2</sup> )	BASTAV ALES (m <sup>2</sup> )	TOTAL (m <sup>2</sup> )
<b>SOLO CONSOLIDADO</b>			
1. UC-1	310.638	204.878	515.516
2. UC-2	441.978	194.717	636.695
3. UC-3	193.718	-	193.718
<u>ORDENANZAS CONDOLIDADO</u>	946.334	399.595	1.345.929
<b><u>SOLO NON CONSOLIDADO</u></b>			
<u>UNC 1</u>	23.400	-	23.400
<u>UNC 2</u>	46.021	-	46.021
<u>ORDENANZAS NON CONSOLIDADO</u>	69.421	-	69.421
<b><u>DOTACIÓNS: ESPACIOS</u></b>	<b>SS.XX</b>	109.623	332
<b><u>LIBRES PÚBLICOS:</u></b>	<b>LOCAIS</b>	57.432	
<b><u>ESPACIOS LIBRES PRIVADOS:</u></b>		73.486	-
<b><u>EQUIPAMENTOS</u></b>		87.034	-
<u>TOTAL DOTACIÓNS</u>		327.575	2.565
<b><u>VIARIO</u></b>		176.413	74.228
<u>SUPERFICIES TOTAIS</u>		1.519.743	476.388
			1.996.131

<sup>38</sup> ESPACIOS LIBRES DE SISTEMAS XERAIS EN SOLO URBANO: 122.059

<sup>39</sup> EQUIPAMENTOS DE SISTEMAS XERAIS: 61.460 m<sup>2</sup>

DATOS COMPARATIVOS (ESTANDARES DOTACIONES en m<sup>2</sup>)

TIPOS DE DOTACIONES	(A) S/N C e S. Prov. A Coruña		(B) S/ PXOM Brión	(C) DIFERENCIAS	(D) ESTAMNDAR PXOU
	I. EQUIPAMENTOS				
a) Educativo	3	19.500	40.100	+ 20.600	6,16
b) Sanitario	0,1	650	752	+ 102	0,11
c) Deportivo	2	13.000	75.170	+ 52.170	10,02
d) Sociocultural	1	6.500	13.293	+ 6.793	2,04
e) Outros	2	13.000	54.512	+ 41.512	8,38
<b>TOTAL EQUIPAP.</b>	<b>8,1</b>	<b>52.650</b>	<b>173.827</b>	<b>121.177</b>	<b>26,74</b>
II. ESPACIOS LIBRES	<b>2</b>	<b>13.000</b>	<b>561.249</b>	<b>548.249</b>	<b>86,34</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>10,1</b>	<b>65.650</b>	<b>735.076</b>	<b>669.426</b>	<b>113,08</b>



**COMPARACIÓN DE ESTANDARES DOTACIONAIS EN TODO O  
TERRITORIO**

	S/N.S. PROVINCIAIS (A) (m <sup>2</sup> )	PXOM (B) (m <sup>2</sup> )	DIFERENCIA (A-B) m <sup>2</sup>
Equipamentos	52.650	173.827	+ 121.177
Espacios libres	13.000	561.249	+ 548.249
TOTAIS	65.650	735.076	+ 669.426
M <sup>2</sup> /Hab.	10,1	100,39	+ 90,29